

Número 3 - Ano 2023

ACTA

da sesión ORDINARIA, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día

30 de marzo de 2023

No Salón de Sesiões do Excmo. Concello de Lugo, sendo ás dez horas e dezaoto minutos do día trinta de marzo de dous mil vinte e tres; baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa, DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, reúnense os concelleiros e concelleiras DON RAMÓN CARBALLO PÁEZ; DONA MARÍA CARMEN LÓPEZ SILVA; DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO; DONA BEATRIZ ISABEL VÁZQUEZ BELDA; DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO; DONA SAGRARIO SÁNCHEZ RAMIL; DON ÓSCAR POY FRANCO; DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO; DONA MARÍA CRISTINA ABADES MARTÍNEZ; DON MANUEL RAFAEL PÉREZ-PRADOS; DON ÁLVARO SANTOS RAMOS, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área de Sostibilidade Urbana; DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde da Área de Gobernanza, Economía e Recursos Humanos; DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área de Cohesión Territorial; DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cohesión e Dinamización Social; DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBAN, Concelleiro Delegado de Xuventude e Deportes; DONA MARÍA OLGA LÓPEZ RACAMONDE, Concelleira Delegada de Benestar Social, Inclusión e Persoas Maiores; DONA SILVIA ALONSO PÉREZ, Concelleira Delegada de Muller e Igualdade; DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área Mobilidade e Infraestruturas Urbanas; DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua; DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS, Concelleiro Delegado de Infraestruturas Urbanas; DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Ilma. Tenenta de Alcalde da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza; DON FELIPE RIVAS JORGE, Concelleiro Delegado de Educación e Difusión do Coñecemento; DONA MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ e DON JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluída a presidenta.

Dá fe do acto o Secretario Xeral do Pleno, don Rafael José del Barrio Berbel, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Manuel Vázquez Fernández.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8554978884183442785.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-3-2023

Desde as once horas e trinta minutos ata as once horas e cincuenta minutos produciuse un receso da sesión debido a que problemas técnicos impedían a gravación das intervencións e o control dos tempos destas.

A presente sesión foi convocada por resolución da alcaldía de data 27 de marzo de 2023 e notificada por secretaría aos membros da Corporación conforme ao seguinte ORDE DO DÍA:

1/30 APROBACIÓN DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓN ORDINARIAS DO EXCMO. CONCELLO PLENO, CELEBRADAS OS DÍAS 29 DE DECEMBRO DE 2022 E 26 DE XANEIRO DE 2023.

A) PARTE RESOLUTIVA

LICENZAS URBANÍSTICAS

2/31 ORDENANZA DA TRAMITACIÓN DOS TÍTULOS HABILITANTES DE NATUREZA URBANÍSTICA E DAS ACTIVIDADES. PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA.

INTERVENCIÓN

3/32 RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 5/2023, CO REPARO NÚM. 13/2023.

4/33 RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 6/2023.

5/34 RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 7/2023, CON REPARO NÚM. 14/2023.

6/35 RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 8/2023. COMUNIDADE DE PROPIETARIOS MILAGROSA 66. SEGUNDO SEMESTRE DE 2022.

PROPOSICIÓNS

7/36 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 77/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA POÑER EN MARCHA MÁIS DOTACIÓNS PARA O BARRIO DO CASTIÑEIRO E A MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM PARA QUE UNHA PARCELA PÚBLICA CAMBIE O SEU USO A DOTACIONAL (Exp. 2023/G004/000207).

8/37 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL, NÚMERO 78/2023 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á FINALIZACIÓN DO PLAN PARADAI E AO ARRANXO INTEGRAL DA RÚA SERRA DE MEIRA (Exp. 2023/G004/000222).

9/38 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, NÚMERO 79/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA E AO GOBERNO DO ESTADO A PULAR PARA QUE SE INCLÚA A LUGO NO CORREDOR FERROVIARIO DE MERCADORÍAS DO EIXO ATLÁNTICO (Exp. 2023/G004/000223).

10/39 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, NÚMERO 80/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A FACER UN INVESTIMENTO NA ZONA DA TINERÍA (Exp. 2023/G004/0000224).

11/40 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 81/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA APROBAR DE XEITO URXENTE A TRAMITACIÓN DO PXOM QUE XA CONTA CON INFORME FAVORABLE DA XUNTA DE GALICIA (Exp. 2023/G004/000225)

12/41 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 82/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA SOLICITAR A DESCULPA, RECTIFICACIÓN E CESAMENTO INMEDIATO DA MINISTRA E DA SECRETARIA DE ESTADO DE IGUALDADE (Exp. 2023/G004/000226).

13/42 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 83/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTARLLE AO GOBERNO DE ESPAÑA O CORREDOR ATLÁNTICO DE MERCADORÍAS COMO INFRAESTRUTURA PRIORITARIA (Exp. 2023/G004/000227).

14/43 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 84/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INCLÚIR A LUGO NO CORREDOR FERROVIARIO ATLÁNTICO (Exp. 2023/G004/000228).

15/44 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 85/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA IMPULSAR UN PLAN DE ACTUACIÓN ESPECÍFICO PARA O BARRIO DA MILAGROSA (Exp. 2023/G004/000229).

16/45 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO DOS SOLIALISTAS DE GALICIA-PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL, NÚMERO 86/2023 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA ÁS VIVENDAS SOCIAIS DA XUNTA DE GALICIA NO CASTIÑEIRO (Exp. 2023/G004/000230)

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8554978884183442785.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-3-2023

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

INTERVENCIÓN

17/46 DACIÓN DE CONTA DO INFORME RESUMO DOS RESULTADOS DO CONTROL INTERNO DURANTE O ANO 2022.

TESOURERÍA

18/47 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE TESOURERÍA DO MES DE FEBREIRO DE 2023.

ACTAS E GOBERNO

19/48 DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 10 DE FEBREIRO DE 2023, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS (EXP. 2023/G004/000206).

ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS:

A) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 93/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS PARA EVITAR INCIDENTES NA CONTORNA DO ESTABLECEMENTO "LAS PALMERAS".

C) DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE LUGO A PROL DA DEFENSA DOS DEREITOS HUMANOS DAS MULLERES E AS NENAS EN AFGANISTÁN.

Aberto o acto pola Presidencia e da súa orde, éntrase seguidamente no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, os seguintes ACORDOS:

1/30 APROBACIÓN DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS ORDINARIAS DO EXCMO. CONCELLO PLENO, CELEBRADAS OS DÍAS 29 DE DECEMBRO DE 2022 E 26 DE XANEIRO DE 2023.-

Vista a proposta de Secretaría, do 25 de marzo de 2023, do seguinte teor:

“O Excmo. Concello Pleno os días 29 de decembro de 2022 e 26 de xaneiro de 2023 celebrou as súas sesións ordinarias correspondentes aos citados meses, e das que se levantaron as actas oportunas que, unha vez incorporadas as intervencións nelas producidas, foron asinadas polo Secretario Xeral do Pleno e pola Alcaldesa-Presidenta.

Por todo o exposto, propónse a adopción dos seguintes acordos:

APROBAR as actas correspondentes ás sesións ordinarias celebradas polo Excmo. Concello Plenos os días 29 de decembro de 2022 e 26 de xaneiro de 2023, respectivamente.”

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 25 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE, do Bloque Nacionalista Galego e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,
ACORDA:

APROBAR as actas correspondentes ás sesións ordinarias celebradas polo Excmo. Concello Plenos os días 29 de decembro de 2022 e 26 de xaneiro de 2023, repectivamente.

A) PARTE RESOLUTIVA

LICENZAS URBANÍSTICAS

2/31 ORDENANZA DA TRAMITACIÓN DOS TÍTULOS HABILITANTES DE NATUREZA URBANÍSTICA E DAS ACTIVIDADES. PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA

Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8554978884183442785.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-3-2023

1.- INFORME PROPOSTA DO SERVIZO DE LICENZAS, do 20 de marzo de 2023, do seguinte:

“Polo Tenente de Alcaldesa delegado da Área de Sostibilidade Urbana acordouse iniciar os trámites para dotar ao Concello de Lugo da ORDENANZA DA TRAMITACIÓN DOS TÍTULOS HABILITANTES DE NATUREZA URBANÍSTICA E DAS ACTIVIDADES.

Con base no Real Decreto Lexislativo 781/1986 do 18 de abril polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, no seu artigo 56, establece que a aprobación de ordenanzas locais axustarase ó procedemento establecido no artigo 49 da Lei 7/1985 do 2 de abril.

Así como o establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases de réxime local, modificada pola Lei 11/1999 do 21 de abril, establece o procedemento de aprobación, realizándose:

1º .- Na sesión celebrada polo Excm. Concello Pleno o día 27 de outubro de 2022, acordouse :

“Primeiro.- Aprobación inicial a Ordenanza municipal reguladora da tramitación dos títulos habilitantes de natureza urbanística e das actividades que se transcribe.

Segundo.- Someter á información pública no BOP e na páxina Web e audiencia dos interesados polo prazo mínimo de trinta días, para a presentación de reclamacións e suxestións.

Se durante o devandito prazo se presentaran alegacións ou suxestións estas serán resoltas polo Pleno con carácter previo á súa aprobación definitiva.

A aprobación definitiva será automática no caso de que non se preséntase ningunha reclamación ou suxestión, debendo comunicarse esta circunstancia á Secretaría xeral do Pleno para que dea conta da aprobación na seguinte sesión plenaria que se celebre.

Aprobada definitivamente ou elevada automaticamente a definitiva a presente ordenaza entrará en vigor ao día seguinte da publicación do seu texto integro no Boletín Oficial da Provincia de Lugo previo cumprimento do prazo establecido no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases do réxime local.

2º.- A Ordenza aprobada inicialmente no Pleno, publicouse no Boletín Oficial da Provincia do 10 de novembro de 2022, e no taboleiro electrónico do Excmo Concello de Lugo, dende o 8 de novembro ao 26 de decembro de 2022.

3º.- Consta informe do Rexistro Municipal no que se indica: consultados os datos do Rexistro Xeral, Rexistro Telemático de Entrada de Documentos deste Concello e da Oficina de Intercambio, presentáronse as seguintes alegacións ao expediente de referencia: Colegio Oficial de Aparejadores y arquitectos Técnicos en data 29 de novembro de 2022, Colegio Oficial de Arquitectos de Galicia en data 22 de decembro de 2022, Asociación Provincial de Empresarios da Construción Lugo en data 22 de decembro de 2022 e Grupo Municipal Popular en data o 23 de decembro da 2022.

4º.- O Servizo de Licenzas procede a emitir informe sobre as alegacións presentadas en relación os Titulos I,II,III da ordenanza:

4º.1. Informe as alegacións presentadas polo Colexio de Arquitectos Técnicos de Lugo, en relación aos artigos seguintes:

.- Artigo 8.5.

Indica que a ocupación do dominio público é distinto do acto de outorgamento da licenza, ó non ter o mesmo obxecto. Así mesmo indica que o ESS ou EBSS, presentado no proxecto pode ser distinto do PSS presentado polo contratista que vai executar a obra, no que se indicará tanto a superficie como as condicións da ocupación da vía que se solicita.

O outorgamento da licenza exclusivamente autorizará o dereito á ocupación da vía pública, dereito que se recoñece ó outorgarse a licenza. As condicións e circunstancias do dereito á ocupación da vía, fixaranse posteriormente, polos servizos que teñen atribuídas as funcións concretas de informar e tramitar as ocupacións do espazo público. Para o cal o interesado deberá presentar a preceptiva documentación (indicación da licenza que autoriza a ocupación, documentación técnica precisa, así como póliza de responsabilidade civil e abono do pago das taxas e demais que se requiran.)

Procede desestimar a alegación

.- Artigos 9. e 25

Considerán que a declaración responsable presentada co proxecto de execución non pode substituír a comprobación do axuste do proxecto de execución ou proxecto básico.

De conformidade co establecido no artigo 143.3 da Lei 2/2016 do solo de Galicia, modificada pola Lei 18/2021, de medidas fiscais e administrativas, a solicitude para o outorgamento de licenza require de proxecto básico. Do que se desprende que o proxecto de execución non é necesario para outorgar licenza, se non para desenvolver o básico que obtivo licenza e habilitar a execución da obra. A declaración responsable documenta que o proxecto de execución suscrito polo técnico desenvolve o básico sen modificalo e cumpre cos requisitos establecidos na normativa, sen prexuízo da posibilidade doutras formas de comprobación da administración, directa ou mediante convenios. O que se complementa coas competencias que teñen os órganos da administración en materia de inspección das actividades de edificación e uso do solo.

Procede a desestimación.

.- Artigo 18.

Entenden que as prórrogas de licenzas non precisen ser formuladas antes de rematar o prazo.

Lei de procedemento administrativo 39/2015, que regula os requisitos de validez e eficacia dos actos administrativos e o procedemento administrativo común das administracións públicas, establece os principios básicos ós que se ten que axustar a potestade regulamentaria, e o artigo 32, determina que as peticións da ampliación dos prazos debe producirse en todo caso, antes do vencemento do prazo, en ningún caso poderá ser obxecto de ampliación un prazo xa vencido. A falta de concreción deste extremo ó regular os prazos de caducidade das licenzas, en

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8554978884183442785.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-3-2023

ningún caso pode vulnerar un principio básico inspirador da regulación dos termos e prazos establecidos no procedemento administrativo común, que é de aplicación á tramitación das licenzas. En consecuencia, as peticións de prórrogas dos prazos establecidos nas licenzas, deben formularse antes da súa finalización, nos mesmos termos que se recolle para as comunicacións previas de obras no artigo 363.1 do regulamento que desarrolla lei do solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, que expresamente establece a necesidade de solicitar prórroga antes de ter concluído o prazo. A aplicación nos termos formulados na alegación, vulneraría un principio básico do dereito administrativo.

Procede a desestimación

.- Artigo 22

Consideran que nas comunicacións realizadas de xeito presencial, resulta innecesario a presentación da documentación por duplicado. O resto da alegación límitase a formulación de preguntas.

A documentación por duplicado ten por obxecto poder contrastar que a documentación verificada presencialmente, coincida coa que posteriormente se incorpora no rexistro.

Procede a desestimación.

4º.2- Informe ás alegacións presentadas polo Colexio oficial de Arquitectos de Galicia seguintes:

.- Preámbulo , destaca o erro na data do Decreto, procede a corrección, quedando Decreto 143/2016.

Así mesmo suxiren a modificación do Plan xeral e da normativa municipal, cuestión allea a ordenanza.

.- Artigo 2

Entenden que debería desaparecer o termo que recolle “...e demais que resulte esixible .“

Trátase dunha formula xenérica, que evita enumeracións pechadas e deixar fóra normativas que posteriormente se aproben.

Procede a desestimación.

.- Artigo 3

Manifesta que debe ser o concello quen tramite as autorizacións sectoriais, e debe enumerar cales son preceptivas.

O Artigo 353.2 j, do Regulamento que desarrolla a Lei do solo de Galicia, establece que a solicitude de licenza conterá a documentación seguinte;copia da autorización ou dictame ambiental, así como as restantes autorizacións, concesións ou informes sectoriais cando sexan legalmente esixibles.

Enumerar todas as autorizacións esixibles, non resulta viable nunha norma de regulación xeral, xa que estas dependerán da natureza e entidade da obra que se prevé executar, da súa posición, da clasificación do solo na que se sitúe, circunstancias que so se concretan no proxecto técnico presentado coa solicitude.

Procede a desestimación.

Artigo.- 4. Indícase que en lugar de “axustan” debería dicir “adxuntan”

A expresión axustar é a utilizada polo Regulamento da Lei do solo no artigo 349.

Procede a desestimación.

.- Artigo 6

-3 Sinala que a expresión “uso ordinario” resulta ambigua entendendo máis correcto que as de uso extraordinario requiran comunicación.

b) A expresión uso ordinario vai unido, ás propias do mantemento do uso ordinario referido as obras de moi escasa entidade técnica e constructiva en inmobles catalogados. As obras de uso extraordinario excederían ás propias do mantemento.

d) Entenden máis correcto instalacións técnicas que instalacións de calquera clase. Recóllese literalmente o indicado no artigo 360 do regulamento da lei do solo.

i) Resulta ambigua a expresión locais pechados.

Recóllese nos términos do artigo 360 do regulamento da Lei do solo.

j) Os cerramentos e valados de predios recóllense tamén nas comunicacións inmediatas de xeito presencial

Os cerramentos e valados son actuacións a comunicar tanto de xeito ordinario como presencial.

Procede a desestimación.

-4

b), c), Suxírese unir estes apartados do artigo.

A alegación refírese a unha cuestión de estilo e enumeración.

Non incide no contido da ordenanza.

g) Indica que non debería excepciónar a telefonía móbil na enumeración.

O artigo non excepcióna a telefonía, exclusivamente indica a instalación que se poden comunicar de xeito presencial.

j) Insta ó Concello á aprobación de oficio das aliñacións preceptivas nos núcleos rurais.

Non é obxecto da ordenanza.

k) Entenden que a construción dun pozo ou unha fosa non debería quedar suxeita a comunicación presencial, ó requirir autorización da Confederación Hidrográfica

A entidade da actuación é o que determina que estean ou non, suxeitas a comunicación previa ou licenza, pero non o tipo de autorizacións que precise dita actuación. Todas as autorizacións sectoriais que requira a execución das obras que se comunican, deberanse obter e incorporar na documentación que debe ser presentada coa comunicación, artigo 361. 1 d) do regulamento da Lei do solo Decreto 143/2016.

l), m) Pretende unha maior definición dos traballos de limpeza e nivelación de soares e de axardinamento

Trátase de conceptos básicos de uso e utilización habitual.

Procede a desestimación.

.- Artigo 7. Actos promovidos polas administracións públicas, non suxeitos a licenza ou comunicación previa, entende que o concello debe ser exemplarizante.

As obras públicas municipais enténdense autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto, previa acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor. De conformidade co establecido pola Lei do solo art.147 e no artigo 365 do Decreto 143/2016.

. Procede a desestimación.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8554978884183442785.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-3-2023

.- Artigo 8. Actuacións urbanísticas de particulares en terreos de dominio público. Indícase que debe establecerse un límite de tempo e facer referencia ao documento no que se establecen as condicións.

O outorgamento da licenza exclusivamente autorizará o dereito á ocupación da vía pública, dereito que se recoñece o outorgarse a licenza. As condicións e circunstancias do dereito á ocupación da vía, fixaranse posteriormente, polos servizos que teñen atribuídas as funcións concretas de informar e tramitar as ocupacións do espazo público. Para o cal o interesado deberá presentar a preceptiva documentación, (indicación da licenza que autoriza a ocupación, documentación técnica precisa, así como póliza de responsabilidade civil e abono do pago das taxas e demais que se requiran.)

Procede a desestimación.

.- Artigo 9

-4. Indica que se fai necesario establecer un prazo para verificar a documentación presentada.

O prazo establécese no artigo 20 da ordenanza.

-7. Manifestan a desconformidade coa expresión utilizada en relación as licenzas e as comunicacións previas; “non poderán ser invocadas para excluír a responsabilidade civil ou penal en que incorran os titulares”.

Devén da natureza urbanística dos títulos de habilitación, que como son actos administrativos de dereito público, polo que non producen efectos na esfera das accións penais ou civís de dereito privado que poidan xurdir.

-8. Manifestan que os informes técnicos que se incorporen tamén sexan documentos públicos a todos os efectos.

Os títulos de habilitación urbanística son actos administrativos regulados pola lexislación urbanística e a Lei de procedemento administrativo común das administracións públicas. Polo que os documentos de calquera natureza que se incorporen ós procedementos adquiren o carácter de documento público.

-9. Entenden que debe informarse ó interesado para que o uso sexa o máis asimilable.

Todo os interesados nun procedemento, como solicitantes ou en defensa de intereses lexítimos, teñen acceso ó procedemento e dereito ó trámite de audiencia previo á resolución o que garante sempre a información.

- 12 Indican que para facilitar o acceso á obra débese contar previamente co coordinador da mesma.

A alegación non incide no contido da ordenanza

-14. Manifesta que a declaración responsable se limitará so, ós aspectos regulados pola licenza.

A declaración responsable a presentar co proxecto de execución que desarrolla o básico que obtivo licenza, habilita para executar a obra, e documenta que o proxecto suscrito polo técnico, cumpre cos requisitos establecidos na normativa de aplicación.

Procede a desestimación.

.- Artigo 11

-1,2 Suxírese que o texto debe recoller: “.. en ningún caso a intervención municipal controlará os aspectos técnicos, se nos procedemento intervén un técnico competente.

O contido da comprobación do proxecto vén determinada, no artigo 349 do regulamento da Lei do solo de Galicia, ó establecer que as licenzas urbanísticas se outorgarán previo comprobación de que se axustan ó ordenamento urbanístico vixente e de que reúne as condicións esixibles de seguridade, salubridade, habitabilidade e accesibilidade.

Procede a desestimación.

-3 Indican que se as obras non dispoñen de técnico redactor e director, sexa o concello quen o asuma

É obriga dos promotores nomear directores de obra cando sexa preceptivo. As obras que pola súa natureza sexan de escasa entidade constructiva e sencillez técnica poden ser realizadas sen proxecto técnico e sen dirección facultativa. As obrigas e responsabilidade dos axentes que interveñen no proceso de construción, en ningún caso poden ser asumidas polo concello.

Procede a desestimación.

.- Artigo 14. Require se precise nas resolucións non so as normas nas que se fundamente, se non os artigos.

As denegacións de licenzas deberán ser motivadas, segundo recolle o artigo 350 do Decreto 143/2016, polo que as resolucións motivadas indican os preceptos da norma ou normas que se incumpren.

Procede a desestimación.

.- Artigo 15. Indican que as letras dos carteis deben ter un tamaño lexible, con modelo normalizado e facilitado polo concello

A ordenanza xa establece dimensións e características do cartel de obra, co obxecto de facilitar a súa lectura, armonizando e unificando os mesmos.

Procede a desestimación.

.- Artigo 16. Na simultaneidade de obras e actividades, indican que se duplica a documentación.

Cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade consígnase expresamente esa circunstancia aportando a documentación que se indica. Finalizada a obra e comunicada a primeira ocupación do edificio cando sexa esixible, presentárase a comunicación previa ou declaración responsable da actividade, e apertura, sen máis requisitos que os datos do titular e a referencia á licenza ou comunicación previa de obra, artigo 364 do regulamento da lei do solo de Galicia.

No artigo 17.1, indícase que as características da actividade corresponderanse coa documentación xa presentada para o outorgamento da licenza. O que implica que a documentación que conste no concello, no se incorpora noutro procedemento.

Procede a desestimación.

.-Artigo 17.

2- No relativo o establecido de que, as condicións manifestadas ao concello nas obras e nas actividades, deben manterse durante a execución da obra e no

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8554978884183442785.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-3-2023

exercicio da actividade, sinala que deben referirse ás condicións obxecto de comprobación no trámite de licenza.

Esta ordenanza refírese ós títulos de habilitación urbanística e das actividades, sendo este o obxecto de regulación no precepto.

Procede a desestimación.

6- Consideran que o término de inmediatez e certamente indefinido.

O término inmediato indica que debe facerse rapidamente, sen mediar tempo dende a paralización da obra, polo que non procede establecer prazo.

Procede a desestimación.

.-Artigo 19.

Manifestan que a redacción correcta do artigo é “ sempre que non se modifiquen as condicións da licenza previamente concedida de aplicación no momento da concesión”

As actividades son actos de natureza continuada que deben adaptarse a novas normativas de aplicación, cando estas así o establezan expresamente.

Procede a desestimación.

.-Artigo 22.

Consideran que nas comunicacións realizadas de xeito presencial, resulta innecesario a presentación da documentación por duplicado.

A documentación por duplicado ten por obxecto poder contrastar que a documentación verificada presencialmente, coincida coa que posteriormente se incorpora no rexistro.

Procede a desestimación.

.-Artigo 23. Indican que nas comunicacións previas ou declaración responsables, necesítase autorización para a utilización dos espazos públicos, polo que o consideran incongruente co artigo 8.5

Aínda que tanto as licenzas como as comunicacións previas son títulos que habilitan para a realización de actos de edificación e uso do solo, ambos son actos de natureza xurídica distinta.

O artigo 23.4 refírese a actuacións suxeitas a comunicación previa ou declaración responsable, cuxo obxecto é a posta en coñecemento da administración do exercicio dun dereito, o que non require dunha previa autorización. Pola contra as licenzas urbanísticas son títulos regrados mediante os cales a administración competente permite ou autoriza a execución dun acto de edificación ou uso do solo, a través do outorgamento da licenza

A ocupación da vía pública por un particular, ó tratarse dun uso privativo dun ben de dominio público require dunha expresa autorización. Cando as obras a executar estean sometidas a comunicación previa, a ausencia de autorización, trae como consecuencia que a utilización ou ocupación da vía pública, debe ser expresamente autorizada, o non dispor da previa autorización.

Procede a desestimación.

.-Artigo 25 Manifestan que o proxecto de execución non pode alterar substancialmente as condicións urbanísticas obxecto de comprobación.

O proxecto de execución non pode alterar substancialmente o proxecto básico que obtivo licenza e non pode modificar as determinacións que foron obxecto de verificación para outorgar a licenza

Procede a desestimación.

.- Artigo 26, 27

Manifesta que o prazo de 15 días establecido no artigo 26, resulta escaso.

- O artigo 26 refírese a mellora da solicitude e o artigo 27, establece un prazo para corrixir deficiencias unha vez emitidos os preceptivos informes técnicos. Ambos corresponden a dous momentos distintos da tramitación do procedemento. O primeiro corresponde ó inicio coa solicitude e o segundo á fase de instrución.

Procede a desestimación.

.-Artigo 28.

Nas autorizacións sectoriais remítese ó indicado no artigo 3.3

Remítome o indicado no artigo 3, sendo necesario recalcar que as autorizacións sectoriais, deben ser aportadas coas solicitudes e non unha vez solicitada a licenza, xa que neste caso a solicitude resultaría incompleta.

Procede a desestimación.

.-Artigo 30. Consideran que contradí o artigo 19.2

O artigo 30 Refírese a subrogación nos procedementos en trámite e o artigo 19, refírese a transmisión de títulos de habilitación outorgados ou realizados eficazmente.

Procede a desestimación.

Artigo.- 32.3 Cita o artigo sen expoñer o que se alega.

Artigo.- 33. Formula petición de que a devolución da taxa, no caso de non cumprir o prazo de resolución sexa integro.

Alegación non formula cuestións sobre legalidade.

Artigo.- 34. Considera de utilidade que se estableza a casuística dos diferentes silencios e os seus sentidos.

A ordenanza é unha disposición de carácter xeral, o que fai inviable recopilar os múltiples supostos que poden concorrer en cada solicitude de licenza. Nos termos recollidos na Lei do solo de Galicia art. 143.1, o silencio resultará positivo se o proxecto técnico presentado coa solicitude de licenza, cumpre a ordenación do territorio o urbanística.

Procede a desestimación.

.-Artigo 37. Manifesta que non parece razoable a inscrición dos usos provisionais no rexistro, tales como festas itinerantes, mitines....

Este artigo refírese ó réxime excepcional dos usos e obras provisionais de natureza urbanística, en consonancia coas determinacións do artigo 89 da Lei do solo de Galicia, que regula os usos e obras provisionais en relación á obrigatoriedade da observancia dos plans.

Procede a desestimación.

.-Artigo 38. Entenden que a determinación establecida na execución simultánea de obras e edificación débese aplicar ó concello.

Este artigo regula as obrigas que a lexislación impón ós particulares, ante unha intervención na que se pretende materializar un dereito edificatorio establecido no

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8554978884183442785.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-3-2023

plan, cando os terreos carezan da condición de solar. Non se refire a intervención de obras a executar polo concello. Artigo 28 do Decreto 143/2016.

Procede a desestimación.

.-Artigo 40. Relativo ás licenzas de primeira ocupación.

Procede a adaptación da ordenanza ás modificacións da Lei 2/2016 do solo de Galicia, aprobadas pola Lei 7/2022 de 27 de decembro, en vigor dende o 1 de xaneiro de 2023, de medidas fiscais e administrativas, que substitúe o sometemento á licenza urbanística da primeira ocupación dos edificios, polo de comunicación previa.

Procede a estimación.

.-Artigo 41. Entenden que non procede a expresión “outras similares” .

Consta unha enumeración de supostos, e a expresión intenta evitar outros que alteren significativamente o proxecto.

Procede a desestimación.

.-Artigo 42

- Indica que se debe aclarar que a obriga de ter construída definitivamente as beirarrúas é so nas edificacións de nova planta.

Todas as obrigas establécense por lei, en relación ó tipo de intervención proxectada.

- Indica que resulta reiterado o deber de obter licenza de primeira ocupación antes do uso e utilización da edificación. Non cuestiona a legalidade.

Procede a desestimación.

.-Artigo 43.

- Proponse que se utilice a expresión ter acceso ó proxecto por calquera medio físico ou dixital, en lugar dun exemplar do proxecto.

A disposición do exemplar de proxecto técnico en obra, pode realizarse por calquera medio. Actualmente as licenzas tramítanse de xeito dixital, polo que este sería o formato habitual do exemplar do proxecto.

A alegación carece de contido xurídico

- Indica que deberá facilitarse por parte do concello un modelo normalizado de cartel das obras.

O normalización do modelo de cartel das obras, establécense no artigo 15 e 43 da ordenanza.

Procede a desestimación.

4.3.- Informe das alegacións presentadas pola Asociación Empresarios da construción de Lugo APEC:

.- Artigo 23.4. Entenden que se debe buscar unha solución nas comunicacións previas ou declaración responsables, ó non amparar ou autorizar a colocación de calquera elemento auxiliar na vía pública, requirindo a solicitude e autorización da utilización dos espazos públicos.

Aínda que tanto as licenzas como as comunicacións previas son títulos que habilitan para a realización de actos de edificación e uso do solo, ambos son actos de distinta natureza xurídica.

O artigo 23.4 refírese a actuacións suxeitas a comunicación previa ou declaración responsable, cuxo obxecto é a posta en coñecemento da administración do

exercicio dun dereito, o que non require dunha previa autorización. Pola contra as licenzas urbanísticas son títulos regrados mediante os cales a administración competente permite ou autoriza a execución dun acto de edificación ou uso do solo, a través do outorgamento da licenza

A ocupación da vía pública por un particular, ó tratarse dun uso privativo dun ben de dominio público require dunha expresa autorización. Cando as obras a executar estean sometidas a comunicación previa, a ausencia de autorización trae como consecuencia que a utilización ou ocupación da vía pública, debe ser expresamente outorgada ó non constar acto de autorización

Procede a desestimación.

.- Artigo 9. 11. Expoñen que resulta excesivo ampliar a responsabilidade ó autor do proxecto, se a súa intervención se limita á redacción do mesmo e non interveñen na dirección

A responsabilidade das obras esténdese a todos os que interveñen nos diferentes momentos do proceso constructivo, sempre de acordo coa natureza da súa intervención.

Procede a desestimación.

.- Artigo 18

Formulan que as prórrogas de licenzas non precisen ser solicitadas antes de rematar o prazo.

Lei de Procedemento Administrativo 39/2015, que regula os requisitos de validez e eficacia dos actos administrativos e o procedemento administrativo común das administracións públicas, establece os principios básicos ós que se ten que axustar a potestade regulamentaria, e o artigo 32, determina que as peticións da ampliación dos prazos debe producirse en todo caso, antes do vencemento do prazo, en ningún caso poderá ser obxecto de ampliación un prazo xa vencido. A falta de concreción deste extremo ó regular os prazos de caducidade das licenzas, en ningún caso pode vulnerar un principio básico inspirador da regulación dos termos e prazos, establecidos no procedemento administrativo común, que é de aplicación á tramitación das licenzas. En consecuencia, as peticións de prórrogas dos prazos establecidos nas licenzas, deben formularse antes da súa finalización, nos mesmos termos que se recolle para as comunicacións previas de obras no artigo 363.1 do regulamento que desarrolla a Lei do solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, que expresamente establece a necesidade de solicitar prórroga antes de ter concluído o prazo. A aplicación nos termos formulados na alegación, vulneraría un principio básico do dereito administrativo, en consecuencia procede a súa inadmisión.

Procede a desestimación.

.- Artigo 18.4 Realízase a mesma petición que no parágrafo anterior e indica que pode ser aínda máis restrictiva ó sinalar a perda de eficacia das comunicacións. Polo transcurso do tempo.

Recolle as determinacións establecidas no artigo 363.2, do Regulamento da Lei do solo de Galicia aprobado por Decreto 143/2016.

Procede a desestimación.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8554978884183442785.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-3-2023

.- Artigo 18.6 Manifesta que se restrinxen dereitos ó non indicar expresamente a posibilidade de legalizar as obras con perda de eficacia.

O artigo recolle o establecido no artigo 362 do regulamento da Lei do solo de Galicia aprobado por Decreto 143/2016. O que non entra en contradición co establecido no artigo 152. 3.b, da Lei do solo de Galicia. Xa que calquera intervención urbanística realizada de xeito ilícito, queda sometido ó procedemento establecido para a protección da legalidade. No artigo 18.7 expresamente recóllese que logo da perda de eficacia dos títulos de habilitación estes poden ser instados novamente, debendo axustarse á normativa vixente.

Procede a desestimación.

.- Artigo 19.2º Sinalan a posible inviabilidade de negocios coa imposición de novas obrigas que impoñan sucesivas normas, propón unha nova redacción..

No artigo establécese a viabilidade do cambio de titularidade sempre que non se alteren as condicións relativas á normativa aplicable, xa que o contrario requiriría dun novo título que habilite as novas condicións. O cambio de titularidade soamente é unha acción relativa ó suxeito titular, pero non ó obxecto da licenza ou comunicación.

Así mesmo, sinalar que as actividades son actos de natureza continuada e a adaptación á nova normativa dos locais cuxa titularidade se transmite ou non, vén determinada polo réxime transitorio que estableza a nova norma para as actividades xa existentes, quedando fóra da facultade reguladora da ordenanza a exención do cumprimento doutras normas.

Procede a desestimación.

.- Artigo. 23.1 Sinala que este artigo contradí todo o regulado anteriormente o afirmar que as comunicacións e declaracións responsables non son autorizacións administrativas o que contradí que se trata de títulos habilitantes de natureza urbanística.

De conformidade co establecido no Capítulo II (intervención na edificación e uso do solo), do Título VI, da Lei do solo de Galicia. As comunicacións previas, declaracións responsables e licenzas. son títulos de habilitación urbanística ou das actividades, que teñen como finalidade o sometemento ó control municipal dos actos de edificación e uso do solo, pero de distinta natureza xurídica.

As licenzas permiten a execución material dun dereito e outórganse previa comprobación de que o proxectado se axusta ó ordenamento urbanístico e demais normativa de aplicación. Nas comunicacións previas ou declaracións responsables, a persoa interesada pon en coñecemento da administración ou declara, mediante a presentación da documentación precisa, que reúne os requisitos para realizar un acto de transformación, edificación e uso do solo e subsolo, ou exercicio dunha actividade, sendo este o título que habilita a súa execución.

A declaración de ineficacia dunha comunicación ou declaración previa é a manifestación expresa da inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial, en calquera dato, manifestación, ou documento, que se acompaña ou incorpora coa comunicación previa ou declaración.

Procede a desestimación.

.- Propón que en relación as licenzas de primeira ocupación se realice a adaptación da ordenanza ó proxecto de Lei de medidas administrativas e fiscais, que no momento das alegacións non estaba aprobado.

Procede a adaptación da ordenanza ás modificacións da Lei 2/2016 do solo de Galicia, aprobadas pola Lei 7/2022 de 27 de decembro, en vigor dende o 1 de xaneiro de 2023, de medidas fiscais e administrativas, que substitúe o sometemento a licenza urbanística da primeira ocupación dos edificios, polo de comunicación previa.

Procede a estimación.

As alegacións finaliza cunhas reflexión sobre diversos temas, que carecen de contido xurídico.

4º.4- Informe ás alegacións presentadas polo Partido Popular de Lugo:

.- Preámbulo manifesta escasa convocatoria concreta a cada un dos colectivos afectados. A alegación non incide en cuestións xurídicas.

.- Artigo 3.5

Requiren se concrete a necesidade de atención de xeito presencial, sen recorrer a cita previa. A alegación non incide en cuestións xurídica.

.-Artigo 5 Require se valore a posibilidade de tramitar as licenzas de primeira ocupación como comunicación previa.

Procede a adaptación da ordenanza ás modificacións da Lei 2/2016 do solo de Galicia, aprobadas pola Lei 7/2022 de 27 de decembro, en vigor dende o 1 de xaneiro de 2023, de medidas fiscais e administrativas, que substitúe o sometemento a licenza urbanística da primeira ocupación dos edificios, polo de comunicación previa da primeira ocupación.

Procede a estimación

.-Artigo 6.3.1 Manifesta a necesidade de incluír a primeira ocupación como comunicación previa.

Procede a adaptación da ordenanza ás modificacións da Lei do solo de Galicia establecidas na Lei 7/2022 de 27 de decembro de medidas fiscais e administrativas, que substitúe o réxime de licenza urbanística da primeira ocupación dos edificios, polo de comunicación previa.

Procede a estimación.

.- Artigo 6.4.b-c . Sinala incoherencia entre as letras b) e c)

Ambos supostos b) e c), poden realizarse mediante comunicación previa realizada de xeito presencial e non son contradictorios, xa que ambos refírense a obras no interior da vivenda, por un lado as que non modifican nin a distribución nin a estrutura, e noutro as de supresión de tabiques e adecuación funcional na vivenda e instalacións.

Procede a desestimación.

.- Artigo 8.

8.5 Refírese as licenzas urbanísticas, enténdoo contradictorio co artigo 23.4, que regula as comunicacións previas ou declaración responsables.

Aínda que tanto as licenzas como as comunicacións previas son títulos que habilitan para a realización de actos de edificación e uso do solo, ambos son actos de natureza xurídica distinta.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8554978884183442785.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-3-2023

O artigo 23.4 refírese a actuacións suxeitas a comunicación previa ou declaración responsable, cuxo obxecto é a posta en coñecemento da administración do exercicio dun dereito, o que non require dunha previa autorización. Pola contra as licenzas urbanísticas son títulos regrados mediante os cales a administración competente permite ou autoriza a execución dun acto de edificación o uso do solo, a través do outorgamento do título habilitante de licenza

A ocupación da vía pública por un particular, ó tratarse dun uso privativo dun ben de dominio público, o límite deste uso, require a súa expresa autorización. Cando as obras a executar estean sometidas a comunicación previa, a ausencia de autorización trae como consecuencia que a utilización ou ocupación da vía pública, debe ser expresamente autorizada.

Procede a desestimación.

.-Artigo 9. 10-11. Suxire a supresión de ambos parágrafos, ó estar regulado noutras normas de rango superior.

Ambos recollen as responsabilidades dos diferentes axentes que interveñen en distintos momentos do proceso constructivo, sempre de acordo coa natureza da súa intervención.

Procede a desestimación.

.- Artigo 14.

-Solicita se recolla como dereitos dos solicitantes o de obter licenzas nos prazos legais.

É un dereito xa legalmente recoñecido na Lei de procedemento común das administracións públicas.

-Requiren se recolla o dereito á atención presencial e citas presenciais

Non incide en cuestións xurídicas.

-Solicita acuse de recibo para toda a documentación presentada a través de correos electrónicos ou direccións xenéricas.

O mecanismo establecido para a presentación de documentación a incorporar nun procedemento é o recollido na Lei de procedemento administrativo común das administracións públicas. Os correos electrónicos, non se inclúen dentro dos relacionados como vía de rexistro de documentos, polo que non xeran asientos.

Procede a desestimación.

.- Artigo 15.

c) Formula petición de que o cartel indicador de obra se instalará sempre que sexa posible ó resultar a veces inviable a súa ubicación.

A colocación de cartel de obra é un deber dos titulares das licenzas, nas obras de edificación, demolición ou as que requiran de proxecto técnico. Pola súa entidade resulta necesario identificar a súa execución e facilitar información sobre a actuación que se esta a realizar, aporta datos ós cidadans e ás funcións de inspección.

i) Solicita se engada neste apartado, excepto por causas non imputables o interesado

Iniciar, finalizar e non interromper as obras no prazo establecido, é unha determinación imposta na Lei do solo, cuxo incumprimento determina a caducidade

do título de habilitación urbanística. Previa solicitude expresa poden outorgarse prórrogas dos prazos establecidos.

Procede a desestimación.

Art. 18.- Formulan que as prórrogas de licenzas non precisen ser solicitadas antes de rematar o prazo.

A Lei de procedemento administrativo 39/2015, que regula os requisitos de validez e eficacia dos actos administrativos e o procedemento administrativo común das administracións públicas, que establece os principios básicos ós que se ten que axustar a potestade regulamentaria, recolle no artigo 32, que as peticións da ampliación dos prazos debe producirse en todo caso, antes do vencemento do prazo, en ningún caso poderá ser obxecto de ampliación un prazo xa vencido. A falta de concreción deste extremo ó regular os prazos de caducidade das licenzas, en ningún caso pode vulnerar un principio básico inspirador da regulación dos términos e prazos, establecidos para o procedemento administrativo aplicable tamén a tramitación das licenzas. Polo que as peticións de prórrogas dos prazos establecidos nas licenzas deben formularse antes da súa finalización, nos mesmos términos que se recolle no artigo 363.1 do regulamento que desarrolla a lei do solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, que establece para as comunicacións urbanísticas a petición da prórroga antes de ter concluído o prazo

Procede a desestimación.

Artigo 19. Plantexa falta de claridade na obrigatoriedade de adaptar os locais as novas normativas

A adaptación á nova normativa de negocios cuxa titularidade se transmite ou non, ven determinada polo réxime transitorio que establece a nova norma, para as actividades xa existentes, non tendo a ordenanza capacidade e competencia para eximir do cumprimento de normas de regulación específica.

Procede a desestimación.

Artigo 21.- A obriga de presentar a documentación electronicamente so debe ser obrigatoria para os profesionais.

Os dereitos e obrigacións de relacionarse electronicamente coas administracións públicas veñen regulados na Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Procede a desestimación.

.- Artigo 22. b)

Consideran que nas comunicacións realizadas de xeito presencial, resulta innecesario a presentación da documentación por duplicado.

Trátase de comunicacións presenciais realizadas con documentación física. O duplicado ten por obxecto, deixar constancia de que a documentación verificada presencialmente, coincide coa presentada polo interesado por rexistro.

Procede a desestimación.

.- Artigo 23

Reitera a alegación realizada no artigo 8.

Remítome á resposta recollida.

.- Artigo 25

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8554978884183442785.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-3-2023

Precísase recordar que as licenzas deben ser resoltas por orden de incoación, salvo motivos excepcionais.

Este mandato xa vén recollido en norma de directa aplicación, xa que así o establece o artigo 71.2 da Lei 39/2015 de procedemento común das administracións públicas, que establece que no despacho dos expedientes gardarase orde rigoroso de incoación en asuntos homoxéneos.

Procede a desestimación.

.- Artigo 26- 27

Manifesta que o prazo de 15 días establecido no artigo 26, resulta escaso, así mesmo que existen diferencias entre os prazos do artigo 26 e 27

. - O artigo 26 refírese á mellora da solicitude, isto é cando a documentación aportada coa solicitude resulta incompleta e non reúne os requisitos para a súa tramitación. O prazo de 10 días establecido polo regulamento da Lei do solo de Galicia, xa se amplía a 15 días na ordenanza.

- O artigo 27, establece un prazo para corrixir deficiencias unha vez emitidos os preceptivos informes técnicos.

Polo que ambos corresponden a dous momentos distintos da tramitación do procedemento. O primeiro corresponde a fase de inicio e o segundo a de instrucción.

Procede a desestimación.

.- Artigo 31

Puntualiza que é preciso paralizar tamén os prazos do expediente se as autorizacións sectoriais se solicitan polos interesados a outras administracións.

As autorizacións que deben aportar os interesados, serán incorporadas coa solicitude, artigo 353.2.j) do regulamento da Lei do solo de Galicia aprobado por Decreto 143/2016. Polo que non dan lugar a suspensión do procedemento.

Procede a desestimación.

.- Artigo 32. Indica que se debe aclarar a contía ou porcentaxe da garantía a constituír.

A contía da garantía establecerase polos Servizos técnicos municipais en atención os principios legalmente establecidos.

Procede a desestimación.

.- Artigo 33.

Formula petición de que a devolución da taxa, no caso de non cumprir o prazo de resolución sexa integro.

A alegación non incide en cuestións xurídicas.

.- Artigo 40.

Instan que as licenzas de primeira ocupación se tramiten como comunicacións.

Procede a adaptación da ordenanza ás modificacións da Lei do solo de Galicia, establecidas na Lei 7/2022 de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, en vigor dende o 1 de xaneiro de 2023, que substitúe título habilitante de licenza urbanística da primeira ocupación dos edificios, polo de comunicación previa.

Procede a estimación

5º.- Incorporárase o informe emitido en realizado as alegacións presentadas ós artigos incluídos no Título IV, emitido o 7 de marzo de 2023, pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Urbanismo:

Asunto: Informe alegacións trámite información pública aprobación inicial da ordenanza tramitadora dos títulos habilitantes de natureza urbanística e das actividades. TITULO IV

1.- En relación co artigo 50, constan presentadas, en relación co contido do mesmo, alegacións tanto polo GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR como polo COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA, cómpre sinalar:

a) Os efectos da normativa urbanística se entende por información urbanística toda información da que dispoñan as Administracións Públicas, en todo tipo de soporte material no que figure, referida ás determinacións dos instrumentos de ordenación do territorio, planeamento e xestión urbanística aprobados, e en xeral, ó réxime do solo e condicións de natureza urbanística dos terreos

Compre sinalar diversa xurisprudencia que así o sinala, destacando a Sentencia do Tribunal Supremo (Sª 3ª) de 3 de decembro de 1999 (rec. 301/1995).

Tanto as consultas urbanísticas como as cédulas urbanísticas son documentos meramente informativos que non vinculan ó Concello, xa que non confiren ó solicitante ningún dereito concreto sobre a posterior concesión da licenza, nin altera os dereitos e obrigas que recaían sobre a finca en virtude da lexislación urbanística aplicable en cada momento. Porén, como documento administrativo, outorga proba do seu contido. No caso dunha información por erro ó solicitante, en contra da ordenación aplicable, aínda que sexa subsanable por parte da Administración, se incorrerá en responsabilidade, podendo dar lugar a unha indemnización por danos e prexuízos ocasionados polo funcionamento anormal dos servizos municipais.

O contido da cédula urbanística non comporta a patrimonialización do aproveitamento urbanístico nela reflectido, nin vincula a Administración, pero poderá dar lugar, si se vulnerara o principio de confianza lexítima a indemnización nos termos establecidos na lexislación de responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, polos gastos que resultasen inútiles en función do seu contido

b) Por outro lado é preciso engadir que respecto a que as consultas sexan presenciais ou telefónicas, dita posibilidade de información verbal, ven prevista no artigo 51 da presente ordenanza, polo demais non procede emitir valoración respecto de que se subministre dita información mediante a modalidade presencial ou telefónica, xa que se refire a cuestións organizativas do Servizo que facilita a información, lembrando ó respecto o contido do artigo 206.1 d) do Decreto 143/2016 do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da lei do solo de Galicia.

Con base no exposto desestímense as alegacións, mantendo inalterada a redacción do citado artigo 50.

2.- En relación co artigo 51, constan presentadas, en relación co contido do mesmo, alegacións tanto polo GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR como polo COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8554978884183442785.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-3-2023

Non procede emitir valoración ó respecto xa que se refire por un lado a cuestións organizativas do Servizo que facilita a información, lembrando ó respecto o contido do artigo 206.1 d) do Decreto 143/2016 do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da lei do solo de Galicia, e por outro lado se refire a cuestións técnicas que non son obxecto de regulación. Porén a consulta do PXOM vixente pódese facer tanto en URBANISMO EN RED do Ministerio como na páxina do COAG e na Xunta de Galicia así como nos planos de ordenación subidos á páxina web do Concello.

Motivos ámbolos dous polos que se desestiman as referidas alegacións, mantendo inalterada a redacción do citado artigo 51.

3.- En relación co artigo 52, constan presentadas, en relación co contido do mesmo, alegacións polo COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA

O artigo 87 da Lei 2/2016 do 10 de febreiro do solo de Galicia dispón que o prazo máximo no que se debe facilitar a información é de dous meses, excedendo o prazo contido, no texto aprobado inicialmente, nun mes do previsto na lexislación vixente, debendo pois ser reducido ata dito prazo de dous meses, entendese que si así o establece a lexislación vixente este é un prazo razoable no que se debe emitir a información pública conforme esixe o artigo 5 TRLS Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana no seu apartado d) ..

Motivos expostos, polo cal se estima parcialmente a alegación feitas ó artigo 52, debendo dicir dous meses, onde pon tres meses de prazo máximo para emitir a información, co fin de adaptalo ó previsto no artigo 87 da Lei 2/2016 do 10 de febreiro do solo de Galicia.

4.- En relación co artigo 53, constan presentadas, en relación co contido do mesmo, alegacións polo COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA.

O Artigo 5 TRLS Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana no seu apartado d) dispón, entre outras cuestións, que todos os cidadáns teñen dereito a ser informados en prazo razoable.

Puntualizar que, nos atopamos ante unha información ou consulta sobre o réxime das condicións urbanística dun predio das previstas no artigo 87 da Lei 2/2016 do 10 de febreiro do solo de Galicia, senón que tal, e como o propio artigo obxecto de alegación sinala, a consulta urbanística especial é para resolver dúbidas interpretativas ou de aplicación de preceptos normativos, a propostas técnicas que se presenten sobre unha actuación urbanística concreta, motivo polo que, en moitos casos se requiren informes de outros servizos municipais que poidan ser tidos en conta para informar a consulta, o cal leva a conclusión, que os prazos sinalados no mesmo, se entenden como razoables para emitir a información solicitada polos interesados, dada a maior ou menor complexidade da información solicitada.

Neste suposto desestimase a alegación feita ó contido do apartado 3 do artigo 53, con fundamento no exposto, mantendo inalterada a redacción do mesmo.

5.- En relación co artigo 54, constan presentadas, en relación co contido do mesmo, alegacións polo GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR e polo COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA

Por unha banda, as alegacións presentadas polo COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA en relación co apartado 7 del artigo 54, deben ser contestadas coa mesma fundamentación que a resposta dada as alegacións do artigo 52, e no que respecta as alegacións feitas en relación coa apartado 5 do artigo 54, debe sinalarse no mesmo, non se establecen prazos de suspensión (nin máximos como solicitan, nin mínimos), xa que é a Lei 39/2015 do 1 de outubro de procedemento administrativo común, a que establece no artigo 22, os prazos de suspensión dos procedementos, remitíndoo á mesma ós oportunos efectos.

Por outro lado e respecto da alegación presentada polo GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, en relación co apartado 6 do artigo 54, debe fundamentarse a súa contestación no feito de que no artigo 54 estamos no ámbito dunha cédula urbanística non dunha consulta, unha vez que a mesma, é un documento informativo que acredita o réxime e circunstancias urbanísticas ás que se atopa suxeita unha finca, unha parcela ou un solar no termo municipal, pero no que non se suscitan dúbidas ó respecto, nin se obteñen aclaracións por parte do Concello, simplemente é a información literal obtida do Plan xeral de ordenación municipal vixente, sendo pois, o contido de dito apartado 6, coherente co disposto no artigo 206 do Decreto 143/2016 do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da lei do solo de Galicia.

Engadir que en ningún caso xera indefensión o contido de dito artigo, xa que, se unha parcela se atopa inmersa en procesos de planeamento ou de xestión urbanística, nos mesmos, a lexislación establece os trámites de información pública correspondentes, que permiten ter coñecemento dos mesmos, podendo facer as consultas oportunas con base no disposto no artigo 53 da Lei 39/2015 do 1 de outubro de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Motivos ámbolos dous polos que:

Por un lado se estiman parcialmente as referidas alegacións debendo no apartado 7 do citado artigo 54, fixar un prazo de dous meses, onde pon tres meses, como o prazo máximo para emitir a información, co fin de adaptalo ó previsto no artigo 87 da Lei 2/2016 do 10 de febreiro do solo de Galicia, desestimando as alegacións feitas en relación co apartado 5 do artigo 54. mantendo inalterada a redacción do mesmo.

Por outro lado se desestiman en base ó exposto, o resto das alegacións feitas en relación co apartado 6 do artigo 54, mantendo inalterada a súa redacción.

6.- En relación co artigo 55, constan presentadas, en relación co contido do mesmo, alegacións polo COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA e pola ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DA CONSTRUCCIÓN DE GALICIA

Por unha banda sinalar, en relación coa alegación presentada polo COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA, que o procedemento de declaración, contido no artigo 55 da presente ordenanza, se lle aplica o mesmo réxime que o previsto no artigo 351 do RD 143/2016 do 22 de setembro polo que se

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8554978884183442785.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-3-2023

aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia, motivo polo cal se desestima a alegación presentada.

Por outro lado e respecto da alegación presentada pola ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DA CONSTRUCCIÓN DE GALICIA, na que solicitan que se recollan correctamente os supostos de fóra de ordenación adecuados á Lei 2/2016 do 10 de febreiro do solo de Galicia é preciso sinalar:

Unicamente procede aclarar ó respecto da alegación presentada, que neste artigo se recollen, tal e como o propio título sinala, os supostos *regulados no artigo 153.2 da Lei 2/2016 do 10 de febreiro do solo de Galicia*, que prevé que cando se atope transcorrido o prazo de caducidade de seis anos dende a terminación das obras sen título habilitante ou sen axustarse a título habilitante, sen que se tivese adoptado as medidas de restauración da legalidade urbanística quedaran suxeitas ó réxime previsto no artigo 90, e polo tanto ó réxime previsto ó respecto no Plan xeral de ordenación municipal vixente.

Polo tanto, con base no exposto, desestímase a alegacións feitas ó contido do artigo 55, mantendo inalterada a redacción do citado artigo.

7.- En relación co contido do artigo 56, constan presentadas, alegacións polo COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA.

Os prazos de emisión dos informes veñen sinalados na Lei 39/2015 do 1 de outubro de procedemento administrativo común, polo tanto non é necesario facer remisión a dita lei nin establecelos expresamente.

Con base no exposto desestímase as alegacións feitas ó contido do artigo 56, mantendo inalterada a redacción do citado artigo.

Tendo a competencia para a aprobación e modificación das ordenanzas de conformidade co disposto no artigo 123.1.d) e o 127.1.a) da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, segundo a redacción da Lei 57/2003 de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e no artigo 64.2.d) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 15 de marzo de 2023 acordou:

PRIMEIRO.- Estimar as alegacións formuladas nos términos seguintes:

- Corrixir o erro que figura no preámbulo, no relativo o ano do Decreto 143, debendo figurar 143/2016 .

- Procede a adaptación da ordenanza ás modificacións da Lei 2/2016 do solo de Galicia, aprobadas pola Lei 7/2022 de 27 de decembro, en vigor dende o 1 de xaneiro de 2023, de medidas fiscais e administrativas, que substitúe o título habilitante de licenza urbanística de primeira ocupación dos edificios, polo de comunicación previa, modificando a ordenanza no índice e nos artigos 5, 6, 40, 41.4, 42.3 e 55.1.

- Procede estimar parcialmente a alegación presentada en relación o artigo 52.2, co fin de adaptalo ó previsto no artigo 87 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, debendo reducir o prazo máximo de información indicado, de tres a dous meses.

-Procede estimar parcialmente as alegacións formuladas en relación o artigo 54.7, debendo fixar o prazo máximo para emitir informe en dous meses en lugar de tres como se indicaba.

SEGUNDO .- Desestimar o resto das alegacións formuladas.

TERCEIRO.- Manter a redacción da ordenanza coas modificacións incorporadas nos apartados que se indican, que se xunta co texto definitivo.

CUARTO.- Elevar o expediente á consideración do Excmo. Concello Pleno.

Con base en todo o cal propónse ao Excmo. Pleno, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Estimar as alegacións formuladas nos términos seguintes:

- Corrixir o erro que figura no preámbulo, no relativo o ano do Decreto 143, debendo figurar 143/2016 .

- Procede a adaptación da ordenanza ás modificacións da Lei 2/2016 do solo de Galicia, aprobadas pola Lei 7/2022 de 27 de decembro, en vigor dende o 1 de xaneiro de 2023, de medidas fiscais e administrativas, que substitúe o título habilitante de licenza urbanística de primeira ocupación dos edificios, polo de comunicación previa, modificando a ordenanza no índice e nos artigos 5, 6, 40, 41.4, 42.3 e 55.1.

- Procede estimar parcialmente a alegación presentada en relación o artigo 52.2, co fin de adaptalo ó previsto no artigo 87 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, debendo reducir o prazo máximo de información indicado, de tres a dous meses.

-Procede estimar parcialmente as alegacións formuladas en relación o artigo 54.7, debendo fixar o prazo máximo para emitir informe en dous meses en lugar de tres como se indicaba.

SEGUNDO .- Desestimar o resto das alegacións formuladas.

TERCEIRO.- Manter a redacción da ordenanza coas modificacións incorporadas nos apartados que se indican no texto definitivo.

CUARTO.- Aprobar definitivamente a Ordenanza.

QUINTO.- Contra o acordo de aprobación definitiva poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xusticia de Galicia, no prazo de dous meses, contados dende a súa publicación. (Artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdicción contenciosa-administrativa).

2. DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE SOSTIBILIDADE URBANA E COHESIÓN TERRITORIAL, emitido na sesión celebrada o día 24 de marzo de 2023.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- | | | |
|---------------------------|----|--|
| - Votos a favor: | 15 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE, do Bloque Nacionalista Galego e de Ciudadanos Lugo. |
| - Votos en contra: | 10 | do Grupo Municipal do Partido Popular |
| - Abstencións: | 0 | |

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8554978884183442785.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-3-2023

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta,
ACORDA:

PRIMEIRO.- Estimar as alegacións formuladas nos términos seguintes:

- Corrixir o erro que figura no preámbulo, no relativo o ano do Decreto 143, debendo figurar 143/2016.
- Adaptar a ordenanza ás modificacións da Lei 2/2016 do solo de Galicia, aprobadas pola Lei 7/2022 de 27 de decembro, en vigor dende o 1 de xaneiro de 2023, de medidas fiscais e administrativas, que substitúe o título habilitante de licenza urbanística de primeira ocupación dos edificios, polo de comunicación previa, modificando a ordenanza no índice e nos artigos 5, 6, 40, 41.4, 42.3 e 55.1.
- Estimar parcialmente a alegación presentada en relación o artigo 52.2, co fin de adaptalo ó previsto no artigo 87 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, debendo reducir o prazo máximo de información indicado, de tres a dous meses.
- Estimar parcialmente as alegacións formuladas en relación o artigo 54.7, debendo fixar o prazo máximo para emitir informe en dous meses en lugar de tres como se indicaba.

SEGUNDO.- Desestimar o resto das alegacións formuladas.

TERCEIRO.- Manter a redacción da ordenanza coas modificacións incorporadas nos apartados que se indican no texto definitivo.

CUARTO.- Aprobar definitivamente a Ordenanza.

QUINTO.- Contra o acordo de aprobación definitiva poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contecioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xusticia de Galicia, no prazo de dous meses, contados dende a súa publicación. (Artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdicción contenciosa-administrativa).

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA TRAMITACIÓN DOS TÍTULOS HABILITANTES DE NATUREZA URBANÍSTICA E DAS ACTIVIDADES.

ÍNDICE

PREÁMBULO

TÍTULO I. Disposicións xerais

- Artigo 1.- Obxecto
- Artigo 2.- Ámbito de aplicación
- Artigo 3.- Medios de intervención na actividade urbanística
- Artigo 4.- Definicións
- Artigo 5.- Actos suxeitos a licenza
- Artigo 6.- Actos suxeitos a comunicación previa
- Artigo 7.- Actos non suxeitos á licenza ou comunicación previa.
- Artigo 8.- Actuacións urbanísticas de particulares en terreos de dominio público.
- Artigo 9.- Responsabilidades e efectos das licenzas, comunicacións e declaracións responsables.
- Artigo 10.- Cualificación do escrito achegado
- Artigo 11.- Control da legalidade a través dos títulos de habilitación urbanística ou das actividades.

TÍTULO II. Medios de intervención e tipos de procedemento

CAPÍTULO I. Disposicións comúns a todos os procedementos

- Artigo 12.- Normativa
- Artigo 13.- Clases de procedemento
- Artigo 14.- Dereitos dos solicitantes
- Artigo 15.- Deberes dos solicitantes
- Artigo 16.- Simultaneidade de obras e actividades
- Artigo 17.- Execución de obras e exercicio de actividades
- Artigo 18.- Vixencia das licenzas, das declaracións responsables e das comunicacións previas
- Artigo 19.- Cambios de titularidade das licenzas e comunicacións

CAPÍTULO II. Disposicións específicas da tramitación de comunicacións previas ordinarias e declaracións responsables, así como das comunicacións inmediatas realizadas de xeito presencial con asistencia no Concello

- Artigo 20.- Regulación do procedemento
- Artigo 21.- Modelos de presentación de documentos
- Artigo 22.- Tramitación da comunicación previa e declaración responsable.
- Artigo 23.- Efectos das comunicacións previas e declaracións responsables
- Artigo 24.- Alcance do control inicial da comunicación previa.

CAPÍTULO III. Disposicións específicas da tramitación de licenzas

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8554978884183442785.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-3-2023

- Artigo 25.- Procedemento
- Artigo 26.- Emenda e mellora da solicitude
- Artigo 27.- Requirimentos para corrección de deficiencias
- Artigo 28.- Autorizacións sectoriais
- Artigo 29.- Informes
- Artigo 30.- Subrogación
- Artigo 31.- Suspensión do procedemento
- Artigo 32.- Resolución do procedemento
- Artigo 33.- Prazo máximo para a resolución de procedementos
- Artigo 34.- Réxime xurídico do silencio administrativo
- Artigo 35.- Caducidade das licenzas
- Artigo 36.- Extinción das licenzas
- Artigo 37.- Autorizacións de usos e obras provisionais
- Artigo 38.- Licenzas condicionadas a completar a urbanización
- Artigo 39.- Inicio das obras
- Artigo 40.- Comunicación previa de primeira ocupación

CAPÍTULO IV. Tratamento de incidencias durante as obras

- Artigo 41.- Execución das licenzas e modificacións do proxecto
- Artigo 42.- Obriga do titular da licenza ao concluír as obras
- Artigo 43.- Documentación no lugar da obra ou instalación
- Artigo 44.- Abandono ou paralización das obras

TÍTULO III. CONTROL POSTERIOR

- Artigo 45.- Ámbito de aplicación
- Artigo 46.- Acta de comprobación e informe de control
- Artigo 47.- Contido do informe de control ou acta de comprobación
- Artigo 48.- Resultado do control posterior
- Artigo 49.- Infraccións e sancións

TÍTULO IV. INFORMACIÓN URBANÍSTICA E PROCEDEMENTOS PREVIOS

- Artigo 50.- Normas comúns aos actos de información urbanística
- Artigo 51.- Consultas previas.
- Artigo 52.- Información urbanística ou consulta urbanística común
- Artigo 53.- Consulta urbanística especial
- Artigo 54.- Cédula urbanística
- Artigo 55.- Solicitudes de declaración de situación de fóra de ordenación en obras terminadas sen licenza ou sen axustarse a esta.
- Artigo 56.- Interpretacións

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA

DISPOSICIÓN ADICIONAL CUARTA

DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA

DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA. Entrada en vigor.

PREÁMBULO

Dentro da aposta do Concello pola garantía da efectividade, a eficiencia e a posta a disposición de todos os recursos municipais posibles para a mellora e o impulso da construción, da actividade económica e a modernización da cidade, redáctase esta ordenanza, cuxos obxectivos principais son a simplificación e a diminución das cargas administrativas, e na que se regula o réxime xurídico e os procedementos de tramitación dos títulos de natureza urbanística como medios de control municipal referidos aos actos de uso do solo, subsolo, ou construción e edificación, así como aos de implantación e desenvolvemento de actividades previstos na normativa urbanística, realizados no Concello de Lugo por persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas.

Avanzando nos obxectivos da simplificación administrativa, unha das principais novidades da regulación é a consolidación e potenciación das dúas formas de tramitación de comunicación previa, presencial e ordinaria, simplificándose a documentación para presentar. Outra das novidades que incorpora a ordenanza para potenciar, activar e facilitar a actividade constructiva en determinados casos é a articulación, en liña co disposto na Lei do solo de Galicia dun procedemento que simplifique a obtención das licenzas que, ademais de dotar de axilidade ao sistema, permitirá igualmente un control eficaz e axeitado dos aspectos edificatorios que se consideran esenciais da actuación no seu conxunto, postergando a un momento ulterior o control do resto das esixencias normativas.

Revísanse os procedementos administrativos de control urbanístico municipal para facelos menos complexos e máis eficientes, diminuindo, así mesmo, as cargas administrativas, axustando a regulación aos principios de necesidade, eficacia e eficiencia, proporcionalidade, seguridade xurídica e transparencia. A ordenanza tamén se adapta ao marco xurídico definido pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e, como

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8554978884183442785.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-3-2023

lexislación en materia de controis urbanísticos de uso do solo e da edificación, axústase aos aspectos recollidos na Lei 2/2016 do solo de Galicia e no seu regulamento aprobado polo Decreto 143/2016.

Tras o proceso participativo de consulta pública realizado con carácter previo á elaboración do proxecto, no que se tivo recabado a opinión dos destinatarios potencialmente afectados pola norma, resultaba evidente a necesidade de dotarnos dunha ordenanza integral de tramitación nesta materia, que cumpra os obxectivos demandados pola cidadanía, entre os que cabe destacar, por estar intimamente relacionado co principio de necesidade, a redución de trámites nos procedementos administrativos de obtención de títulos habilitantes. A ordenanza acolle a totalidade das suxestións achegadas no proceso de consulta previa e que teñen relación coa materia que está chamada a regular.

Desde a concepción da relevancia dunha axeitada actuación pública, neste proxecto normativo establécense os mecanismos que se consideran máis axeitados para garantir a satisfacción das necesidades colectivas e, xa que logo, do interese xeral, logo de quedar xustificado que a canle máis axeitada para garantir a súa consecución é unha regulación integral da tramitación dos diferentes títulos habilitantes recortando de maneira substancial os trámites innecesarios nos procedementos, cumprindo co principio de eficacia.

Optouse por unha norma menos intervencionista, que resta complexidade aos trámites e procedementos administrativos sen prexuízo das esixencias debidamente ponderadas que a tutela pública da actividade urbanística debe impoñer para velar polo interese público.

O marco normativo actual do Concello propiciou a aparición de duplicidades e ineficiencias con procedementos administrativos demasiado complexos que, en ocasións, xeraran problemas de inseguridade xurídica que xa motivaran a necesidade de establecer instrucións de tramitación que agora se incorporan a un instrumento máis axeitado, que ten como eixos vertebradores a simplificación e racionalización dos procedementos administrativos para favorecer e fomentar a actividade económica e a relación da cidadanía e as empresas co Concello, facilitando o seu coñecemento e posterior aplicación a todos os seus destinatarios, xa sexan Administración pública, persoas físicas ou xurídicas.

Dese xeito, o título I recolle as disposicións xerais de aplicación a calquera tipo de procedemento, o título II de medios de intervención a tipos de procedemento articúlase en catro capítulos, o primeiro, das disposicións comúns a todos os procedementos, o segundo, de especificidades na tramitación de comunicacións previas ordinarias e declaracións responsables, regulando as comunicacións inmediatas realizadas de xeito presencial con asistencia no Concello, o terceiro dedica extensa regulación á tramitación das licenzas, cun procedemento áxil e sinxelo na obtención de licenza sobre o proxecto básico e presentación do proxecto

de execución; e o cuarto capítulo resérvase para incidencias na execución logo da obtención do título habilitante.

O título III dedícase a regular o control posterior e inspección, e o título IV regula pormenorizadamente os medios de información urbanística. O texto complétase con catro disposicións adicionais, unha transitoria, unha derogatoria e unha disposición final.

TÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

ARTIGO 1.- OBXECTO

1. Esta ordenanza ten por obxecto a regulación dos procedementos relativos á obtención dos títulos habilitantes de natureza urbanística, sometidos a intervención e control do Concello de Lugo nos casos de obras que pola súa entidade, incidencia no contorno urbanístico ou no ambiente teñan que someterse, dependendo do caso, ao réxime de licenza ou comunicación previa.

Así mesmo, establece as disposicións xerais necesarias para facilitar a liberdade de establecemento e a libre prestación de servizos, planificando os novos procesos de comunicación necesarios e o seu control posterior e simplificando, en xeral, os procedementos xa establecidos.

2. A ordenanza dítase en desenvolvemento da lexislación de réxime local, da Directiva de servizos 2006/123CE e da normativa estatal e autonómica.

ARTIGO 2.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

Están sometidos ao ámbito de aplicación desta ordenanza todo tipo de actos de edificación e uso do solo e subsolo, así como o exercicio de actividades ou servizos que esixan a intervención da Administración en execución da súa función de policía na orde urbanística e ambiental coa finalidade de verificar o axuste ao planeamento, normas urbanísticas, en materia de seguridade, sanitaria, ambiental e demais que resulten esixibles.

ARTIGO 3.- MEDIOS DE INTERVENCIÓN NA ACTIVIDADE URBANÍSTICA

1.- O Concello de Lugo poderá intervir na actividade dos/as cidadáns no eido urbanístico a través dos seguintes medios:

a) Ordenanzas e bandos.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8554978884183442785.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-3-2023

- b) Sometemento á licenza previa e outros actos de control preventivo sen prexuízo das excepcións previstas na lexislación de aplicación.
- c) Sometemento á declaración responsable ou comunicación previa das actuacións urbanísticas non suxeitas a previa autorización mediante licenza, de acordo co disposto na normativa de procedemento administrativo.
- d) Sometemento ao control posterior ao inicio da actividade para os efectos de verificar o cumprimento da normativa reguladora.
- e) Ordes individuais constitutivas de mandato para a execución dun acto ou a súa prohibición.

A actividade de intervención axustarase, en todo caso, aos principios de igualdade de trato, necesidade e proporcionalidade en relación co fin que se persegue.

2.- As licenzas ou autorizacións outorgadas por outras administracións públicas non eximen aos/ás seus titulares do deber de obter as correspondentes licenzas desta entidade local, e respectarase, en todo caso, o disposto nas correspondentes leis sectoriais.

3.- Non procederá o outorgamento de licenza urbanística nin será eficaz a comunicación sen as autorizacións urbanísticas ou sectoriais preceptivas naqueles casos nos que a actuación pretendida polo ou pola interesado/a requira dalgunha avaliación, autorización, cualificación ou informe favorable doutra administración pública distinta da municipal, que resulte esixible de conformidade coa lexislación sectorial aplicable. En todo caso, agás nas excepcións previstas normativamente, será obriga do solicitante aportar as correspondentes autorizacións.

4.- A intervención municipal regulada nesta ordenanza desenvolverase, sempre que a normativa sectorial o permita, a través dun único expediente administrativo, calquera que sexa a actividade que o motive (obras ou actividades), e tramitarase baixo os principios de celeridade, eficacia, eficiencia e menor intervención.

5.- Os documentos de inicio de todos os procedementos de intervención municipal obxecto desta ordenanza canalizaranse a través do Servizo de Licenzas, calquera que sexa a súa canle de presentación, de entre os previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, para a comprobación da súa corrección formal, e tamén material, se así estivese previsto, antes da súa remisión ás unidades administrativas que corresponda. Así mesmo, o servizo asesorará ás persoas interesadas sobre os requisitos e trámites requiridos para as actuacións que correspondan.

6.- Toda persoa física ou xurídica, pública ou privada, está suxeita á obtención de licenza ou á presentación da correspondente declaración responsable ou comunicación previa, con carácter previo á realización de calquera acto de uso do solo, edificación ou actividades, agás as excepcións previstas legalmente.

As ditas persoas terán a consideración de promotores, segundo o artigo 9 da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación.

ARTIGO 4.- DEFINICIÓNS

1. Actuación urbanística: realización conxunta ou separada de actos de uso do solo, subsolo, voo, construción e edificación, así como a implantación e o desenvolvemento ou modificación de actividades previstos na normativa de aplicación. As referencias que esta ordenanza realice ás actuacións entenderanse referidas ás actuacións urbanísticas que en cada caso proceda.

2. Licenza en materia urbanística: título administrativo regrado mediante o que a Administración habilita para a execución material dos actos de edificación e uso do solo proxectados, tras a comprobación de que se axustan ao ordenamento urbanístico vixente e de que reúnen as condicións esixibles de seguridade, salubridade, habitabilidade e accesibilidade, expresando o obxecto desta, as condicións e os prazos de exercicio conforme ao establecido na normativa aplicable.

3. Comunicación previa en materia urbanística: documento no que a persoa interesada pon en coñecemento da Administración municipal que reúne os requisitos para realizar un acto de transformación, construción, edificación e uso do solo ou do subsolo que non está suxeito a licenza municipal e que habilita, transcorrido o prazo de quince días hábiles dende a súa correcta presentación, para o inicio dos actos de uso do solo e do subsolo suxeitos a esta, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

4. Licenza de actividade: título administrativo regrado mediante o que, excepcionalmente, e en atención á concorrencia de razóns de orde pública, seguridade pública, saúde pública e protección do medio ambiente, a Administración habilita a apertura de establecementos ou desenvolvemento de actividades nos supostos expresamente previstos na normativa de aplicación.

5. Comunicación previa en materia de actividades: documento no que a persoa interesada pon en coñecemento da Administración municipal que reúne os requisitos para o inicio dunha actividade ou apertura dun establecemento e que habilita, desde o mesmo momento da súa correcta presentación, para o dito inicio ou apertura.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8554978884183442785.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-3-2023

6. Declaración responsable: documento no que a persoa interesada manifesta, baixo a súa responsabilidade, que cumpre todos os requisitos establecidos na normativa vixente para a apertura dun establecemento aberto ao público no que se desenvolvan espectáculos públicos ou actividades recreativas ou para a organización dun espectáculo público e/ou actividade recreativa, que dispón da documentación que así o acredita, que a poñerá a disposición da Administración cando se lle requira, que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente ao dito exercicio e que o habilita, logo da súa correcta presentación, para o exercicio da actividade, o desenvolvemento do espectáculo ou a apertura do establecemento desde a súa presentación, sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección atribuídas á Administración.

7. Título habilitante: licenza, comunicación ou declaración responsable que faculta para a execución dunha actuación urbanística, ou desenvolvemento dunha actividade.

ARTIGO 5.- ACTOS SUXEITOS A LICENZA

Están suxeitos a licenza municipal previa, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación aplicable, os seguintes actos de uso do solo e subsolo:

- a) Os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, consonte a normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.
- b) As intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.
- c) As demolicións, agás as derivadas de resolucións de expedientes de restauración da legalidade urbanística.
- d) Os muros de contención de terras, cando a súa altura sexa igual ou superior a metro e medio.
- e) Os grandes movementos de terras e as explanacións. Non se consideran grandes movementos de terras os que teñan como finalidade o movemento superficial das terras para levar a cabo actuacións directamente vinculadas coa explotación agraria.

- f) Os parcelamentos, segregacións ou outros actos de división de terreos en calquera clase de solo, cando non formen parte dun proxecto de reparcelamento urbanístico.

XXX

- g) A implantación de calquera instalación de uso residencial, xa sexan provisionais ou permanentes.

- h) A corta de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística e, en todo caso, cando a dita corta derive da lexislación de protección do dominio público, agás as autorizadas en solo rústico polos órganos competentes en materia forestal.

ARTIGO 6.- ACTOS SUXEITOS A COMUNICACIÓN PREVIA

1.- A comunicación previa en materia de urbanismo defínese como o documento no que a persoa interesada pon en coñecemento da Administración municipal que reúne os requisitos para realizar un acto de transformación, construción, edificación e uso do solo ou do subsolo que non estean suxeitos a previa licenza e, en todo caso, as que así se establezan nas leis.

2.- Todos os actos de ocupación e uso do solo e subsolo non recollidos no artigo 5 quedan sometidos ao réxime de comunicación previa, que poderán ser:

- a) Comunicacions previas de tramitación ordinaria.
b) Comunicacions inmediatas realizadas de xeito presencial.

3.- En xeral, sométense a comunicación previa ordinaria:

- a) Os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, consonte a normativa xeral de ordenación da edificación, non precisen de proxecto de obras de edificación.
b) A primeira ocupación dos edificios.
c) A execución de obras ou instalacións menores. En ningún caso se entenderán como tales os parcelamentos urbanísticos, os muros de contención de máis de metro e medio de altura e os grandes movementos de terra. Si se entenderán incluídas as que se realicen en inmobles catalogados, de moi escasa entidade técnica e constructiva, xustificadas pola deterioración material dos elementos sobre os que se propón a intervención, con alcance concreto e parcial, que requiren dunha rápida execución, ou as propias do mantemento e uso ordinario.
d) A utilización do solo para o desenvolvemento de actividades mercantís, industriais, profesionais, de servizos ou outras análogas.
e) O uso do voo sobre as edificacións e instalacións de calquera clase.
f) A modificación do uso de parte dos edificios e instalacións, en xeral, cando non teñan por obxecto cambiar os usos característicos do edificio nin implantar un uso residencial.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8554978884183442785.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-3-2023

- g) A extracción de granulados para a construción e a explotación de canteiras, aínda que se produza en terreos de dominio público e estean suxeitos a concesión ou autorización administrativa.
- h) As actividades extractivas de minerais, líquidos e de calquera outra materia, así como as de verteduras no subsolo.
- i) A instalación de invernadoiros.
- j) A colocación de carteis e paneis de propaganda visible desde a vía pública sempre que non estean en locais pechados.
- k) Os cerramentos e valados de predios.
- l) As instalacións e construcións de carácter temporal destinadas a espectáculos e actividades recreativas.

4.- As intervencións que a continuación se relacionan poderán realizarse como comunicacións inmediatas realizadas de xeito presencial na dependencia municipal habilitada para o efecto no propio Concello:

- a) Acondicionamento total ou parcial de local, sempre que non supoña a implantación ou modificación substancial dunha actividade nin afecte á estrutura e fachada do edificio e ao subsolo.
- b) Obras no interior da vivenda que non modifiquen a distribución nin afecten á estrutura.
- c) Supresión de tabique, obras de adecuación funcional na vivenda (protección contra a humidade, illamento térmico e acústico) e instalacións en vivenda.
- d) Pintado, reparación e impermeabilización de fachadas, medianeiras, patios, terrazas e balcóns.
- e) Substitución e colocación de carpintería exterior.
- f) Reparación e/ou substitución de elementos e instalacións comúns do edificio (ascensores, caldeiras, equipos de bombeo, escaleiras, portais, porteiros automáticos etc.) sen afección estrutural.
- g) Instalación de baixantes, canlóns e antenas (excepto de telefonía móbil) sen afección estrutural.
- h) Substitución e reparación do material de cubrición das cubertas sen afección estrutural.
- i) Instalación de novos elementos publicitarios en locais comerciais (rótulos, toldos, bandeirolas, etc.)
- j) Instalación e construción de valados, peches de parcelas e soares. Nos núcleos rurais nos que exista peche tradicional, será obrigatorio ter previamente aprobadas polo Concello as aliñacións.
- k) Pozos de auga e foxas sépticas.
- l) Limpeza, roza e nivelación de soares e parcelas, sempre que non altere o nivel natural do terreo nin afecte a ningún uso ou instalación pública.
- m) Axardinamentos, pavimentación, implantación de bordo e instalacións necesarias para o uso ou conservación de espazos libres de dominio privado sempre que non afecte a usos, servizos ou instalacións públicas.

n) Reforma ou instalación nova de equipos obxecto de regulación no Regulamento de instalacións térmicas de edificios.

5- Comunicaranse os cambios na titularidade das licenzas ou nas intervencións urbanísticas comunicadas previamente. Para estes efectos, non se considerarán en vigor as que teñan declaración expresa de caducidade, revogación ou renuncia.

ARTIGO 7.- ACTOS NON SUXEITOS Á LICENZA OU COMUNICACIÓN PREVIA

Non será esixible licenza urbanística nin comunicación previa nos seguintes supostos:

1. Os parcelamentos, segregacións, modificacións ou calquera outro acto de división de predios efectuadas, cando a división ou segregación sexa consecuencia da aprobación dun proxecto de compensación, reparcelamento ou expropiación, así como a execución de infraestruturas e dotacións públicas e o outorgamento polo planeamento de distinta clasificación ou cualificación da parcela de orixe.
2. As obras de apontoamento e/ou outras medidas de seguridade de carácter urxente, cando sexan precisas polo perigo inminente para garantir a seguridade das persoas.
3. As obras de urbanización previstas nos proxectos de urbanización ou de obras ordinarias.
4. As actuacións urbanísticas e actividades promovidas polo Concello no seu termo municipal, sen prexuízo de que o acordo municipal que as autorice ou aprobe estea sometido aos requisitos previos de verificación de cumprimento de normas.
5. As obras públicas eximidas expresamente pola lexislación sectorial ou as de ordenación do territorio.
6. Todas aquelas actuacións cuxa regulación se realice a través de ordenanzas municipais específicas.
7. Todas as actuacións eximidas pola lexislación estatal ou autonómica.
8. O exercicio das actividades ou apertura de establecementos sometidos a outros réxime ou intervención administrativa, e aqueles que non estean vinculados a un establecemento físico.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8554978884183442785.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-3-2023

ARTIGO 8. ACTUACIÓN S URBANÍSTICAS DE PARTICULARES EN TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO

1.- Cando as actuacións urbanísticas se realicen por particulares en terreos de dominio público, esixirase o preceptivo e previo título de habilitación urbanística, independentemente das autorizacións ou concesións que sexa pertinente outorgar por parte da Administración titular do dominio público.

2.- Cando a autorización ou concesión sobre terreos de dominio público lle corresponda á Administración municipal, e no procedemento de outorgamento da concesión ou autorización se constatase a adecuación do proxecto á normativa urbanística e sectorial aplicable, cumpríndose os trámites esixibles, as licenzas de obras e de actividade entenderanse outorgadas na propia resolución que estableza a autorización ou a concesión.

3.- A denegación ou ausencia de autorización ou concesión impedirlle ao particular obter a licenza, e ao órgano competente outorgarlla.

4.- A execución de gabias para acometida ou reparación de servizos nas vías ou espazos públicos requirirá previa autorización municipal, salvo que requiran proxecto de urbanización ou obras ordinarias.

a) A solicitude virá acompañada da seguinte documentación:

- Memoria e esbozo das obras, orzamento aproximado delas, fotografías, así como calquera outra documentación que permita definir con maior claridade a actuación para realizar, cando así o requiran os servizos técnicos municipais.

- Autoliquidación das taxas que correspondan.

- No caso de que a intervención se refira aos servizos de auga e saneamento, deberá incorporarse a autorización municipal da acometida.

- Con carácter previo á súa autorización, prestarase garantía polo importe das obras de mantemento e reposición dos servizos na contía sinalada polos servizos técnicos de Enxeñería.

b) A autorización adoptarase tras o informe emitido polo Servizo Municipal de Enxeñería, no que se establecerán as condicións para a súa execución e a contía para presentar como garantía, antes da súa autorización sen prexuízo da súa incautación nos casos que proceda por danos causados aos bens municipais no curso das actuacións autorizadas.

A autorización será adoptada mediante resolución do órgano que teña asignado a competencia para outorgar as licenzas urbanísticas ou órgano en quen delegue e o prazo de execución das obras non poderá superar os seis meses.

5.- O outorgamento dunha licenza para actuacións de edificación, rehabilitación ou demolicións de inmobles xa existentes, comportará a autorización para a colocación e utilización de espazos e medios auxiliares para a súa realización (valos, estadas e plataformas elevadoras), sen necesidade de nova solicitude e sen prexuízo do aboamento das taxas que correspondan.

Para tal efecto, adoptado o acordo, o Servizo de Licenzas daralles traslado deste aos servizos municipais afectados, para os efectos de que se establezan co interesado as condicións xerais e particulares da ocupación.

ARTIGO 9.- RESPONSABILIDADES E EFECTOS DAS LICENZAS, COMUNICACIÓNS E DECLARACIÓNS RESPONSABLES

1.- O outorgamento da licenza ou a presentación de comunicación previa ou declaración responsable producirá efectos entre o Concello e o suxeito a cuxa obra ou actividade se refiran respectivamente, pero non alterarán as situacións xurídicas privadas entre este e terceiros.

2. As licenzas, as declaracións responsables e as comunicacións previas facultan aos seus titulares para realizar as actuacións autorizadas, declaradas ou comunicadas, con suxeición ás condicións técnicas, xurídicas e de funcionamento que conteñan.

3.- As licenzas entenderanse outorgadas deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros. Idénticos efectos producirán a presentación das comunicacións previas e declaracións responsables.

4.- A comunicación previa presentada, con todos os requisitos legalmente establecidos e autorizacións sectoriais que procedan, é un acto do administrado que habilita o comezo da actividade ou apertura do establecemento e, se é o caso, o inicio da obra ou instalación. O Concello verificará as condicións de implantación e exercicio das actividades e as da execución das obras e instalacións.

5.- En ningún caso se entenderán adquiridos por estes procedementos dereitos en contra da lexislación, do planeamento urbanístico ou doutra normativa de carácter sectorial que resulte de aplicación.

6.- Nas licenzas, comunicacións previas e declaracións responsables non será necesario acreditar a titularidade dos inmobles afectados, salvo no caso de licenzas que establezan condicións suxeitas á inscrición no Rexistro da Propiedade e cando o seu outorgamento poida afectar aos bens e dereitos integrantes do patrimonio das administracións públicas, tanto de dominio público ou demanial como de dominio privado ou patrimonial, sen prexuízo das autorizacións e concesións esixibles consonte co establecido na normativa reguladora do patrimonio da correspondente administración pública.

7. Non poderán ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que incorresen os/as titulares no exercicio das actuacións autorizadas, declaradas ou comunicadas.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8554978884183442785.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-3-2023

8.- A documentación que se achegue xunto á solicitude de licenza, ás comunicacións previas e ás declaracións responsables, así como o contido destas terá o carácter de documento público para todos os efectos.

9.- Cando algunha das actuacións que se pretenden executar non se axustaran a algúns dos supostos establecidos na ordenanza, asimilárase coa que presente maior coincidencia, aplicándolle o seu réxime.

10.- As/Os técnicos/as asinantes da documentación técnica presentada son responsables da súa calidade, veracidade e do cumprimento das normas que sexan de aplicación en cada caso; así como da exactitude e veracidade das certificacións finais de obra que se acheguen.

11.- A comunicación previa presentada para os actos de uso do solo suxeitos a este procedemento implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade dos terreos, ou os/as empresarios/as das obras, dos/as técnicos/as redactores/as do proxecto e directores/as das obras e da súa execución, respecto á conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación ao proxecto e a documentación presentada.

3. Considérase que se altera significativamente o proxecto cando se produzan cambios de uso, se vexan afectadas as condicións de volume e forma dos edificios, a posición e ocupación do edificio na parcela, a edificabilidade, as alturas, os recuamentos e separación a lindeiros, o número de vivendas, as condicións de seguridade e outras similares.

No suposto de que se trate de modificacións substanciais, deberá obter previamente a oportuna licenza.

4. Se a xuízo da dirección facultativa da obra se tratase de variacións de detalle, poderán continuarse os traballos baixo a responsabilidade da persoa titular da licenza, debendo presentar informe das modificacións xunto coa comunicación previa da primeira ocupación da edificación ou posta en funcionamento da actividade, en cada caso.

ARTIGO 42. OBRIGA DO TITULAR DA LICENZA AO CONCLUÍR AS OBRAS

1. Con independencia das obrigas derivadas da execución simultánea da urbanización e das condicións xerais e particulares establecidas en relación os servizos públicos nos correspondentes acordos de concesión de licenza, dentro dos dez días seguintes á conclusión dunha obra, a/o propietaria/o deberá:

- a) Retirar os materiais sobrantes e as estadas, valos e barreiras.
- b) Ter construído o piso definitivo das beirarrúas.
- c) Repoñer ou reparar o pavimento, arboredo, conducións e cantos outros elementos urbanísticos resultasen afectados pola obra, se non fora posible rectificalo antes a causa das operacións da construción.

2. No suposto de incumprimento dalgunha destas obrigas, a autoridade municipal ditará as medidas oportunas para remediar as deficiencias, repoñer os elementos urbanísticos afectados ou reparar os danos, podendo ordenar a execución dos traballos necesarios con cargo á fianza cando se teña constituída.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8554978884183442785.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-3-2023

Subsidiariamente, responderán o/a promotor/a, o/a constructor/a da obra ou instalación e o/a propietario/a dos terreos, de forma solidaria, cando estes sexan diferentes.

3. Antes do uso ou utilización do inmovible deberase dispor de título que habilite a primeira ocupación da edificación.

ARTIGO 43. DOCUMENTACIÓN NO LUGAR DA OBRA OU INSTALACIÓN

1. En toda obra deberase ter a disposición da inspección municipal:

- a) O documento acreditativo do título de habilitación da obra ou actividade.
- b) Un exemplar do proxecto de execución presentado .
- c) Aquela outra documentación que poida corresponder por razón da obra.

2. Nas obras suxeitas a licenza urbanística que requiran proxecto de edificación ou demolición, deberá instalar un cartel de obra, nun lugar visible, coas seguintes indicacións:

- a) Nome e apelidos das persoas técnicas e directores de obra, así como a persoa contratista.
- b) Ordenanza que se aplica.
- c) Usos aos que se vai destinar a construción e número de plantas autorizadas.
- d) Prazo de execución das obras.
- d) Data de outorgamento da licenza e número de expediente.

ARTIGO 44. ABANDONO OU PARALIZACIÓN DAS OBRAS

No suposto de que as obras quedasen abandonadas ou paralizadas, ou se atopen en situación tal que afecten ao debido ornato público, a autoridade municipal poderá:

- a) Ditar as ordes de execución pertinentes ao abeiro do establecido no artigo 135 e seguintes da Lei 2/2016.
- b) Comunicalo ao servizo municipal competente para levanza do rexistro municipal de soares e edificacións.

TITULO III CONTROL POSTERIOR

ARTIGO 45. ÁMBITO DE APLICACIÓN

1. O Concello velará polo cumprimento dos requisitos aplicables segundo a lexislación correspondente, para o que está facultado para comprobar, investigar e inspeccionar as obras e/ou actividades co obxecto de verificar o cumprimento das condicións de funcionamento impostas, a adecuación á normativa que lle resulte aplicable e demais circunstancias que se produzan.

2. O persoal municipal adscrito á inspección e vixilancia urbanística e das actividades, no exercicio das súas funcións, terá a consideración de axente da autoridade e gozará do estatuto regulado na lexislación a estos efectos. As persoas interesadas teñen o deber de cooperación para a comprobación administrativa da adecuación das obras e/ou actividades á normativa urbanística aplicable.

3. O control realizado posteriormente á presentación da comunicación previa ou declaración responsable, levarano a cabo os servizos municipais no xeito que se determine, sen prexuízo das actuacións de certificación, verificación, inspección e control da conformidade de instalacións, establecementos e actividades que realicen, no seu caso, as entidades de certificación segundo o disposto na lexislación vixente.

4. A actividade de control deberá verificar a efectiva adecuación da obra e/ou actividade á normativa aplicable nos termos previstos nesta ordenanza, sen prexuízo do procedemento de protección da legalidade e sancionador que, de ser o caso, poida iniciarse.

5. Anualmente aprobarase o plan municipal de control e inspección, de xeito que en atención aos medios e recursos municipais, dea resposta ás demandas e necesidades sociais de cada momento.

O feito de que se leven a cabo visitas de comprobación programadas, non obsta para que Administración Municipal, en exercicio das facultades que ten atribuídas de control e inspección, realice con posterioridade as visitas de comprobación que considere oportunas.

ARTIGO 46. ACTA DE COMPROBACIÓN E INFORME DE CONTROL

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8554978884183442785.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-3-2023

1. A acta de comprobación é aquel documento que se expide co fin de recoller o resultado das actuacións de comprobación e investigación, nos supostos de obras e actividades suxeitas a comunicación previa ou declaración responsable.

2. As actas serán notificadas ós/ás interesados/as, salvo que pola súa simplicidade poida ser expedida no propio acto de control, sendo neste caso asinado polo persoal técnico do Concello e as persoas responsables das obras ou actividades, que quedarán notificadas no dito acto mediante a entrega dunha copia da acta.

3. Son informes de control aqueles emitidos pola inspección, de oficio ou por pedimento dos/as interesados/as, sexan preceptivos ou non, consonte co ordenamento xurídico, ou resulten necesarios para a aplicación e cumprimento da normativa urbanística.

4. As actas de comprobación e os informes de control teñen o carácter de documento público, gozan de presunción de veracidade e constitúen proba dos feitos reflectidos neles, sen prexuízo das probas que, en defensa dos seus dereitos, poidan chegar as persoas interesadas.

ARTIGO 47. CONTIDO DO INFORME DE CONTROL OU ACTA DE COMPROBACIÓN

Tanto a acta de comprobación como o informe de control terán o seguinte contido mínimo:

- a) Identificación da obra, establecemento e/ou actividade.
- b) Identificación da persoa titular ou responsable da actividade ou obra.
- c) Data de realización da inspección e das persoas que realizan a actuación de control.
- d) Descrición das actuacións practicadas.
- e) Descrición das modificacións que, se é o caso, se observen nas instalacións, procesos e actividades respecto da documentación técnica presentada xunto coa comunicación previa e/ou declaración responsable.
- f) Incidencias producidas durante a actuación de control.
- g) Axuste ou desaxuste coa documentación técnica presentada.
- h) De ser posible, reportaxe fotográfico do local inspeccionado e calquera outra documento ou información que se considere.

ARTIGO 48. RESULTADO DO CONTROL POSTERIOR

1. Transcorrido o prazo de execución das obras sinalado polo interesado, ou no prazo de quince días dende a presentación da comunicación previa de obra ou de inicio de actividade, o Concello poderá iniciar a verificación e control posterior das obras e actividades, analizando a documentación técnica achegada e realizando a correspondente visita de inspección.

2. Efectuado o control posterior das actividades, emitirase un informe que poderá ser:

- a) Favorable: cando se comprobase a corrección da actividade e das obras para a súa implantación.
- b) Con deficiencias: cando fosen emitidos informes técnicos nos que se evidencien incumprimentos normativos corrixibles mediante a imposición de condicións para adoptar, completar ou eliminar aspectos que non requiran da elaboración de documentación técnica, ou, requiríndoa, non supoñan unha modificación substancial.

Neste caso darase un prazo de 15 días ao/a titular, para que cumpra as condicións establecidas no informe e corrixa as deficiencias na documentación técnica que foran necesarias absténdose entre tanto de realizar calquera obra ou actividade.

- c) Desfavorable: cando se emitiran informes técnicos que evidencien incumprimentos normativos que excedan dos sinalados no apartado anterior, tanto na documentación técnica presentada como na obra ou na actividade implantada.

Neste caso, notificaráselle esta circunstancia á/ao solicitante e indicarlle que debe de absterse de executar a súa actuación, concedéndolle trámite de audiencia por prazo de 15 días con carácter previo á declaración de ineficacia. Todo isto sen prexuízo da tramitación dos correspondentes procedementos sancionadores e de reposición da legalidade urbanística.

ARTIGO 49. INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

Se os feitos comprobados nos actos de verificación das actividades comunicadas ou declaradas responsablemente, fosen constitutivos dunha infracción administrativa tipificada na lexislación vixente, o Concello, a través do correspondente procedemento sancionador, imporá as sancións correspondentes aos suxeitos responsables. Todo isto, sen prexuízo da resolución que determine a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou da actividade afectada, así como das posibles medidas para a restitución da legalidade á situación xurídica

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8554978884183442785.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-3-2023

previa, e da esixencia do resarcimento de danos e perdas e das responsabilidades civís, penais ou doutra índole que concorran.

TITULO IV. INFORMACIÓN URBANÍSTICA E PROCEDEMENTOS PREVIOS

ARTIGO 50. NORMAS COMÚNS AOS ACTOS DE INFORMACIÓN URBANÍSTICA

A contestación da información urbanística ou consulta urbanística, común e especial, non exime do deber de comunicación previa, declaración responsable ou de obter a licenza urbanística correspondente.

Nin a contestación ás consultas urbanísticas, común e especial, nin a cédula urbanística terá efecto vinculante para a Administración Municipal e contra elas non cabe a interposición de recurso algún.

As consultas deberán formularse por escrito, achegando a documentación e datos que se consideren convintes en orde a aclarar a información solicitada, así como xustificante do pago de taxas que correspondan.

ARTIGO 51. CONSULTAS PREVIAS.

1. En exercicio dos seus dereitos, poderanse formular consultas relativas á situación urbanística dunha determinada parcela, soar, inmovible ou local, así como dos actos ou usos do solo ou subsolo permitidos e do procedemento de tramitación aplicable para a actuación de que se trate, a través de calquera dos medios de administración electrónica cos que conte o Concello e previo aboamento das taxas establecidas segundo o tipo de informe escrito solicitado.

Sen perxuízo do anterior, toda persoa terá dereito a ser informada verbalmente e de forma gratuita de aspectos relacionados co réxime urbanístico aplicable a unha determinada parcela, solar, inmovible ou local, así como dos actos ou usos do solo ou subsolo permitidos e do procedemento de tramitación aplicable para a actuación que se trate. Igualmente poderá examinar por sí mesma a documentación integrante do Plan Xeral e dos instrumentos urbanísticos de desenvolvemento, no lugar e coas condicións de funcionamento do servizo fixadas a tal efecto. Toda a información mencionada poñerase a disposición dos administrados a través da Web municipal para o seu libre acceso.

Existirá así mesmo, un buzón de acceso público gratuíto na web municipal onde constarán aquelas respostas dadas ás consultas verbais ou escritas emitidas que se consideren de xeral interese para os administrados.

2. En consultas de carácter urbanístico, a citada información escrita poderase plasmar a través das seguintes modalidades:

- a) Información urbanística ou consulta urbanística común.
- b) Consulta urbanística especial.
- c) Cédula urbanística.

ARTIGO 52. INFORMACIÓN URBANÍSTICA OU CONSULTA URBANÍSTICA COMÚN

1. Poderanse formular consultas por escrito relativas á situación urbanística dunha determinada parcela, soar, inmovible ou local, así como dos actos ou usos do solo ou subsolo permitidos e do procedemento de tramitación aplicable para a actuación de que se trate.

2. A consulta será contestada nun prazo máximo de dous meses, unha vez presentada no rexistro a solicitude, sempre e cando non requira do pronunciamiento do outro órgano distinto ao informante, en cuxo caso será inadmitida.

Nos casos de consultas relativas a unha parcela ou inmovible, a solicitude deberá ir acompañada dun plano a escala realizado sobre cartografía oficial de Lugo así como un plano de situación catastral, no que se sinalen a forma e superficie da parcela ou inmovible obxecto da consulta así como a súa referencia catastral.

ARTIGO 53. CONSULTA URBANÍSTICA ESPECIAL

1. As persoas interesadas poderán formular consultas urbanísticas especiais para resolver as dúbidas de interpretación que lles poida suscitar a aplicación dun ou varios preceptos normativos ás propostas técnicas que presenten sobre unha actuación urbanística concreta. A interpretación levarase a cabo de conformidade co establecido no artigo 8 do Plan xeral de ordenación municipal, que regula a interpretación e xerarquización da documentación do plan.

2. A consulta especial deberá incorporar propostas, con documentación subscrita por técnico competente, suficiente para coñecer e valorar a cuestión técnica ou xurídica presentada.

3. A contestación da consulta deberá producirse no prazo de tres meses, salvo que a súa complexidade requira un maior prazo, sen que en ningún caso supere os seis meses.

4. A resposta á consulta non exime do deber de obter a licenza urbanística ou realizar a comunicación previa ou declaración responsable correspondente.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8554978884183442785.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-3-2023

ARTIGO 54. CÉDULA URBANÍSTICA

1. A cédula urbanística constitúe unha das manifestacións do dereito á información dos administrados, configurándose como documento acreditativo do réxime e circunstancias urbanísticas ás que está suxeito un predio, parcela ou terreo edificable do termo municipal. A información contida nela comprenderá, ademais das determinacións da lexislación vixente, as alteracións que poidan afectarlle e que se atopen en tramitación.

2. Están lexitimados para solicitar a cédula urbanística os/as propietarios/as dos predios de que se trate ou os/as titulares de opción de compra sobre estas. Non obstante, en base ao principio de publicidade do planeamento, calquera administrado/a poderá efectuar igualmente tal solicitude.

3. A cédula conterá o pronunciamento sobre dos seguintes extremos:

- a) Localización da parcela.
- b) Clasificación urbanística.
- c) Cualificación urbanística, con indicación concreta do uso e aproveitamento asignados.
- d) Condicións que debe cumprir a parcela para a súa conversión en terreo edificable, se aínda non o fose.

4. A información contida na cédula urbanística refírese ao momento da súa expedición e apoiarase nos datos facilitados polo/a petionario e nos antecedentes con que conte a propia Administración municipal. Esta información terá vixencia en tanto non se modifiquen as figuras de planeamento ou instrumentos de execución que afecten ao predio, parcela ou terreo edificable.

5. Cando a petición da cédula urbanística solicitada entrañe a solución de aspectos contraditorios ou litixiosos das determinacións de planeamento, informaráselle deste extremo ao/á solicitante, iniciándose o pertinente procedemento de interpretación do planeamento e quedando suspendido o prazo de emisión da cédula ata que se resolva este procedemento.

6. Cando se solicite cédula urbanística para unha parcela que, por acharse aínda inmersa en procesos de planeamento ou de xestión urbanística, non fose susceptible de converterse en terreo edificable mediante a realización dunha actuación illada de urbanización, denegarase expresamente a súa emisión con perda das taxas aboadas con anterioridade.

7. A cédula urbanística emitirase ou denegarase expresamente polo Alcalde ou órgano municipal en quen delegue dentro dos dous meses seguintes á data da súa solicitude, sempre que previamente teñan aboado as taxas correspondentes.

8. A suspensión de outorgamento de licenzas suporá a da emisión de cédulas urbanísticas.

9. En ningún caso poderán incluírse nunha cédula urbanística varias parcelas, debendo referirse a unha única parcela determinada.

ARTIGO 55. SOLICITUDES DE DECLARACIÓN DE SITUACIÓN DE FÓRA DE ORDENACIÓN EN OBRAS TERMINADAS SEN LICENZA OU SEN AXUSTARSE Á MESMA.

1. A declaración de situación de fóra de ordenación emitíraa o Concello previa solicitude realizada por escrito de calquera interesado/a, en relación as obras, instalacións, construcións e edificacións existentes nunha parcela, nas que se infrinxiu a normativa urbanística, por levar a cabo obras sen licenza ou sen axustarse á mesma, ou cando obtida licenza de edificación non dispoña do título que habilita á primeira ocupación da edificación. Sempre que a Administración non adoptase medidas de restauración da legalidade, ordenando a restauración da orde xurídica perturbada.

A declaración de situación de fóra de ordenación por obras terminadas sen licenza ou sen axustarse a mesma, configúrase como documento acreditativo do réxime e circunstancias urbanísticas ás que están suxeitos os actos do uso do solo. En particular as obras, instalacións, construcións e edificacións, que se executaron en contra das previsións da lexislación urbanística, respecto das cales, prescribiu a acción de restauración da orde xurídica infrinxida polo transcurso de seis anos dende o seu remate total.

Enténdese que a edificación está rematada cando esté ultimada e disposta a servir ó uso ó que se destina, sen necesidade de ningunha actuación material posterior.

2. Están lexitimados para solicitar declaración da situación de fóra de ordenación os/as propietarios/as da obra, construción e edificación de que se trate.

3. Non procederá dita declaración de fóra de ordenación prevista neste artigo, cando se dé algunha das seguintes circunstancias:

- a) Que non tiveran transcorrido máis de seis anos dende o remate total das obras, existentes no momento da solicitude, aínda que non este incurso nun procedemento resturador da legalidade
- b) Que antes de que transcurriera o prazo de prescripción das obras, construcións o instalacións ocuparan ou invadiran o dominio público.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8554978884183442785.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-3-2023

c) Que as obras, construcións o instalacións se atopen en solo clasificado polo planeamento como zonas verdes, espazos libres, dotacións ou equipamentos públicas no momento no que se acredite o remate total das obras existentes no momento da solicitude.

4. As solicitudes de declaración de situación de fóra de ordenación deberán incluír a documentación que se esixa en cada momento por resolución do órgano competente.

5. Formulada solicitude requirase informe aos servizos técnicos municipais, que procederán a súa emisión unha vez realizada a inspección das obras, edificacións ou instalacións que conforman o inmovible, comprobándose a veracidade dos datos aportados, a situación construtiva na que se atopa o inmovible.

Emitidos os informes técnicos, o servizo que teña atribuída a súa tramitación, informará sobre a adecuación ou non, da solicitude á lexislación e normativa de aplicación, e formulará proposta de resolución, que será adoptada pola Xunta de Goberno Local.

Dita resolución deberá conter como mínimo: descripción do inmovible, instalación, construción ou edificación a que se refire, indicando o seu emprazamento, a referencia catastral, a data de remate da mesma, o uso a que se destina, e sinalará expresamente as limitacións que conleva a declaración solicitada.

7. O prazo máximo para a tramitación deste procedemento será de seis meses, a contar dende á data da presentación da solicitude, coa documentación completa. Entenderase desestimada a petición formulada, unha vez transcorrido o prazo sen notificar ao/a interesado/a resolución expresa.

ARTIGO 56. INTERPRETACIONES

1. En caso de discrepancias de interpretación entre os distintos servizos municipais sobre do réxime aplicable aos actos e actividades reguladas na presente ordenanza, que excedan da mera labor de interpretación xurídica, ao abeiro do previsto nas regras de aplicación das normas xurídicas e a interpretación das normas urbanísticas, sectoriais e/ou medioambientais, poderase instar de oficio a elaboración dun criterio interpretativo que solucione a discrepancia.

2. A unidade que detecte ou requira a decisión, elaborará un informe ditame ou proposta de xeito sucinto e concreto, contendo os apartados de consulta ou problema, a normativa afectada e a proposta, dando traslado do documento ao máximo responsable administrativo da área que, no seu caso, recabará informe das áreas ou servizos con interese ou competencia no tema.

3. O órgano competente para aprobar o criterio interpretativo será aquel a quen corresponda resolver por razón da materia obxecto da interpretación.

4. Os criterios interpretativos así resoltos terán efectos fronte a todos dende a data da resolución e a súa publicación no BOP, e unha vez aprobados serán notificados aos diferentes servizos municipais e insertados na Web municipal.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

Cando nesta ordenanza se realicen alusións a normas específicas, entenderanse extensivas as referencias á norma que por promulgación posterior substitúa a mencionada.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

A documentación que debe ser presentada para cada procedemento, así como as instancias, será a establecida e modificada, mediante resolución do órgano municipal competente para o outorgamento de licenzas, quedando supeditada a súa obrigatoriedade á publicación na sede electrónica e/ou na páxina web municipal.

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA

Facúltase ao órgano municipal competente para o outorgamento de licenzas para interpretar, por medio das correspondentes instrucións, os procedementos que resulten desta ordenanza, se ben a súa obrigatoriedade supeditase á publicación no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web municipal.

DISPOSICIÓN ADICIONAL CUARTA

O exercicio do control posterior das obras e actividades comunicadas ou sometidas a licenza, realizarase de conformidade cos plans ou programas municipais aprobados polo órgano municipal competente para outorgar as licenzas. O servizo que teña asignada a inspección realizaraa consonte os plans e programas de inspección aprobados.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA

As/os titulares de procedementos iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta ordenanza poderán desistir da súa solicitude e optar pola aplicación da nova normativa, sempre que o poñan de manifesto antes de que teña recaído acordo de resolución do procedemento. En caso contrario, continuarase coa tramitación segundo a normativa que lles resultase de aplicación.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8554978884183442785.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-3-2023

DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA.

A partir da entrada en vigor desta ordenanza, queda derogada a Ordenanza municipal reguladora das comunicacións de obras menores aprobada polo Concello Pleno o 4 de marzo de 2013, e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido na presente ordenanza así como quedarán sen efecto cantas resolucións contradigan ao nela disposto.

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA. Entrada en vigor.

A presente ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, previo cumprimento do prazo establecido no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de Bases do Réxime Local, e permanecerá vixente ata que non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Procedemos entón ao debate da modificación da ordenanza, desa aprobación definitiva, así que ten o tenente da alcaldesa, delegado da área de Sostibilidade Urbana, a quenda de palabra.

- **ÁLVARO SANTOS RAMOS:** Moi bos días, moitas gracias. Coa aprobación desta ordenanza pretendemos cumprir 10 obxectivos:

Primeiro, seguridade xurídica. Regúlanse con concreción nunha única norma municipal os títulos habilitantes de calquera obra.

Dous, máis axilidade e concreción. Un único requirimento para corrixir os defectos do expediente, non un por cada informe técnico.

Tres, máis seguridade e maior transparencia. Establécese un procedemento específico de fixación de criterios interpretativos.

Catro, simplificación burocrática. Prevese expresamente que a licenza comporta á autorización doutros permisos para a mesma obra sen máis necesidade que comunicalo.

Cinco, flexibilidade e mellor planificación para promotores e profesionais. O prazo de execución das obras menores pasa de tres a seis meses.

Seis, maior responsabilidade e compensación ao administrado en caso de non cumprir. Devolución do 30% das taxas a quen, presentando todo correctamente, non se lles resolva a súa licenza en prazo.

Sete, menos trabas e maior control posterior. Pódese dar licenza cun proxecto básico sen necesidade de ter presentado o de execución e comezar a obra unha vez presentado.

Oito, corresponsabilidade. Obtención de licenza de primeira ocupación dunha construción, a través de comunicación previa, podendo evitarse e ter todos os servizos moito antes case de inmediato.

Nove, en Lugo, todos cidadáns de primeira, porque se permite a todos aqueles que teñan presentado un expediente acollerse á ordenanza e desfrutar das súas vantaxes.

Dez, a administración accesible, transparente e comprensible. Regulamos o acceso á información urbanística a través de catro vías: un, a consulta previa, verbal e gratuíta, que pode ser presencial; dous, a consulta urbanística común por escrito e para espazos sen afeccións sectoriais; tres, a consulta urbanística especial, que interpreta a aplicación dun precepto concreto nun espazo determinado, e catro, a cédula ou certificación urbanística que certifica con carácter vinculante o réxime aplicable a unha parcela.

Rexeitáronse a maioría das alegacións por non referirse a materias obxecto desta ordenanza ou por ir en contra das leis vixentes.

Por exemplo, rexeitamos a posibilidade de prorrogar licencias unha vez finalizado o prazo de execución por ser un acto ilegal, ou rexeitamos a habilitación da SECOM, entidades de capital privado cuxo negocio é dar o visto bo a proxectos de obra substituíndo a administración pública, precisamente para garantir a máxima transparencia e imparcialidade tan necesarias na obtención de títulos habilitantes urbanísticos.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para a portavoz de Ciudadanos.

- **MARÍA OLGA LOUZA O ALDARIZ:** Moi bos días a todos e a todas. Pois a verdade é que todos coincidimos en que un dos problemas máis graves que ten este Concello atópase na tramitación de licenzas e no servizo de urbanismo, que está a supoñer un atranco no desenvolvemento económico da cidade, tanto no sector da construción como en moitos outros. De aí que todas as medidas e instrumentos que vaian encamiñadas a axilizar e simplificar os trámites administrativos nesta materia deben ser benvidos.

Iso non quere dicir, como xa dixemos na súa aprobación inicial, que esta sexa a mellor norma do mundo, tal e como amosan as alegacións presentadas. Se tivesen a ben ter presentado un documento máis consensuado con aqueles sectores e profesionais que cada día se enfrontan ás normas urbanísticas, hoxe teríamos un documento máis completo, máis eficaz e máis consensuado.

Pero, a verdade, é mellor que non ter nada. Ten que ser un punto de partida, non o final, para seguir avanzando e mellorando a nivel urbanístico. E como tantas outras normas o importante non é o que se plasma nun papel, senón como se desenvolve e como se cumpre.

En maio de 2018 desde o noso grupo presentamos unha proposta a este pleno para a axilización de licenzas. Seguro que algún dos que estades hoxe aquí o recordades. E o seu punto número 2 era a aprobación dunha ordenanza deste tipo. Así que nos alegamos, unha vez máis, que entendesen que contar cun instrumento

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8554978884183442785.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-3-2023

normativo deste tipo é fundamental, e tamén nos alegramos que os representantes do BNG tivesen a ben votar a favor desta ordenanza, a pesar de terse abstido na nosa proposta no 2018, afirmando que crear unha ordenanza para isto, pois era un pouco esaxerado. Benvidos ao sentido común.

Perdemos catro anos, iso é verdade, e perderon sobre todo a paciencia cidadáns, empresas e tamén gandeiros, entre outros, desesperados pola demora e inacción deste goberno, o que lles fixo desistir, en ocasións, para iniciar unha actividade ou marcharse a outras vilas ou concellos onde todos son facilidades. E por desgracia en Lugo aquí todo é unha carreira de obstáculos.

Nós temos moi claro que o urbanismo en Lugo ten que ser unha prioridade polas consecuencias positivas que repercuten no conxunto da cidade, pero non só é un problema de persoal ou dunha ordenanza. Hai moitos máis problemas como o PXOM, o PEPRI, que precisan da vontade política suficiente para iniciar unha nova redacción.

Vostede, señora Méndez, en oito anos foron capaces de aprobar unha ordenanza, facer dimitir a un concelleiro de urbanismo e conseguir que o actual tire a toalla e xa non queira repetir.

A súa folla de haberes, que quere que lles diga, pois neste asunto é bastante desastrosa.

Xa sabemos que estas melloras son menos vistosas, que non se poden inaugurar con chocolatadas, merendas ou bailes, pero quizais deberán ter cambiado o chip e preocuparse do urxente, deixando a un lado as ocorrencias e escoitando máis. Teríanos ido moito mellor.

Hoxe damos un paso, pero como dicía antes, o importante non é o que se pon nun papel, senón como se cumpre e como se leva a cabo. Moitas grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois quenda agora para o portavoz do Partido Popular.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Muchas gracias, alcaldesa. Bueno, tengo que empezar por el final, precisamente, de la intervención de Álvaro Santos porque dijo taxativamente que las certificaciones tienen carácter vinculante para el administrado, vinculante para la administración. Joder, es que no se puede empezar con una mentira este debate de pleno, porque, precisamente, el artículo 50 que nos traen hoy aquí dice literalmente en su párrafo segundo: "Ni la contestación a las consultas urbanísticas, como un especial ni la cédula urbanística tendrán efecto vinculante para la administración municipal. Y contra ellas no cabe interposición de recurso alguno".

Empezamos muy mal si la primera intervención ya es una mentira. Y esto es una retaña y una sarta de mentiras lo que se está diciendo aquí. Llevamos ocho años en Lugo con un problema gravísimo de licencias, que está colapsado, que está bloqueando el futuro desta ciudad.

Y esto no es algo que se invente el Partido Popular, sino que es algo que pone de manifiesto el Colegio Profesional de Arquitectos, Aparejadores, la Asociación de Empresarios de la Construcción..., cualquier colegio profesional vinculado a la

construcción o cualquier inversor o particular que necesite de una licencia en este Ayuntamiento. Hemos llegado a una situación límite durante estos 8 años. A una situación límite que eran dos años de retraso, de mínimo, en una licencia urbana, y aproximadamente hasta tres años en una licencia del rural. Esto es la realidad. Y durante ocho no se hizo prácticamente nada, salvo nombrar a un concejal que, efectivamente, sí que parece que venía con ganas de traballar. Por cierto, algo que no abunda en este equipo de bigobierno municipal y es justo la persona que venía con ganas de traballar, que venía con ideas, que venía con proyectos y que parece que estaba empezando a tomar decisiones que podían mejorar esta situación, cuando llega el momento de la Junta de Gobierno, donde se debería adoptar una de esas mejoras para la tramitación de licencias, le paralizan la decisión, empiezan a paralizar su proyecto de cambio de la Concejalía de Urbanismo y le obligan a dimitir por desautorizarlo públicamente ante todo el colectivo y ante su propio Ayuntamiento.

Y ahora nos vienen con esta ordenanza que es el futuro, es la solución de absolutamente todo. Esto es la panacea, según el señor Santos y según la alcaldesa Lara Méndez. Pero es que es una ordenanza hecha sin ningún tipo de consenso con los colegios profesionales, sin haber hablado mínimamente con el sector.

Nosotros, en cambio, hemos presentado varias decenas de alegaciones, consensuadas y habladas con los colegios profesionales y con especialistas en el sector, que se han desestimado en el 95%, tanto las del Partido Popular, como las del Colegio de Arquitectos de Lugo, como el Colegio de Galicia, como la Asociación de Empresarios de la Construcción.

Se ríen de nosotros. Se ríen de nosotros, porque lo único que han estimado es la corrección de unas fechas que nos les quedaba más remedio, porque se habían equivocado, y también obligados por un cambio legislativo que entró en vigor el 1 de enero, a que la comunicación previa recoja también las licencias de primera ocupación.

Es decir, no les ha quedado más remedio que hacer esos cambios, y nos vienen aquí a vender que han sido mejoradas y que esto es la panacea.

Bueno, se ríen de nosotros hasta tal extremo que simplemente les van a devolver el 30% del 1% de las tasas e impuestos de la licencia, cuando ustedes incumplen el plazo legal de resolver en tres meses que marca la ley.

Ni garantizan la atención presencial...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas á súa quenda. Iniciamos entón as segundas roldas de intervención. Minuto e medio para o concelleiro delegado.

- **ÁLVARO SANTOS RAMOS:** Moitas gracias. Vinculada si, porque pode dar lugar a un dereito de responsabilidade patrimonial. E se iso non o sabe ou non o entende é o seu problema, non o meu, que non minto. Non acostumo a facer iso. Señora Louzao, fale por vostede, que por min xa vou falando eu. Vale? Fale por vostede que por min xa vou falando eu.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8554978884183442785.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-3-2023

E señor Ameixide, de verdade, sen ánimo de polemizar, eu non teño opinión sobre o meu antecesor no cargo, que vostedes tanto aplauden, tanto queren e que si lle direi, por min léveno con vostedes. Porque eu cando cheguei a Urbanismo, ese concelleiro que vostedes din que tanto traballaba, a modificación do PXOM para ter a intermodal en Lugo saben canto fixera? Cero. E recorde vostede cando a votou comigo de concelleiro. Do 5% do PXOM sabe canto tiña feito? Cero. Recorde vostede con quen o votou. Da ordenanza de títulos habilitantes, sabe cantas liñas tiña escrito? Cero. Recorde vostede con quen a votou para a súa aprobación inicial e para a súa aprobación definitiva.

Cando cheguei había preto de quiñentos expedientes de licencia sen resolver e non ían todos en orde. Algún que vostede sabe ía antes dos que se presentaron despois. Algún que vostede, Antonio Ameijide, sabe ía antes dos que se presentaron despois. Hoxe hai moitos menos. Esa élle a verdade. E o demais contos interesados.

Hoxe imos aprobar unha ordenanza que cumpre dez obxectivos para cambiar, si, para cambiar, este servizo, pola vía do rigor da función que nós temos como políticos, que non é que...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Finalizou a súa quenda. Segunda quenda de intervención para a portavoz de Ciudadanos.

- **MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Señor Santos, aviso a navegantes, señores do Partido Socialista. Para quen quere un inimigo se xa teñen compañeiros de partido. Jobar. Grazas. Xa non quero saber que dirá dos que estamos na oposición. Medo me dá.

E a parte eu que estou a favor desta ordenanza, así que espero que desta me libre, a pesar dos meus comentarios, que xa sabe que llos digo con cariño.

Nós, señor Ameijide, xa sabe que nós non imos ser quen defenda este bigoberno nin o goberno do anterior mandato en materia de Urbanismo, porque moitos problemas que ten esta cidade de desenvolvemento económico hai que adxudicarllos á falta de actividade e de acción que levaron durante estes últimos anos.

Nós 2018 propuxemos que esta era unha medida que podía funcionar e que polo menos tiñamos que empezar a traballar nela. 2018. Este é o ritmo. Eu vou retomar aquela canción, que sempre lle dedico ao meu señor, querido portavoz do Partido Socialista. O ritmo do goberno é o "despacito, porque perdemos catro anos para poder ter unha ordenanza.

Non é a mellor ordenanza do mundo. Repetimos que non houbo consenso, non se escoitou aos colectivos. Pero cremos que ten que ser un paso. Pero, señor Santos, seguro que comparte comigo, aínda que seguramente non o poderei debater con vostede no vindeiro mandato, o importante é que se cumpra e estar á espera de como se vai desenvolvendo para poder realizar as modificacións pertinentes, porque, ás veces, unha norma non contempla a realidade.

O que importa neste caso é dar seguridade xurídica, permitir unha axilización das licenzas tan importantes para o futuro da cidade e que se teña a ben escoitar a

aqueles sectores e colectivos que cada día se teñen que enfrontar á normativa urbanística deste concello, que a parte de...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois segunda quenda para o portavoz do Partido Popular.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** No voy a entrar a volver a reiterar la mentira o el gazapo. Igual si hubiese salido a la ordenanza a lo mejor hasta no mentía en la primera intervención, pero no vamos a entrar en reiterar el artículo 50.

Pero si algo valoro realmente de este bigobierno es la capacidad de sorprendernos cada pleno, y sobre todo de demostrar día a día esa capacidad de compañerismo que tienen entre ustedes.

Compañerismo yo creo que es la palabra que caracteriza a este bigobierno. No se dirigen la palabra entre el PSOE y el BNG, eso es algo evidente. La alcaldesa y Rubén Arroxo solo llegaron a acuerdos y a pactos para repartirse los sillones, la moqueta, las dedicaciones exclusivas, los asesores y el dinerito para poder repartir en las obras y ocurrencias varias que tienen a diario. Es decir, no se hablan entre los dos socios de gobierno. Pero es que parece que la situación es todavía más dramática si nos metemos en los entresijos de los partidos políticos. Porque, vamos, el ejercicio de transparencia que acaba de hacer aquí Álvaro Santos es digno de estudio en esta institución. Yo en diez años, casi once, en este Ayuntamiento no había escuchado un ejercicio de transparencia de este calibre.

Me encanta escuchar hablar así de bien de los compañeros de bancada política. Espero no tener que escucharles nunca cómo hablan en privado de nosotros, porque la verdad debe ser dramático ya.

Pero, bueno, en fin, señor Santos. Usted, y activo el modo irónico o sarcástico, que ya lo tenía activado desde hace un rato... Usted es un enorme gestor que en enero reconocía que tenía 240 licencias paralizadas, que más o menos ascienden a...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Finalizou o seu tempo. Moitas grazas á última quenda para o portavoz do Goberno.

- **ÁLVARO SANTOS RAMOS:** Pois moitas grazas. Falando do que importa á xente de ben de Lugo, hoxe imos aprobar por primeira vez en moitos anos unha ordenanza que regula e dá seguridade xurídica ás licenzas no Concello de Lugo e que clarifica a todos o que temos que facer, cando e como.

E esa é a verdade. Os que levanten a man impulsan Lugo. Os que non a levanten? Pois quenda ancorados no rencor, na carraxe, contra todo o que sexa avanzar, non vaia ser que lles...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Señor Ameijide, xa lle teño dito en distintas ocasións que por moito que vostede intente trasladar unha falsa premisa e a reitere incondicionalmente non se converte nunha realidade.

Esta ordenanza está consensuada. Eu mesma tiven unha reunión co Colexio de Arquitectos, coa Delegación de Lugo. Unha. Varias reunións coa súa presidenta,

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8554978884183442785.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-3-2023

onde nos fixeron achegas, onde esas achegas xa estaban incluídas no primeiro borrador da ordenanza, polo tanto isto de que non escoitamos e non nos reunimos... O que pasa é que ao mellor non lle damos a publicidade nin facemos alarde desas cuestións que vostedes queren atesourar, que teñen só esa relación coa cidadanía.

E como digo, esta ordenanza está traballada, está consensuada, está participada... Tivéronse en conta aportacións que foron facendo. Por certo, o Partido Popular non fixo ningunha nese proceso. Non no proceso de alegacións, senón no proceso de que dixemos que fixesen aportacións contrutivas para sumar, a oposición, estivo ausente. Non así outros colectivos, incluso persoas a título individual.

Polo tanto, despois de finalizar o proceso, pois hoxe o que imos facer é aprobar definitivamente esta ordenanza con ese único fin de seguir mellorando un servizo importante para o desenvolvemento e actividade económica da nosa cidade.

Procedemos entón á votación.

INTERVENCIÓN

3/32 RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 5/2023, CO REPARO NÚM. 13/2023.

Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1.- PROPOSTA DA ALCALDÍA, do 19 de marzo de 2023, do seguinte teor literal:

“IMPORTE FACTURAS: 375.811,65 €
IMPORTE BASE IMPOÑIBLE FACTURAS: 327.400,05 €
IVE DE CARÁCTER NON DEDUCIBLE: 48.411,60 €
IVE DE CARÁCTER DEDUCIBLE (non orzamentario): 0 €
IMPORTE TOTAL: 375.811,65 €
IMPORTE TOTAL imputado ao orzamento 2023: 375.811,65 €

Durante o presente exercicio remitíronse por parte de diversos servizos municipais ao departamento de Contabilidade municipal, facturas devengadas e executadas en exercicios anteriores, que non foron imputadas ao respectivo orzamento, por importe total de **375.811,65 €**

No presente exercicio procedeuse á verificación da existencia dos informes de conformidade preceptivos e esixibles para a tramitación do correspondente expediente de recoñecemento extrajudicial de crédito, así como da habilitación do crédito polo órgano responsable da Contabilidade municipal.

Considerando a conformidade prestada polos responsables técnicos municipais, así como polos titulares das concellerías delegadas da Área ás

mencionadas facturas corroborando así a efectiva execución dos servizos e subministracións.

Considerando igualmente a imputación orzamentaria das facturas con cargo ao estado de consignacións orzamentarias incluída no orzamento corporativo para o exercicio 2023, xuntándose as dilixencias estendidas pola responsable da Contabilidade municipal indicativas das referencias dos mandamentos contables RC asinados pola tesoureira municipal como responsable da Contabilidade municipal, acreditativos da existencia de crédito dispoñible, por importe total de **375.811,65 €, contía imputable ao orzamento**, nas respectivas aplicacións presupostarias de imputación relacionadas, sen que tal circunstancia supoña ningún menoscabo na prestación dos servizos de natureza básica e esencial, asumindo como responsable da xestión orzamentaria que a imputación dos gastos relacionados con cargo aos créditos do orzamento vixente non causará ningún prexuízo nin limitación ningunha para a realización das atencións do exercicio corrente, e polo tanto, resulta posible a súa imputación sin minoración da calidade dos servizos e con coherencia respecto dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto.

Visto ademais o Decreto 2453/2023 do 16 de marzo polo que se levanta a discrepancia formulada polo informe de fiscalización Ref. 2022/237 do 7 de marzo, que conclúe coa formulación de reparo de legalidade, ao non constar procedemento de contratación axeitado, que serva de soporte documental ás facturas electrónicas anteriormente sinaladas, tendo en conta que exceden dos límites cuantitativos e/ou natureza xurídica sinalados na lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do sector público para a súa consideración como contrato menor, con vulneración respecto dos servizos devengados dos principios de publicidade, concorrancia e obxectividade, manténdose a prestación do servizo sen cobertura documental de contrato en vigor, e sen prexuízo da necesaria adecuación técnica e/ou económica das novas necesidades e, en calquera caso, con esixencia de incoación dos correspondentes expedientes de licitación coa finalidade de outorgarlles cobertura xurídica ás prestacións.

Considerando finalmente o enriquecemento inxusto da Administración municipal como consecuencia da execución de gastos en beneficio dos intereses xerais, e atendendo á conformidade outorgada polos servizos técnicos municipais tanto ás cantidades, como ás calidades e prezos.

Logo de ver o informe emitido pola Intervención Xeral Municipal Ref 2023/307, do 17.03.2023 relativo ao expediente administrativo de recoñecemento extraxudicial de créditos 5-2023, coas consideracións nel contidas, esta alcaldía no uso das atribucións conferidas propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PROPOSTA DE ACORDO

De conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, proponse a habilitación de crédito así como a aprobación da autorización, disposición do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas relacionadas no presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas relacionadas e con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8554978884183442785.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-3-2023

nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **375.811,65 €**.

CÓD.	PROVEEDOR	Nº FACT	DATA	CONCEPTO	APLICACIÓN	Nº OPER	IMP BASE	IVE NON DED	TOTAL FACT	ÁREA
96167	NEXUS ENERGIA A62332580	NX2211EL00373001	23/11/22	IEE-Mecanismo de ajuste OM RDL 10/2022-Mecanismo de ajuste O M RDL 10/2022-Mecanismo de ajuste OS RDL 10/2022-Mecanismo d	16000.22100	202300004766	5858,52	918,45	6776,97	ILUM.
96168	NEXUS ENERGIA A62332580	NX2211EL00373002	23/11/22	IEE-Mecanismo de ajuste OM RDL 10/2022-Mecanismo de ajuste O M RDL 10/2022-Mecanismo de ajuste OS RDL 10/2022-Mecanismo d	16510.22100	202300004765	1518,71	75,94	1594,65	ILUM.
96169	NEXUS ENERGIA A62332580	NX2211EL00372992	23/11/22	IEE-Mecanismo de ajuste OM RDL 10/2022-Mecanismo de ajuste O M RDL 10/2022-Mecanismo de ajuste OS RDL 10/2022-Mecanismo d	93301.22100	202300004763	20814,62	4364,39	25179,01	ILUM.
96170	NEXUS ENERGIA A62332580	NX2211EL00372990	23/11/22	IEE-Mecanismo de ajuste OM RDL 10/2022-Mecanismo de ajuste O M RDL 10/2022-Mecanismo de ajuste OS RDL 10/2022-Mecanismo d	32000.22100	202300004764	17121,78	3535,79	20657,57	ILUM.
96171	NEXUS ENERGIA A62332580	NX2211EL00373010	23/11/22	IEE-Mecanismo de ajuste OM RDL 10/2022-Mecanismo de ajuste O M RDL 10/2022-Mecanismo de ajuste OS RDL 10/2022-Mecanismo d	16510.22100	202300004762	278821,84	39190,57	318012,41	ILUM.
96215	A BILLARDA SL B27278845	269	31/10/22	SERVIZO DE COORDINACIOn DE DES ENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES NO S CENTROS MUNICIPIAIS, CASA DA MUŒICA E CASA DA XUVENTUDE. E	33700.22799	202300006569	3264,58	326,46	3591,04	XUVENT.
							327.400,05	48.411,6	375.811,65	

2.- DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DE ALCALDÍA E GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, emitido na sesión celebrada o día 24 de marzo de 2023.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
Asunto debatido conxuntamente cos puntos 3/32, 4/33 e 6/35. As intervencións producidas figuran ao pé do acordo 3/32.

6/35 RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 8/2023. COMUNIDADE DE PROPIETARIOS MILAGROSA 66. SEGUNDO SEMESTRE DE 2022.

Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1.- PROPOSTA DA ALCALDÍA, do 13 de marzo de 2023, do seguinte teor:

“RECIBOS DA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS SITUADA NA RÚA MILAGROSA, 66 DE PROPIEDAD MUNICIPAL
IMPORTE: 465,31€

Remitidos por parte do servizo de Servizos Sociais recibos pendentes de cobro que foron enviados pola Administración de fincas da Comunidade de Propietarios da rúa Milagrosa, núm. 66 2º D de propiedade municipal, pertencente ao programa de erradicación do chabolismo do Concello de Lugo, dende xullo a decembro de 2022 (Rexistro de entrada do 26.12.2022 co número 202299900023679), conformados

polo Servizo de Benestar Social no seu informe do 22.02.2023 asinado asinado pola xefa de sección de Benestar Social María Zuluaga Díaz, coa conformidade da responsable da área xestora, Olga López Racamonde.

Procedeuse á verificación da existencia dos informes de conformidade preceptivos e esixibles para a tramitación do correspondente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, así como da habilitación do crédito polo órgano responsable da Contabilidade municipal.

Considerando a conformidade prestada polos responsables técnicos municipais, así como pola titular da concellería delegada de Área aos mencionados recibos, Considerando igualmente a imputación orzamentaria con cargo ao estado de consignacións orzamentarias incluída no Orzamento Xeral Municipal do exercicio 2023, xuntándose as dilixencias estendidas pola responsable da Contabilidade municipal indicativas das referencias dos mandamentos contables RC asinados pola tesoureira municipal, acreditativos da existencia de crédito dispoñible, por importe total de **465,31** (contía imputable ao orzamento: **465,31 €**) nas respectivas aplicacións presupostarias relacionadas, sen que tal circunstancia supoña ningún menoscabo na prestación dos servizos de natureza básica e esencial, asumindo como responsable da xestión orzamentaria que a imputación dos gastos relacionados con cargo aos créditos do orzamento vixente non causará ningún prexuízo nin limitación ningunha para a realización das atencións do exercicio corrente, e polo tanto, resulta posible a súa imputación sen minoración da calidade dos servizos e con coherencia respecto dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto.

Considerando finalmente o enriquecemento inxusto da Administración municipal como consecuencia da execución de gastos en beneficio dos intereses xerais, e atendendo á conformidade prestada polos servizos técnicos municipais aos mencionados importes.

Logo de ver o informe emitido pola Intervención Xeral Municipal Ref 2023/265, do 13.03.2023 relativo ao expediente administrativo de recoñecemento extraxudicial de créditos 8-2023, coas consideracións nel contidas, esta alcaldía no uso das atribucións conferidas propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PROPOSTA DE ACORDO

De conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, proponse a habilitación de crédito así como a aprobación da autorización, disposición do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas relacionadas neste expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito dos recibos relacionados e con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **465,31 €**.

PISO 2º D da rúa Milagrosa, núm. 66 :

Recibos correspondentes ao 2º semestre de 2022 por importe de 270 € e a unha cota extraordinaria de 195,31 €:

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8554978884183442785.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-3-2023

*MESES: Xullo 2022, Agosto 2022, Setembro 2022, Outubro 2022, Novembro 2022, Decembro 2022 COTA MENSUAL: 45 € *6 prazos = 270 € + cota extra 195,31 €*
TOTAL: 465,31€

2.- DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DE ALCALDÍA E GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, emitido na sesión celebrada o día 24 de marzo de 2024.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Popular e de Ciudadanos Lugo.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta,
ACORDA:

De conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, APROBAR a habilitación de crédito así como a aprobación da autorización, disposición do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas relacionadas neste expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito dos recibos relacionados e con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **465,31 €**.

PISO 2º D da rúa Milagrosa, núm. 66 :

Recibos correspondentes ao 2º semestre de 2022 por importe de 270 € e a unha cota extraordinaria de 195,31 €:

*MESES: Xullo 2022, Agosto 2022, Setembro 2022, Outubro 2022, Novembro 2022, Decembro 2022 COTA MENSUAL: 45 € *6 prazos = 270 € + cota extra 195,31 €*
TOTAL: 465,31€

DELIBERACIÓN

Asunto debatido conxuntamente cos puntos 3/32, 4/33 e 5/34. As intervencións

producidas figuran ao pé do acordo 3/32.

PROPOSICIÓNS

7/36 PROPOSICIÓNS DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 77/2023 DE REXISTRO DE PLENO, (Exp. 2023/G004/000207) E DO PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA - PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL, NÚMERO 86/2023 DE REXISTRO DE PLENO, (Exp. 2023/G004/000230), RELATIVAS AO BARRIO DO CASTIÑEIRO.

Vistas:

1. - Proposición do Grupo Municipal do Partido Popular, número 77/2023 de Rexistro de Pleno, para poñer en marcha máis dotacións para o barrio do Castiñeiro e a modificación puntual do PXOM para que unha parcela pública cambie o seu uso a dotacional (exp. 2023/g004/000207). (Punto 7/36 da orde do día).
- 2.- Proposición do Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-Partido Socialista Obrero Español, número 86/2023 de Rexistro de Pleno, relativa ás vivendas sociais da Xunta de Galicia no Cstiñeiro (Exp. 2023/G004/000230). (Punto 16/45 da orde do día).
- 3.- Emenda presentada polo Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-Partido Socialista Obrero Español, número 94/2023 de Rexistro de Pleno, a súa propia proposición.
- 4.- Emenda presentada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, número 95/2023, de Rexistro de Pleno, á proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular.
- 5.- Emenda á totalidade (transaccional) presentada ás iniciativas anteriormente citadas, do seguinte teor:

“EMENDA Á TOTALIDADE DAS MOCIÓNS SOBRE AS VIVENDAS SOCIAIS EN O CASTIÑEIRO ACORDADA POR UNANIMIDADE DA XUNTA DE PORTAVOCES.

Segundo o compromiso acadado polas distintas formas políticas integradas na Corporación de Lugo (PSdeG-PSOE/ BNG/ PP/ CS) en atención ás peticións da veciñanza de O Castiñeiro vinculadas á construción das vivendas sociais previstas pola Xunta de Galicia-IGVS nese barrio, xa sobresaturado neste tipo de inmobles,

Acórdase:

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8554978884183442785.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-3-2023

1.- Instar á Xunta de Galicia-IGVS a que, de maneira inmediata, paralice oficialmente o proceso de adxudicación da redacción do proxecto e dirección de obra das vivendas sociais en O Castiñeiro.

2.- Instar á Xunta de Galicia a que retome a construción das vivendas sociais na primeira localización prevista.

3.- Instar á Xunta de Galicia-IGVS a que solicite, como propietaria das parcelas C e D da rúa Ramón Piñeiro en Lamas de Prado, que o Concello de Lugo realice unha modificación puntual do PXOM para modificar o uso residencial. Que se leve a cabo entre acordos entre as dúas administracións.

4.- Compromiso de estudar as demandas que trasladan as/os veciños de O Castiñeiro”.

Tras a deliberación efectuada, sométese a votación a emenda transaccional acordada pola Xunta de Voceiros, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 25 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE, do Bloque Nacionalista Galego e de Ciudadanos Lugo.

- **Votos en contra:** 0

- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,
ACORDA:

PRIMEIRO.- Instar á Xunta de Galicia-IGVS a que, de maneira inmediata, paralice oficialmente o proceso de adxudicación da redacción do proxecto e dirección de obra das vivendas sociais en O Castiñeiro.

SEGUNDO.- Instar á Xunta de Galicia a que retome a construción das vivendas sociais na primeira localización prevista.

TERCEIRO.- Instar á Xunta de Galicia-IGVS a que solicite, como propietaria das parcelas C e D da rúa Ramón Piñeiro en Lamas de Prado, que o Concello de Lugo realice unha modificación puntual do PXOM para modificar o uso residencial. Que se leve a cabo entre acordos entre as dúas administracións.

CUARTO.- Compromiso de estudar as demandas que trasladan as/os veciños de O Castiñeiro.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** ... esta é unha das proposicións que versan sobre a situación do Castiñeiro, e temos dúas propostas na orde do día, que serían a proposición número 7 e a proposición número 16. A raíz do debate que tivemos onte, a proposta de acordo que formulamos para a súa aprobación, reunidos

previamente antes de iniciar este pleno en Xunta de Portavoces, pois acordamos realizar unha emenda a totalidade das mocións sobre as vivendas sociais no Castiñeiro, acordada por unanimidade na Xunta de Portavoces, deixando sen efecto as dúas propostas presentadas máis as emendas vinculadas coa mesma, para acordar estes puntos de acordo que paso agora a ler, realizando, como dicía, esa emenda a totalidade.

E quedaría así. Acórdase, en primeiro lugar, instar á Xunta de Galicia, IGVS, a que de maneira inmediata paralice oficialmente o proceso de adxudicación da redacción do proxecto e dirección de obra das vivendas sociais no Castiñeiro.

Punto número 2: instar á Xunta de Galicia a que retome a construción das vivendas sociais na primeira localización prevista.

3: instar á Xunta de Galicia, IGVS, a que solicite, como propietaria das parcelas C e E, na rúa Ramón Piñeiro en Lamas de Prado, que o Concello de Lugo realice unha modificación puntual do PXOM para modificar o uso residencial que se leve a cabo entre acordos entre as dúas administracións.

E 4: compromiso de estudar as demandas que trasladan os veciños e as veciñas do barrio do Castiñeiro.

Este é o acordo que se estableceu con motivo da reunión/debate/charla/ mesa de traballo, como se lle queira chamar que tivemos no día de onte, que tras o acordo aprobado agora por unanimidade da Xunta de Portavoces, que é o que procedemos a votar.

8/37 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA - PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL, NÚMERO 78/2023 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á FINALIZACIÓN DO PLAN PARADAI E AO ARRANXO INTEGRAL DA RÚA SERRA DE MEIRA (Exp. 2023/G004/000222).

Vista a devandita proposición, cuxa elevación a Pleno foi ditaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas e Ordinaria de Alcaldía e Gobernanza, do 24 de marzo de 2023, e que é do seguinte teor:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Plan Paradai naceu en 1999 coa sinatura dun convenio entre a Deputación Provincial, a Consellería de Política Territorial e o Concello de Lugo co obxectivo de unir o Lugo que a vía do tren separaba en dúas metades e, ao mesmo tempo, urbanizar e humanizar a contorna da Estación con novos viais e estacionamentos.

24 anos despois e coa inminente construción da Estación Intermodal que xa incorpora tamén a creación dun paso de cidade entre este barrio e o do Sagrado Corazón, así como a urbanización da contorna, o devandito Plan segue, en cambio, a agardar que se efective o compromiso da Xunta de Galicia para concluílo.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8554978884183442785.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-3-2023

Ate a data, os únicos pasos dados para desbloquear a situación de ancoraxe que sufría foron os realizados por este Concello en colaboración coa Confederación Hidrográfica, coa sinatura, en maio de 2021, dun convenio que aborda, alén da execución dos estudos, os proxectos e obras que permitan reducir o risco de inundación durante as crecidas do río Rato na contorna da rúa Serra de Meira e que se atopa xa moi avanzado.

Un acordo no que tamén quedou establecido o réxime posterior de entrega das obras para o seu mantemento e conservación e que implicou un investimento conxunto de 710.000 euros por parte dambas as dúas Institucións.

Porén, a veciñanza de Lugo, asistiu con estupor á fuxida cara atrás do Partido Popular cando o pasado verán anunciaba publicamente que desistían da súa continuidade porque, literalmente, con el non obtiñan réditos políticos.

Un gravísimo retroceso que, se ben, clarifica os verdadeiros motivos polos que nunca chegou a investirse a consignación reservada nos orzamentos autonómicos, ano tras ano, ao efecto, a este Goberno local preocupa profundamente polo prexuízo que esa decisión tería non só para a veciñanza da zona senón tamén para todo o municipio.

Non podemos esquecer que o Plan Paradai se trata dunha ordenación imprescindible que Lugo necesita con urxencia para impulsar o seu crecemento e que se resulta unha ferramenta estratéxica para a nosa urbe, no que ten que ver coa reordenación e dinamización dos tráfico do norte da capital en tanto supón unha mellora cualitativa das conexións viarias.

A este respecto, urximos, ademais, á Xunta de Galicia a abordar con celeridade á rexeneración integral da rúa Serra de Meira, cuxo estado de conservación é tan lamentable que mesmo supón un perigo para a seguridade viaria tanto do tráfico rodado como do peonil, polo que instamos ao Goberno autonómico a executar a renovación do firme e das redes de saneamento, atendendo así unha demanda veciñal que vai camiño de converterse noutra débeda tan histórica para con Lugo como o propio remate do Plan Paradai.

Por todo o devandito, o Grupo Municipal Socialista subscribe e considera de interese municipal que o Pleno da Corporación ACORDE:

- Instar á Xunta de Galicia a retomar, logo de anos de parálise, as actuacións contempladas no convenio subscrito para materializar o coñecido como Plan Paradai presentando o proxecto restante.
- Namentres e, de modo urxente, instar á Xunta de Galicia a executar a rexeneración integral da rúa Serra de Meira abordando a súa adecuación, dende a rotonda da Avenida Adolfo Suárez ata a rotonda que dá acceso á nova Ponte Romai, renovando e mellorando a pavimentación e as redes de saneamento da zona.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 15 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego e de Ciudadanos Lugo .
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 10 do Grupo Municipal do Partido Popular.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta,
ACORDA:

PRIMEIRO.- Instar á Xunta de Galicia a retomar, logo de anos de parálise, as actuacións contempladas no convenio suscrito para materializar o coñecido como Plan Paradai presentando o proxecto restante.

SEGUNDO.- Namentres e, de modo urxente, instar á Xunta de Galicia a executar a rexeneración integral da rúa Serra de Meira abordando a súa adecuación, dende a rotonda da Avenida Adolfo Suárez ata a rotonda que dá acceso á nova Ponte Romai, renovando e mellorando a pavimentación e as redes de saneamento da zona.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, pois iniciamos o debate desta proposta, co grupo propoñente. Tres minutos para o portavoz do Grupo Socialista, señor Fernández.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Grazas, alcaldesa. Bo día a todos. Pois estamos diante dunha desas débedas históricas, unha de tantas, da Xunta de Galicia e do Partido Popular, que sustenta con relación a Lugo.

Miren, no 1999 asináron un convenio entre a Consellería de Política Territorial, a Deputación provincial e o Concello, para levar adiante o chamado Plan Paradai, que pretendía unir o Lugo separado polas vías do tren co resto da cidade, humanizar o contorno da estación e tamén abrir novas vías e estacionamentos.

No 2009, o conselleiro da Xunta autorizaba á COTOP e ao Concello para executar a última fase deste plan cun orzamento de 15 millóns de euros.

23 anos despois a Xunta segue sen cumprir a súa parte, máis aló de cada ano incluír unha partida presupostaria nos orzamentos autonómicos de cerca de 500 mil euros, que, ano tras ano, queda sen executar para incorporala ao ano seguinte, e, por desgraza, o único avance que se fixo foi grazas a un convenio entre a Confederación hidrográfica e o Concello, porque a Xunta desentendeuse, para realizar obras necesarias para eliminar o risco de inundacións en caso de crecidas do Rato. A obra, xa anunciada, xa adxudicada e que será executada este mesmo verán.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8554978884183442785.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-3-2023

E seremos nós tamén o Concello, ante a negativa da Xunta, quen financie neste caso, en colaboración mediante convenio con Adif, a urbanización da nova Intermodal e o espazo que une Paradai e o barrio da Estación co Sagrado Corazón. E mentres, os veciños sufrindo as consecuencias da inacción da Xunta de Galicia neste tema, coa Serra de Meira en evidente mal estado de conservación, que provoca incluso a saída de augas residuais nos propios baixos das vivendas da zona, e sen abordar tamén a calzada das Gándaras que ía incluída no plan.

Por tanto, pedímoslle dúas cousas moi sinxelas: Que presenten con urxencia o proxecto de obra, que levan anos sen presentar, e, de paso, que arranxen, de forma inmediata, a Serra de Meira, incluíndo, evidentemente, o abastecemento e saneamento en toda aquela zona. Moitas grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois quenda agora para o portavoz de Ciudadanos.

- **JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA:** ... (non se escoita) ... para Lugo, un proxecto que es positivo para la zona de Paradai y 24 o 25 años después, sigue sin acabarse. Esa es la solución. Aquí pleno, tras pleno, y lo hemos denunciado en muchas ocasiones, lo que vemos es el "y tú más", "es culpa del PP", "es culpa del PSOE". Por cierto, al BNG le caen muy pocas. Como decía mi compañera, siempre de perfil.

Pero sí que es cierto que lo único que se ve es el "y tú más", pero al final los problemas y los proyectos que necesitan los ciudadanos siguen sin aprobarse. Entonces creo que llega el momento en el que hay que hablar de esos proyectos, de cómo sacarlos adelante.

Y cuando uno se acerca un poco a la calle y habla con los vecinos, que creo que también es parte de nuestra obligación, de lo que se da cuenta es que hay vecinos que llevan con fincas, con propiedades, que no pueden hacer uso de ellas por el Plan Paradai, por esta paralización. Están atados de pies y manos, perdiendo la oportunidad de vender, de comprar, de edificar... Es decir, los dramas personales que te cuentan acerca de gente que ha invertido el patrimonio de su vida en una propiedad de la que no puede disponer, de la que está atado de pies y manos, creo que justifica sobradamente que ustedes se pusieran de acuerdo. Pero es cierto que en ese ponerse de acuerdo habrá responsabilidades que unos tengan más que otros, no cabe duda, pero al final todos como administración tendrán al menos la oportunidad de hacer algo. El Partido Socialista, hay que decirlo también, ¿por qué la ha traído hoy a pleno? Hombre, entendemos que ha habido cuatro años para hacer iniciativas, para hacer cosas. Pero, claro, están ahí las elecciones y tiene que venir aquí para que los vecinos lo escuchen, pero en estos cuatro años tampoco parece que haya habido ninguna iniciativa para poder desencallar este asunto.

El Bloque, lo que decimos siempre, parece que no está en el Ayuntamiento, parece que no está en la Diputación. Nunca hace intervenciones, apenas dice nada. Lo que quiere es que los temas le resbalen... Y el Partido Socialista, que yo personalmente lo he advertido en muchas ocasiones, lo único que hace es el parapeto de las críticas, aguantando absolutamente todo, mientras que el Bloque Nacionalista

Galego parece que no va con ellos. Yo creo que ustedes, señores del Partido Socialista, tendrían que reflexionar también en este tema, y empezar a defenderse porque su peor enemigo parece que lo tienen en casa.

Y respecto al Partido Popular entiendo que ahora mismo sí que es el momento de que demuestren esa responsabilidad que dicen tener, se sienten con el Ayuntamiento de Lugo, Partido Socialista y BNG y consigan llegar a una solución de verdad y se pueda concluir este Plan Paradai.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois quenda agora para o portavoz do BNG.

- **ALEXANDRE PENAS ROIBÁS:** Moitas grazas, alcaldesa. Despois desta lección de estratexia política de Ciudadanos, os dous grandes partidos, que son o PSOE e o PP, recoméndolles que lles fagan caso, que é un partido cunha estratexia xenial, tanto a nivel estatal como galego e lucense e lles auguro resultados estupendos.

Falan moitísimo do BNG e din que o BNG, pois non se molla. Nós co Plan Paradai eu creo que nos mollamos moito durante moitísimos anos. Eu creo que Ameijide nin estaba no pleno cando saíamos nós defendendo isto, que xa leva uns cantos anos. Non creo nin que se puidese presentar Ameijide, cando o BNG prestaba propostas continuamente para defender o que é o cumprimento do Plan Paradai.

Porque si que é certo. Van 24 anos: é unha vergoña. É un plan moi necesario. A nós nos nos importa que se traia aquí, que o Partido Socialista traia aquí esta moción. Encántanos e debateríamos todos os meses, porque é moi importante para Lugo. Non só para a zona norte, senón a configuración do tráfico de toda a cidade, prevendo inundacións e unindo os barrios. É unha vergoña.

E o BNG o seguirá dicíndoo alí onde estea. É normal que lle caia máis á Xunta. É normal porque ten a responsabilidade principal. É así. A ver, é que é algo moi obxectivo. Agora vai ser culpa do BNG. Ben, eu asúmoa se se fai. Onde hai que asinar?

Dito isto, non lle imos quitar ningunha importancia ao Plan Paradai, porque si que a ten.

Estes días na prensa, eu creo que é unha nova campaña do Partido Popular, e eu creo que igual Lugo non é unha gran cidade... É unha gran cidade, 100.000 habitantes. É unha cidade con moitas dinámicas moi interesantes. Pero dende logo non é Nova York. E aquí a xente que se escribe apartidista e sen ningún tipo de ideoloxía política pois ao final a coñecemos. Viamos como un coñecido... Unha coñecida persoa dos órganos de dirección do Partido Popular, falaba como arquitecto en artigos na prensa, dicindo que o Plan Paradai non era en ningún momento culpa da Xunta. É o seu modus operandi.

A ver, que un señor do Partido Popular, que cobraba do Partido Popular, que esta nos órganos do Partido Popular, dicindo que a Xunta non ten ningún problema. E di que é arquitecto. Fano así constantemente, dun tempo a esta parte, que isto o PP non facía. Aí atrás o PP defendía claramente o Plan Paradai, que incluso se apertaba. Este PP..., este PP de Elena Candia, que eu creo que tiña que ter un pouco máis de dignidade, utiliza ese tipo de manobras. Utilízao co Plan Paradai,

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8554978884183442785.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-3-2023

tamén o utilizaba coa Tinería... Un tal ex funcionario e arquitecto. Joba! Foi o que paralizou a Tinería, nomeado polo Partido Popular ex funcionario e arquitecto na prensa.

Entón, eu creo que ten moitísima cara dura o Partido Popular e eu creo que Ciudadanos non debería intentar limpar esa cara. Dito isto, imos facer un pouco de memoria logo do que fixo o BNG. Busquei en Google catro cousiñas. Ano 2012, o BNG anuncia unha iniciativa no Parlamento contra o atraso do Plan Paradai. Hai doce anos. Hai doce anos.

Sigo na seguinte quenda, moitas grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moitas grazas. Pois quenda agora para o portavoz do Partido Popular.

- **MANUEL RAFAEL PÉREZ PRADOS:** Moitas grazas, señora alcaldesa. No ano 1999 plantéxase unha modificación do PXOM para a zona entre a Ponte da estación e a Ponte Romai, sendo alcalde Joaquín García Díez.

En maio dese ano asínase un convenio urbanístico entre a Xunta de Galicia, a Deputación e o propio Concello. O Concello aportaba os terreos, como xa se falou aquí; a Deputación, o proxecto, e a Xunta, o financiamento das obras cun orzamento de case 11 millóns de euros.

O prazo fixado como máximo era de dous anos para que o Concello conseguise os terreos e catro anos de prazo para rematar as obras.

En 2005, a Deputación, presidida polo PP, aporta 7 millóns de euros a maiores, pero o Concello, xa co PSOE á fronte recházaos.

Para o arranxo da rúa Serra de Meira, que é unha parte do Plan Paradai, a Xunta dispón desde 2018, ano tras ano, do proxecto de mellora, reservando todos estes anos, dende 2018, 500.000 euros anuais para afrontala, pero a obra require unha modificación do PXOM. Non nos consta autorización escrita formal da Confederación Hidrográfica, polo que é imposible comezar esa obra.

Estes son os feitos, non o discurso interesado, especialmente do PSOE, que pretende, coma sempre, desviar a atención, crear unha realidade paralela, por suposto falsa, como case sempre neste pleno.

E xa que me sobra tempo nesta primeira intervención, pois en canto ao ánimo positivista e en canto a este proxecto dirémoslle que a proposta que presenta o Partido Socialista nós podémola votar a favor, sempre e cando, cunha engádega, unha emenda, que sería que no segundo punto se engadise a seguinte frase: "En canto á Confederación Hidrográfica Miño-Sil e o Concello de Lugo acorden o trazado da vía e así o comuniquen á Xunta de Galicia para que se poida realizar o proxecto".

Se aceptan esa engádega ao segundo punto estamos dispostos a votar favorablemente, co cal estamos votando ao mesmo tempo primeiro a instar á Xunta de Galicia a retomar as dotación contempladas no Plan Paradai.

Polo tanto, eu creo que aquí si que hai máxima colaboración, pero vostedes teñen de poñer tamén algo da súa parte.

Moitas grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois segunda quenda para o portavoz do Partido Socialista.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Si, pois señor Vidal-Pardo, non é a primeira, nin a segunda, nin a terceira vez que presentamos iniciativas neste pleno por este asunto. E aí están as hemerotecas. A parte de terllo reiterado a alcaldesa ao anterior presidente da Xunta, ao actual e incluso á conselleira correspondente.

Miren, nunha cousa ten razón, que aquí hai tres administracións implicadas, dúas, Concello e Deputación, cumpriron a súa parte, outra, a Xunta de Galicia, non o fixo. O malo de todo isto é que non se lle ve vontade política de facelo. Mire, no 2015, a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Ethel Vázquez, na visita a Lugo, dicía textualmente, ou manifestaba, o compromiso real e efectivo do Goberno galego coa cidade de Lugo e unha infraestrutura viaria das máis significativas e importantes para a cidade.

Pasaron oito anos, e moi recentemente, cal non sería a nosa sorpresa, cando a señora Candia, actualmente alcaldable do Partido Popular, afirmaba nunha entrevista que ían desistir do plan, que ían desistir do plan, porque con el non obtiñan réditos políticos.

Así que deben de aclararse. Van cumprir o compromiso que teñen coa cidadanía ou van seguir deixando na estacada aos veciños e veciñas deste barrio porque non lles renda politicamente?

E, mide, señor portavoz do Partido Popular, onde presentaron ese proxecto que din que teñen? Rexistrárono no Concello?, fixéronlle chegar aos técnicos municipais? Non nos consta ningún proxecto presentado. Presenten vostedes ese proxecto, e a partir de...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, finalizou o seu tempo. Finalizou o seu tempo. Quenda agora do portavoz de Ciudadanos.

- **JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA:** ... (non se escoita) ... Y que el ponerse de perfil les tiene mucho más rédito electoral que no ponerse. Eso lo hacen perfecto, mucho mejor que yo, por supuesto. Y de hecho ahí están las elecciones, que sacaron más votos. Y ahora, seguro ... (non se escoita) ...ponerse de perfil y no mojarse con los problemas de Lugo trae buenos rendimientos electorales. Pero, claro, yo no pretendo eso. Yo lo que pretendo aquí es decir la verdad y tratar de trabajar para que las cosas se saquen. Esa es la realidad de lo que yo pretendo. Y la realidad de lo que yo pretendo es que hay tres administraciones que se tienen que poner de acuerdo, tres administraciones que tienen que trabajar, y entre ellas por supuesto también está el Bloque, que, en este mandato ha estado en la Diputación y en el Ayuntamiento y que ha tenido oportunidad también de poder trabajar en ese sentido.

De hecho, hoy mismo se hace una propuesta para que los millones que están en la ronda Leste puedan ir a la Tinería. También era un buen momento para que unos fueran a la Tinería. Puesto a hacerlo, ¿no? Si es tan fácil. Y que otros fuera, por

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8554978884183442785.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-3-2023

ejemplo, para la ronda Leste. Pero de este tema no se acordaron ustedes, estando en el gobierno, cuando tenían responsabilidades.

Partido Socialista, entendemos que si, efectivamente, es verdad lo que ustedes sostienen y es una responsabilidad única y exclusivamente de la Xunta, hombre, digo yo que tienen ustedes herramientas mucho más importantes y más contundentes que el hecho de venir al pleno a dos meses de las elecciones. Entiendo que en este tiempo se ha podido requerir a la Xunta de manera más fehaciente.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois segunda quenda para o portavoz do BNG.

- **ALEXANDRE PENAS ROIBÁS:** Moitas grazas, alcaldesa. Faltaba o BNG por ser asesorado por Ciudadanos e acaba de ser asesorado. Eu creo que teñen vostedes unha visión un pouco elitista do do que é a política, non?

E isto ben... Mire, hai uns meses recordaba agora o voceiro do Grupo Socialista, debateuse esta mesma proposición, moi parecida, do Plan Paradai, porque a alcaldable do Partido Popular, Elena Candia, dixo, textualmente, nunha entrevista... Só vou resaltar dúas cousas. Dixo que o Plan Paradai non era unha prioridade é dixo que tiñan que rachar con ese pasado que non nos deu ningunha rendibilidade. Para os que cremos na política, isto é a antipolítica e é o culmen do cinismo.

Eu sei que en Lugo hai moita xente que vota ao Partido Popular que é honrada... A maioría, o 99 coma moitos noves... Pero isto é cinismo político e manipulación. E iso é o que fai o Partido Popular co aplauso e a subcontratación de Ciudadanos. Entón, agora seguimos falando e recordando o que se dicía na prensa e tal:

"Rubén Arroxo acusa á Xunta de emitir propaganda falsa sobre o remate das obras da Ponte Paradai". Isto dicía en xaneiro de 2015. Aínda non era concelleiro. En febreiro saía a conselleira dicindo: estamos xa co proxecto da rúa Serra de Meira. Xa o temos practicamente acabado. No 2015, iso dicía o PP. Creo que o pide agora o Grupo Socialista. Se teñen o proxecto xa practicamente acabado no 2015, presénteno e fágano, por favor.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois quenda agora para o portavoz do Partido Popular.

- **MANUEL RAFAEL PÉREZ PRADOS:** Moitas grazas. En primeiro lugar vexo que están moi preocupados pola señora Candia. O cal, alégrame. Alégrame porque iso é que realmente molesta.

En segundo lugar, levan cinco anos esperando por vostedes na Xunta para que presenten os documentos dos que lles falaba antes, que si chegou a saír a contratación. O que ocorre é que vostedes, señores do Goberno, non sei moi ben se do PSOE, non dispoñen do documento preciso que teñen que asinar coa Confederación hidrográfica. Incluso, polas informacións que temos si que tiveron reunións. Chegaron a ter reunións entre os técnicos da Xunta de Galicia e o propio Concello, pero, claro, se non dispoñen do documento da Confederación

Hidrográfica, pois hai pouco que facer. E resumindo, o pouco tempo que me queda. O que si que levo conservar nestes catro anos de experiencia aquí é que vostedes aínda non se deberon de decatarse ningún dos dous grupos de que existe o Parlamento galego, que está en Santiago, verdade?

Vostedes teñen representación alí. Porque levamos catro anos onde aquí a única cousa que saben dicirnos cando non saben resolver os problemas, que ese é o quid da cuestión. É que a culpa é da Xunta, vale? E aquí deberíanse vir a discutir os problemas do Concello de Lugo, non da Xunta de Galicia. Para iso hai outro foro.

E entón como non saben o que teñen que dicir e como realmente non teñen solucións para un montón de problemas, córrereselles dicir que todo é competencia da Xunta, todo é culpa da Xunta e así lles vai. E así nos vaiaos lucenses. Moitas grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois última quenda para o grupo propoñente, para o portavoz do PSOE.

-**MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Si, pois di o señor Vidal-Pardo que chama a poñerse de acordo ás administracións. Oia, que xa o fixemos cando asinamos ese convenio, asinando a cada parte o que tiña que executar.

Agora cada quen terá que, precisamente, realizar o que lle corresponda, e o Partido Popular non o está facendo.

E non minta, señor Rafael, non minta. Sabemos todos que é imprescindible que presenten o proxecto para poder continuar o procedemento. E por esa razón non lle aceptamos a emenda que presentan.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. A verdade é que, ver como pasan os anos: 24 xa. Incluso daba o señor Pérez os datos económicos dese convenio, creo que cun lapsus lóxico e admisible polo paso do tempo, por eses 24 anos. Pero que ese convenio aínda se asinaba en pesetas.

Imaxínese se choveu que se iniciou en pesetas e non en euros. Posiblemente algúns de aquí non se acorden tanto nin do uso da peseta.

A realidade é que é un proxecto inconcluso despois de 24 anos e hai que rematalo xa. Incluso se dixo por parte dalgún grupo que non se fixera nada ao respecto. Isto é unha premisa falsa, porque o convenio coa Confederación xa se asinou no pasado mandato. Fixéronse os trámites administrativos, as exposicións públicas, as estimacións e desestimacións das alegacións, porque os procedementos hai que cumprilos. Estamos obrigados a cumprir todos eses procedementos e a parte hai que dicir que ese convenio da Confederación co Concello nace por unha obra mal feita da Xunta de Galicia, onde unha vez que se fixo esa rotonda, non calizou e incluso houbo problemas xudiciais con esa actuación.

Polo tanto, o compromiso do Concello é inalterable. Queremos finalizar o Plan Paradai. Temos Serra de Meira, que é unha das entradas, como ben se dicía, da cidade, que vertebra o tráfico nun estado lamentable. E o proxecto, como se dixo tamén aquí, supostamente desde o ano 2015 está listo, pois que se presente, que é o que queremos. E vaise executando á par que se vai desenvolver a outra

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8554978884183442785.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-3-2023

actuación de canalización, porque entendemos que son factibles a convivencia das mesmas.

Así que imos proceder a votar a proposta presentada polo PSdeG.

9/38 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, NÚMERO 79/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA E AO GOBERNO DO ESTADO A PULAR PARA QUE SE INCLÚA A LUGO NO CORREDOR FERROVIARIO DE MERCADORÍAS DO EIXO ATLÁNTICO (Exp. 2023/G004/000223).

Vista a devandita proposición, cuxa elevación ao Pleno foi ditaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas e Ordinaria de Alcaldía e Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, do 24 de marzo de 2023, e cuxo teor é o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Este ano, a Comisión Europea abre unha nova oportunidade para incluír máis liñas nos corredores ferroviarios. Lugo debería ser unha unha das propostas a incluír no trazado do corredor ferroviario do Eixo Atlántico.

Pero no proxecto presentado polo comisionado do Goberno, o nome de Lugo non aparece por ningún lado. Tampouco se fixo referencia a que, aínda que Lugo non forma parte do deseño inicial, exista algunha intención de que forme parte do trazado.

Lugo segue abandonado en materia de comunicacións, o Goberno do Estado e a Xunta no fixeron absolutamente nada por conseguir a mellora do tramo ferroviario que une Lugo coa Coruña, Ferrol, Monforte ou Santiago. Se houbera algún interese, por parte da Xunta de Galicia ou do Goberno estatal en Lugo e en Galicia, poderíanse ir dando pasos que avancen na comunicación ferroviaria de Lugo.

Por todo o exposto, o pleno do concello de Lugo acorda:

- Instar á Xunta de Galiza e ó goberno do Estado a pular por que Lugo se inclúa no corredor ferroviario de mercadorías do Eixo Atlántico.
- Trasladar o presente acordo á Xunta de Galicia e ó goberno do Estado.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 25 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE, do Bloque Nacionalista

Galego e de Ciudadanos Lugo.

- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,
ACORDA:

PRIMEIRO.- Instar á Xunta de Galiza e ó goberno do Estado a pular por que Lugo se inclúa no corredor ferroviario de mercadorías do Eixo Atlántico.

SEGUNDO.- Trasladar o presente acordo á Xunta de Galicia e ó goberno do Estado.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Este punto, tal e como se acordou tamén na Xunta de Portavoces, vaise facer nun debate conxunto coa proposta 9, 13 e 14. Fariamos o debate conxunto destas tres proposicións, procedendo despois á votación individual de cada unha delas.

Así que, en primeiro lugar, como primeiro grupo propoñente, tería a quenda de intervención o portavoz do BNG.

- **FELIPE RIVAS JORGE:** Moitas grazas. Bos días a todas e a todos. Como haberá quen aporte datos, seguramente teño outra intervención para facelo, vou evitar marear con datos e vou centrarme na análise da situación.

A incorporación dunha infraestrutura ao corredor Atlántico supón unha importante fonte de financiamento, que ademais ten un prazo non moi longo, contando todo o procedemento, dende a decisión política ata a execución dunha obra destas características.

E por todo o publicado ata agora parece que novamente na planificación desta rede multimodal, Lugo volve quedar descartada.

Así, condénannos a permanecer á marxe da oportunidade de mellorar as nosas comunicacións, coa conseguinte perda de competitividade. Un territorio como o noso, con inmensas potencialidades, queda desta maneira oculto e esquecido por non estar nas redes de transporte.

Qué industria, qué comercio, qué actividade podemos desenvolver en igualdade de condicións con outros territorios se un pilar fundamental para esta cohesión é o acceso ás redes de comunicación.

Levamos tantas oportunidades perdidas que xa nin a conta somos capaces de facer. Pero o peor é que tanto o Goberno do Estado como o galego parecen non considerar que Lugo teña que estar á altura do resto dos territorios, como se non importásemos.

E temos dereitos, como o Concello e tamén como comarca, pois non é a cuestión soamente local. Non podemos consentir ser ignorados. Nun momento de transición ecolóxica, o transporte, tanto de viaxeiros como de mercadorías por camiños de

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8554978884183442785.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-3-2023

ferro, ten que ser a prioridade. E por iso esta ferramenta do corredor Atlántico é irrenunciable para o BNG para facer unha Galiza en grande, que mira ao futuro.

A conexión coa Coruña, con Ferrol, con Ourense, con Santiago, para viaxeiros e mercadorías, cunha infraestrutura moderna é un mínimo que podemos esixir e que debemos esixir.

Como Concello temos esa obriga de manifestar que nos resistimos a desaparecer para demostrarlle ao resto das administracións que Lugo segue querendo tren. Continúo despois, grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para o Partido Popular, como segundo grupo propoñente: tres minutos.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Moitas grazas, alcaldesa. Coincido co concelleiro do BNG. Non imos aburrir con datos. Por desgraza os datos coñecémoslos todos perfectamente, pero si que temos claro que o Corredor Atlántico é un destes momentos en política nos que hai que deixar á marxe a ideoloxía, as siglas políticas, e que todos nos debemos dar de conta da vital importancia que ten este asunto para o debate político, pero, sobre todo, da vital importancia que ten para Galicia, para os que vivimos en Galicia e, sobre todo, para as xeracións que veñen detrás de nós.

Non conseguir este obxectivo pode ser algo realmente dañino para a nosa comunidade. Pode ser a apuñalada definitiva para a nosa comunidade autónoma e moi concretamente para a provincia e a cidade de Lugo. Quedar fóra desta rede suporía unha perda total e absoluta de competitividade para as nosas empresas, para os nosos sectores industriais, para o sector forestal, para o sector agrícola e gandeiro. En definitiva, como digo, unha apuñalada que non nos podemos permitir. Se me permiten o símil, non podemos perder este tren. Non podemos perder este tren porque, como digo, xogámonos moito.

E nós, xa digo aquí publicamente e agora antes de que continúe o debate que imos votar a favor das tres iniciativas, porque imos ter moi claro hoxe que estamos por riba das siglas políticas, que este é un momento clave, transcendente, tan importante que debemos estar todos unidos, sen siglas nin cores políticas, para defender única e exclusivamente o futuro da nosa comunidade autónoma.

E eu pido aquí a altura de miras ao BNG, que sei que a vai ter; ao grupo de Ciudadanos, que sei que vai a ter, e pido altura de miras tamén ao Partido Socialista para, dunha vez por todas, demandar entre todos esta infraestrutura clave e vital para Galicia.

E non pode ser que fagamos boa esa frase de Castelao de "Mexan por nós e din que chove", porque realmente é o que nos está pasando aos galegos dende que algún político que está a nivel nacional, inundado de exceso de narcisismo máis que de preocupación por mellorar o noso país, e especialmente a nosa comunidade autónoma, pois estanos afundindo cada vez máis.

Nin sequera vou perder nin un segundo en analizar a situación dramática de infraestruturas da nosa comunidade, as nulas conexións por autovía que temos dende Lugo con Santiago ou con Ourense, a nula conexión que temos por tren e

que, por riba, a única que tiñamos coa Meseta, a A-6, leva xa meses cortada polo derrubamento de dúas pontes, e non sabemos a data na que se vai abrir.

Pido altura de miras como a que tivo o 27 de xaneiro deste ano o presidente Rueda cando convocou unha Xunta de Presidentes e estivo o presidente de Asturias, por certo, do Partido Socialista, e aquí publicamente agradecemos tamén esa altura de miras que demostrou o presidente de Asturias, e tamén o presidente de Castela e León, que, por certo, tamén se uniu agora a esta demanda conxunta o presidente do País Vasco.

É dicir, distintas cores políticas, distintos gobernos, distintas comunidades cun obxectivo común, que é demandar comunicación e que non perdamos este tren clave para Lugo. Nós imos ter ese exercicio de altura de miras. Agardo de verdade que os catro grupos...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para o terceiro grupo propoñente, para Ciudadanos.

- **MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Lugo non pode permitirse perder máis oportunidades no que se refire a conexións ferroviarias. Na actualidade estamos á cola de toda a comunidade autónoma e de non facer nada para remedialo, o illamento sería irremediable porque ninguén pode negar a importancia que as infraestruturas en comunicacións teñen para o desenvolvemento dun determinado territorio, o de que xa por si dá moitas respostas de por que Lugo tivo, ten e terá un papel significativo se isto non se remedia.

Coa posibilidade de inclusión de Lugo no corredor atlántico ferroviario como sistema mixto de transportes de viaxeiros e mercadorías para conectarse con Europa e co resto de España ábrese unha desas oportunidades que merece todo o empeño e esforzo político para acadar un resultado positivo polas consecuencias socioeconómicas que terá para Lugo e a súa provincia, pola mellora nas liñas ferroviarias ao poder aproveitar fondos europeos, para investimentos que permitirán máis conexións e tempos competitivos e para recuperar unha posición estratéxica que tiveron Lugo e Monforte no século XIX, pero que foi perdendo claramente co paso do tempo.

Mediante o movemento de mercadorías e persoas e coa xeración de actividades empresariais e de loxística, contribuírase a unha maior actividade económica e, como consecuencia, un maior asentamento de poboación imprescindible para o futuro da nosa provincia.

Non contamos aínda con conexións por estradas competitivas. Levamos décadas esperando pola autovía que una Lugo con Santiago, aínda sen finalizar e a de Lugo-Ourense segue pendente de que se aposte por ela de xeito efectivo.

E agora parece que teremos unha intermodal de 20 millóns de euros, pero de que nos servirá se polas súas vías só vai circular o vento.

En setembro de 2022 todo parecía indicar que existía un compromiso do Goberno central para incluír a Lugo no novo trazado do corredor ferroviario, pero as últimas novas non son moi alentadoras. Por iso é preciso exercer toda a presión política e

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8554978884183442785.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-3-2023

social necesaria para que Lugo conte nos plans do goberno, tendo en conta que existen argumentos máis que obxectivos para acadalo.

Existe consenso político, social e empresarial neste sentido, polo que desde esta administración temos que amosar o noso compromiso e interese para acadar un resultado positivo.

Xa levamos moitos trens perdidos e, nunca mellor dito, durante décadas, con gobernos do Partido Socialista e do Partido Popular, que, señor Ameijide, parece que vostedes nunca gobernaron en España e que aquí tampouco é que mirasen moito por Lugo. Alégrome agora este cambio de actitude ...

NOTA: a continuación, cando son as once horas e trinta minutos, acórdase un receso da sesión pola existencia de problemas técnicos que impiden a gravación e o control dos tempos das intervencións.

Resoltos os referidos problemas, retómase a celebración da sesión cando son as once horas e cincuenta minutos.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois xa lle deu tempo ao técnico informático para que se incorpore ao seu lugar de traballo. Retomamos o debate conxunto que estabamos facendo dos puntos 9, 13 e 14. Estaba na quenda de intervención a portavoz de Ciudadanos. Non sei se xa rematara...

- **MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Non...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Non sei o tempo que lle restaba... Pois agora vai ir sen tempo e intente finalizar... Non sabemos se lle quedaban 30, 20 ou 10, pero que, por iso, vai sen tempo e lle pediría que se axustase a eses segundos que lle restaban para finalizar a súa intervención.

- **MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Pois como dicía antes, todos os partidos que teñen responsables no Goberno central, pois teñen algo que dicir, e vai con eles, porque que Lugo estea nesta situación non depende do Concello de Lugo, senón daquelas administracións que teñen competencias para poder cambiar a situación. E como dicía o señor Ameijide, alégrome de que esta vez si que teñamos altura de miras suficiente e imprescindible para deixar a un lado calquera tipo de liorta e pelexar, agora si, no bo sentido da palabra, por unha infraestrutura que nos beneficie a todos.

Porque durante todos estes anos, nos que esta posibilidade estaba enriba da mesa, pouco ou nada se moveron as administracións galegas e central para darlle pulo á mesma, salvo agora, que todo parece indicar que nos podemos quedar fóra.

Agora hai alianzas, visitas do Ministerio, pero que teñen que concretarse en feitos obxectivos Como dixo o secretario xeral do Eixo Atlántico: "máis contas e menos contos".

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, pois para finalizar esta primeira quenda de intervencións ten a palabra o portavoz do PSdeG, señor Fernández.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Grazas, alcaldesa, Pois benvidos todos á reivindicación do corredor ferroviario de mercadorías, máis vale, señores do Partido Popular, tarde que nunca.

Miren, saberán que, xa dende o mandato anterior, a alcaldesa mantivo unha intensa axenda para reclamar a todos os axentes sociais este corredor de mercadorías, que é tan importante. Tratarei de facerlles un pequeno resumo. Por falta de tempo e polo denso que é seguro que non me dá tempo, pero intentareino.

Miren, primeiro, e por iniciativa da propia alcaldesa, mantivo reunión co CES Galicia para impulsar un gran movemento social en defensa do corredor Atlántico. Esa presión social da que falaba, que agora reclama a señora Louzao, pero que é a primeira vez que se escoita neste pleno.

Posteriormente, reuniuse con empresarios, con sindicatos, con outros concellos, con movementos veciñais, propiciando, ademais, a aprobación dun informe plenamente consensuado, e votado por unanimidade.

En todas estas reunións, a alcaldesa xa evidenciaba que Lugo e Galicia, no seu conxunto, non podían quedarse atrás nun momento en que o corredor mediterráneo avanzaba e o noso estaba paralizado. Posteriormente, a petición tamén súa, reuniuse co presidente Feijóo, ao que lle pediu que encabezase un gran lobby, en defensa do corredor, e a creación dunha comisión executiva para demandar investimentos que foi aceptada.

Feijóo manifestaba naquel momento que a comisión permitiría unificar os esforzos que de distintos ámbitos e institucións se levaban a cabo en Galicia a prol do corredor.

Esta comisión, que tiña que ser impulsada pola Xunta de Galicia, nunca foi unha realidade e, como outras cousas, quedou nun caixón.

Setembro de 2022, Lara Méndez reúne coa secretaria de Estado de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana trasladándolle a demanda da necesidade de fortalecer a presenza da capital no corredor ferroviario de mercadorías Ferrol-A Coruña-Betanzos-Lugo, tendo en conta a creación de nodos portuarios da Coruña e Ferrol, dos que Lugo non pode quedar illada, sendo aceptada a petición, compromiso reiterado posteriormente, e recentemente polo actual secretario de Estado.

Xaneiro de 2023, Transportes anuncia a creación dunha delegación permanente para o seguimento e actualización do Corredor Atlántico. A alcaldesa advirte que estará atenta a que se cumpra o compromiso de incluír ao municipio no mesmo porque, como xa ven reivindicando, dende tempo atrás, a mellora das conexións co resto das capitais galegas constitúe un obxectivo irrenunciable deste goberno.

Tamén no 23, en marzo, ante o anuncio de que o goberno pode solicitar durante este exercicio a inclusión do trazado norte, a Delegación do Goberno en Galicia, a iniciativa da alcaldesa, indica que o eixo norte non vai quedar descolgado do Corredor Atlántico, sendo unha aposta do goberno central modernizalo.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8554978884183442785.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-3-2023

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben. Finalizou o seu tempo. Empezamos esa segunda quenda de intervencións cos grupos propoñentes pola orde establecida. En primeiro lugar, minuto e medio para o portavoz do BNG.

- **FELIPE RIVAS JORGE:** Graciñas. A ver, simplemente dicía que non fa dar ningún dato técnico, pero vou dar un dato que seguramente todo o mundo poida entender, para que saibamos de que estamos falando.

De que falamos, para ter un tren, un ferrocarril, que pertenza a esta rede europea do Corredor Atlántico. Falamos de vías electrificadas na súa totalidade ou con moi pequenas excepcións, preferentemente a 25 KW en corrente alterna. Aquí tamén hai distintas divisións. Entón hai un estándar que é ese, que é o máis moderno, cunha capacidade de carga de 22,5 toneladas por eixo, do tren, e unha velocidade media da vía de 100 km/h, de trens de 740 metros (isto igual é máis complexo de entender) de liñas co sistema RTMS, que aquí en Galiza coñecemos tan ben pola súa falta nalgunha circunstancia, e de vías, preferentemente, salvo casos moi xustificados, de ancho internacional.

Isto é así o que temos que camiñar.

Non se pide tanto, non é unha hiperinfraestrutura. É un dereito que temos para poder estar no mundo. Grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Segunda quenda para o Partido Popular.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Altura de miras. Voume centrar outra vez nesta frase. E eu non dubido que se a estratexia da alcaldesa e a axenda da alcaldesa percorreu todas estas reunións. Hoxe nós xa dixemos que iamos votar a favor das tres iniciativas. Vostedes non presentaron iniciativa, pero agardo tamén que voten a favor destas tres, porque eu creo que no fondo teñen a mesma preocupación e estou seguro que lles gustaría tamén demostrala neste salón de plenos. Agardo que teñan a valentía de facelo.

Pero, claro, se falamos de axendas, e non poño en dúbida as axendas da alcaldesa, pero, home, neste caso vou tirar tamén de axenda en papel, porque precisamente e casualmente saben que participamos nunha viaxe, nunha delegación no Parlamento Europeo e o 31 de xaneiro de 2023 precisamente estivemos reunidos con europarlamentarios, neste caso con Pablo Arias, que é o que leva a materia e transportes, e o goberno de España non pediu, por certo, o goberno de España da súa cor política, non pediu, ou non fixo os deberes para incluír, como digo, este corredor que nos afecta á provincia de Lugo e a Galicia, nos plans de Europa.

Por iso lles pedimos traballo, pedímoslle altura de miras e pedímoslle e ese voto a favor e que teñan a valentía de antepoñer os intereses de Galicia, os intereses de Lugo, da nosa provincia e, sobre todo, os intereses das xeracións que veñen detrás de nós por riba dos intereses de Pedro Sánchez, do Partido Socialista e das eleccións que haberá a final deste ano. Píddolles de verdade altura de miras neste debate.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois quenda agora para a portavoz de Ciudadanos.

- **MARÍA OLGA LOUZA O ALDARIZ:** Eu non teño ningunha dúbida de que existirá un apoio unánime a inclusión no Corredor Atlántico, que nos permita acadar maior cohesión social e maior desenvolvemento económico para o futuro de Lugo. Nós temos moi claro que si que imos apoiar as tres, a nosa por suposto, e as outras dúas, porque nisto non pode haber ou non debe haber ideoloxía, senón compromiso coa nosa cidade e coa nosa provincia.

Pero ademais, señor Fernández, vostedes agora teñen unha oportunidade. Ábrese unha ventá de oportunidades que deben aproveitar. Teñen ao seu compañeiro, o seu fiel compañeiro, que espero que a relación sexa mellor que co señor Couto, quero esperar, que é o señor Besteiro, nomeado recentemente delegado do goberno, que seguro que ninguén mellor que el para poder chegar ao señor Pedro Sánchez e ao Ministerio de Transportes a necesidade e a urxencia e a prioridade de que Lugo se inclúa no Corredor Atlántico.

Non teñen agora mellor intermediario nin quen mellor pode interceder para contar as necesidades para que Lugo estea presente nos plans do Goberno central.

Porque senón o aval, o do PP xa o vimos, que non foi ningún: os trens seguen como hai... como no século pasado, polo tanto, aquí non pode dar leccións, pero agora vostedes que teñen esta oportunidade, pois amosen o seu compromiso con Lugo e coa súa provincia.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para o portavoz do Partido Socialista.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Miren, o que nos piden xa o estamos facendo e dende hai tempo, e ademais debeu facelo a alcaldesa en soidade, porque aquí, que eu recorde a este pleno ninguén trouxo ningunha iniciativa ao respecto.

É máis, eu estou seguro que non se utilizou nunca a expresión Corredor Atlántico de mercadorías. E, miren, se algo que claro é que o Eixo Atlántico, presidido por Lara Méndez, é precisamente a entidade transfronteiriza, xunto co Lugo e Ferrol, que máis tempo leva alzada voz sobre a necesidade de que o eixo norte entre no Corredor Atlántico, mentres que, como dicía o da Xunta, esa comisión, pois seguimos esperando dende o 2020.

Parafraseando o que dicía Pardo de Vera na súa visita a Lugo, as evidencias valen máis que mil palabras.

E saben por que a alcaldesa leva tanto tempo pelexando por este corredor? Pois algo co que coincidiremos todos, porque é fundamental para a transformación económica desta cidade, porque é fundamental para atraer empresas, para crear emprego.

Dispoñemos de 13 millóns de euros dos fondos Lugo Transforma, pero necesitamos esa conexión para incentivar que as empresas se queden en Lugo, veñan a Lugo e creen esa riqueza.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8554978884183442785.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-3-2023

E hai que dicilo, o único goberno que puxo investimento e prazos dende hai moitos anos foi o actual Goberno do Estado de Madrid.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois empezamos a última quenda de peche por parte dos grupos propoñentes. 30 segundos para o portavoz do BNG.

- **FELIPE RIVAS JORGE:** Nada máis que congraciarme de que os tres grupos propoñentes das tres proposicións, pois nos vaiamos apoiar entre nós, e é unha boa cousa demostrar que para estas cousas Lugo tamén está unido. Nada máis, graciñas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Quenda agora do Partido Popular.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Vou usar términos moi parecidos. Grazas aos tres grupos propoñentes por empurrar este proxecto e pedir de novo ao Partido Socialista que non se quede fóra deste pacto, que dea exemplo.

E que de unha vez por todas que demostre que dunha vez que, por unha vez, son capaces de antepoñer os intereses xerais por riba dos intereses do Partido Socialista.

Moitas grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** E última quenda para a portavoz de Ciudadanos.

- **MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Sabe que pasa, señor Fernández? Que os lucenses levamos tantos e tantos anos de promesas e compromisos incumpridos que xa perdemos a fé e xa non nos cremos nada. E sinto xeneralizar, pero os dous partidos que tiñan responsabilidades de goberno, o Partido Socialista e o Partido Popular, teñen unha grande parte desta culpa, e puideron ser os que puideron ter cambiada a situación.

Aproveiten agora e consigamos que Lugo poida ter un desenvolvemento económico acorde ao que nos merecemos.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** A verdade é que a min me gusta escoitar esta unanimidade de todos os grupos políticos e a verdade é que lles dou a benvinda a esta reivindicación.

Eu levo anos reivindicando esta situación. Primeiramente na calidade de vicepresidenta da Deputación, porque cando estaba de presidenta formaba parte xa da Comisión Executiva do Eixo Atlántico e reivindicamos isto.

Fíxeno e levo facéndoo durante estes oito anos como alcaldesa. Fíxeno na miña calidade de vicepresidenta do Eixo Atlántico e o fágoo na calidade de presidenta do Eixo Atlántico.

Porque cando hai unha necesidade, neste caso para Galicia e nominativamente para Lugo, eu vou estar aí defendendo eses intereses.

Hai que recordar, ás veces certas cuestións que hoxe, afortunadamente, é moi fácil tirar de hemeroteca e falar hoxe dun grande consenso. Está moi ben, pero se

tiramos de hemeroteca, e aos feitos nos referimos, evidentemente, non todos os partidos actuaron igual.

E o que si hai xa destacado e demostrado é que eu independentemente de quen governe cada administración, as miñas peticións van ser as mesmas, porque as necesidades de Lugo son as mesmas.

E mentres haxa unha necesidade, independentemente, reitero, de quen governe cada institución, vai estar a miña voz defendendo os intereses dos lucenses.

Pero é curioso, porque resulta que, cando o Partido Popular gobernaba en Madrid, o Corredor Atlántico non estaba incluído. O Corredor do Atlántico a Galicia non estaba incluído. Quen incluíu este Corredor do Atlántico foi o Partido Socialista no Goberno. É curioso, porque cando o Partido Popular gobernaba en Madrid non se fixo nin un só metro, nin un só metro, de electrificación nin ancho de vía para que os trens de alta velocidade puidesen chegar, primeiramente a Ourense, e despois de Ourense a Lugo, cousa que se está facendo agora cun investimento millonario.

E non se fixo cando se gobernaba. Outra realidade é que cando o Partido Popular entrou no goberno en Madrid resulta que un proxecto que estaba en proceso de licitación, ese si o paralizaron, despois de estar adxudicado coa conseguinte indemnización, meteron o proxecto da intermodal no caixón e tivo que ser esta alcaldesa a que volvese a poñer na axenda política a intermodal para garantir a chegada desta alta velocidade.

E agora, que isto está en execución, o que levo pedindo dende hai anos, é a inclusión do Corredor de Lugo-A Coruña-Ferrol porque é necesario seguir vertebrando o territorio e que Galicia quede vertebrada tamén en mercadorías e, polo tanto, para nós isto é unha demanda innegociable e irrenunciable.

E, polo tanto, estea quen estea en Madrid, porque ademais así llo pedín ao secretario de Estado cando gobernaba o Partido Popular, tendo reunións alí en Madrid co secretario de Estado do Partido Popular, pedindo isto, fíxeno cando a Secretaría de Estado e cando o secretario de Estado era tamén o lucense Sergio Vázquez, volvíno facer cando a secretaria de Estado era a lucense Isabel Pardo de Vera, e volvíno reiterar recentemente co secretario de Estado, o señor David Lucas, que xa adquiriu o compromiso de seguir reivindicando isto, porque sabía, e dixémosllo, e así llo trasladéi, que Lugo ía estar á fronte desta reivindicación.

Polo tanto, benvidos e benvidas todos para ver se con esa unanimidade da voz da Corporación, pois acadamos os obxectivos.

Pero se tiramos de hemeroteca a realidade ás veces éche dura e crúa, e houbo cambios de opinións, pero non por parte nin desta alcaldesa, nin deste partido, nin deste goberno, que reivindicamos en pasado, en presente e en futuro o mesmo. E seguiremos a facelo.

Imos votar entón as tres propostas.

10/39 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, NÚMERO 80/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A FACER INVESTIMENTOS NA ZONA DA TINERÍA (Exp. 2023/G004/0000224).

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8554978884183442785.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-3-2023

Vista a antedita proposición, cuxa elevación á Pleno foi ditaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas e Ordinaria de Alcaldía e Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, do 24 de marzo de 2023, e que é do seguinte teor:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Xunta de Galiza pretende executar a Ronda Leste en Lugo, cun trazado que invade un entorno natural de inmenso valor patrimonial e medioambiental, que poucas cidades poden presumir, como é o entorno do río Rato.

Está proxectada unha vía de 2,8 km desde a finalización da LU-530 ata o enlace coa N-6, e terá unhas características moi similares ó tramo en servizo entre A Campiña e a carretera da Fonsagrada, con dous carrís por sentido de 3,5 metros cada un, mediana interior dun metro e exterior de 2,5 metros, ademais de mediana de 2 metros. No proxecto inclúese un paso inferior, así como un viaducto de 120 m de lonxitude, ademais de camiños de servizo lonxitudinais e estruturas transversais, pasos superiores e pasos inferiores. Este proxecto ten un coste en inversión de 19,6 millóns de euros, un investimento interesante para o noso Concello, que ben orientado nos traería riqueza e xeración de emprego.

O Concello de Lugo a través do seu pleno municipal acordou trasladar á Xunta de Galiza o acordo plenario de petición de revisión do trazado, para que sexa un proxecto que avance nas comunicacións do noso concello sen destruír o noso patrimonio natural.

Mentres non se valora un novo trazado e coa fin de evitar que a Xunta continúe sen investir en Lugo SOLICITAMOS:

- Instar á Xunta de Galiza a facer ese investimento de 19,6 millóns de euros na Tinería, a zona máis antiga da nosa cidade, que está abandonada desde o 2009, cando había un proxecto de recuperación da Tinería, dos fornos romanos que alí se ubican, do pazo de dona Urraca, etc... para completar a recuperación deste barrio e da riqueza patrimonial que o conforma.
- Trasladar o presente acordo á Xunta de Galicia."

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Popular e de Ciudadanos Lugo.
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta,
ACORDA:

PRIMEIRO.- Instar á Xunta de Galiza a facer ese investimento de 19,6 millóns de euros na Tinería, a zona máis antiga da nosa cidade, que está abandonada desde o 2009, cando había un proxecto de recuperación da Tinería, dos fornos romanos que alí se ubican, do pazo de dona Urraca, etc... para completar a recuperación deste barrio e da riqueza patrimonial que o conforma.

SEGUNDO.- Trasladar o presente acordo á Xunta de Galicia.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois iniciamos co grupo propoñente, co portavoz do Bloque Nacionalista. Tres minutos.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Grazas e bo día. Primeiramente dicir que vou tratar de ser breve e non vou falar demasiado da rolda Leste porque falamos no pleno anterior e porque hai menos de 48 horas tivemos un debate no que estivemos todos os grupos, e ademais un debate bastante longo. Pero si que quedou claro e queda patente nas últimas datas de que hai unha forte contestación social. Cando menos hai moitas dúbidas por parte de moita xente e que, dende logo é un proxecto que a día de hoxe non xera consenso nin moitísimo menos. Está moi lonxe de poder levarse iso adiante.

Hai un mes aprobabamos en pleno precisamente poder revisar este proxecto e instarlle á Xunta que poida revisar este proxecto e mirar as alternativas que existen. E aí collo a palabra, de feito o que dicía no día de onte a representante do Partido Popular no debate que o que se acorda en pleno, pois débese ter esa palabra. Hai que tela e hai que executalo, non? Iso era o que trasladaba. Pois fagamos así e esperemos que cumbran con esa parte e que así se leve adiante.

É evidente que mentres se revisa isto vai levar o seu tempo, que non se vai poder revisar en tres meses nin moitísimo menos.

Polo tanto, nós entendemos que hai unhas partidas económicas que a Xunta ten que investir en Lugo e que non se poden perder. Non se poden perder porque levamos demasiados anos perdendo ou a Xunta deixando de investir en Lugo.

E hai un proxecto que é clarificador, que é o proxecto de recuperación do barrio da Tinería. Lembremos como, por exemplo, no ano 2009, pois a Xunta naquel momento decidiu desistir dun proxecto que estaba adxudicado, tendo que indemnizar ao propio adxudicado. Ou sexa, pagar para que non se fixese. Iso foi todo o que apostou realmente o Partido Popular dende que chegou ao goberno da Xunta de Galicia polo barrio da Tinería.

E o que estamos a ver é que un dos símbolos que temos na nosa cidade, porque dende logo é o noso espazo natural, que quere destruír unha parte este proxecto da rolda Leste, e outro é o noso grande patrimonio, pois non se está a recuperar como se debese.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8554978884183442785.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-3-2023

E simplemente hai que dar unha volta pola muralla, á altura da Tinería, mirar cara adentro e ver o desastre que aí hai. E o desastre que aí hai son uns fornos romanos que están cunha chapa, que están a medio caer dende o ano 2009. 14 anos de chapa metálica a medio caer e que non se están a recuperar eses restos arqueolóxicos que aí temos. Estamos a ver como un edificio que ten mil anos, como é o Pazo de dona Urraca segue en Estado ruinoso, a pesar de que no 2009 estaba adxudicado xa a un proxecto e que se pagou para que non se fixese, ou vemos elementos como pode ser a casa Torre, que continúa... Casas que continúan, casas que incluso lles caeu o anuncio da Xunta de Galicia, de tanto que distinguiu e que polo tanto, pois nunca se chegou a levar a cabo.

Polo tanto, o acordo é moi sinxelo: dado que non se vai poder investir na rolda Leste neste momento, ou non se debera, cando menos, non se debera, que esas partidas non se perdan e que se trasladen para a recuperación dunha vez do barrio da Tinería.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para o portavoz de Ciudadanos.

- **JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA:** Muchas gracias. En primer lugar decir que, por supuesto, compartimos el sentir que ahora mismo acaba de reproducir el señor Arroxo, respecto al compromiso que hay que tener para cuidar lo que es nuestro patrimonio cultural, nuestro patrimonio natural.

Coincidir también en que el barrio de la Tinería es una de las vías que debería vertebrar el futuro del patrimonio en Lugo y que debería caminar no solo hacia la rehabilitación sino también a esta unión con el barrio del Carmen.

Hasta ahí es lo que estamos a favor. Lo que damos en contra tiene que ver con la propia propuesta, porque la propia propuesta vemos que tiene alguna incoherencia. Por ejemplo se dice que el pleno municipal, por acuerdo plenario, ha pedido la revisión del trazado a la Xunta. Es decir, que no se está pedindo que no se haga. Según este pleno, no según la posición del Bloque, que es lo que dice aquí esta propuesta. Es decir, que si se pide la revisión del trazado es porque no se descarta que haya otro trazado, como es lógico, que es lo que ha dicho este pleno.

Entonces, ese dinero todavía no se puede destinar a otra cosa, porque puede que se haga otro trazado.

Y, de hecho, ahí es donde hay una discrepancia por supuesto, entre el Bloque y nosotros, totalmente legítima. Nosotros creemos que todavía no se puede descartar la rolda Leste. Nosotros creemos que hay que estudiar vías alternativas, que no dañen ese patrimonio natural que nosotros también creemos que hay que proteger, pero eso no significa que debemos renunciar a esa inversión tan importante.

Y luego también hay otra trampa en este debate, porque al final a los lucenses se nos hace elegir. ¿Por qué tenemos que elegir entre la ronda Leste y la Tinería? Yo no tengo porqué elegir. Yo lo que tengo como representante público es que exigir que se invierta en ambas.

Ahora mismo parece que desde la Xunta se quiere hacer una inversión en la ronda Leste, proyecto que no compartimos, pero que se puede modificar. El otro día en el

debate lo comentábamos, que puede haber modificaciones, y si las hay del trazado nosotros podríamos llegar a estar de acuerdo.

Y luego el barrio de la Tinería no se puede abandonar. El barrio de la Tinería necesita una inversión propia. Pero de esa inversión propia de la Tinería y que tiene que ver con esa propuesta también tenemos que hablar, porque nosotros también tenemos un posicionamiento.

A día de hoy se han invertido en el barrio de la Tinería 26 millones de euros. ¡26! Es una auténtica barbaridad. ¿Qué hemos visto de esa inversión de los 26? ¿Hemos visto algún resultado? Sí. Alguno hemos visto. ¿Pero si le preguntamos a cualquier lucense estaría de acuerdo en que los 26 millones tienen un reflejo en el barrio? ¿O sigue teniendo cierto aspecto de degradación? Lo sigue teniendo. Eso quiere decir que no llega con las políticas a golpe de talonario. Ahora vamos a meter veinte millones. No, habrá que estudiarlo. Habrá que hacer otras propuestas, en las que también entra en juego la iniciativa privada, para tratar de rehabilitar una zona que por más millones que le metamos no hemos conseguido rehabilitar.

Y eso creemos que merece un debate aparte, un debate sosegado, más allá de una propuesta que le vemos más sentido electoralista o populista que de eficacia real. Nada más y muchas gracias.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para o portavoz do PSdeG.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Grazas, alcaldesa. Pois moi brevemente, porque entendo que o asunto está perfectamente claro e, ademais, como dicía Rubén, tivemos ocasión de debater amplamente hai escasos días nunha mesa que convocou a asociación Adegas e onde cada un puido manifestar o seu posicionamento.

E dicimos que, independentemente do posicionamento de cadaquén en relación á rolda Leste, todos sabemos os aquí presentes: o Partido Popular, a Xunta de Galicia... todos, que é imposible que a partida consignada se poida executar durante este exercicio.

Como todos sabemos tamén das débedas históricas da Xunta de Galicia con Lugo, antes falabamos do plan Paradai, así como deses máis de 13 millóns de euros de competencias impropias que o Concello debe asumir e financiar. Garderías, comedores escolares, axudas ao alugueiro, etc., sinxelamente porque a Xunta de Galicia non as asume.

De maneira que primeiro non podemos perder eses 19,6 millóns de euros ou a parte que corresponda a non executada esta anualidade. En segundo lugar, a Xunta ten a obriga política de investir en Lugo. Por iso parécenos ben a proposición da proposta da Tinería e imos apoiar a proposición. Pero ademais, por selles quedan algún tipo de dúbidas, pois apuntámoslles outras posibles localizacións: o Museo da Romanización, as vivendas de promoción pública, garderías, etc.

É dicir, todas esas infraestruturas que son competencia da Xunta e que tería a obriga de executalas e que nunca o fixo. E miren, señores do Partido Popular, a

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8554978884183442785.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-3-2023

estratexia de incorporar anualmente partidas nos orzamentos autonómicos a sabendas de que non se van executar para repetilas o ano seguinte xa non lles cola.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois quenda agora para o portavoz do Partido Popular.

- **RAMÓN CARBALLO PÁEZ:** Si, grazas, alcaldesa. A verdade é que xa no pasado pleno debatemos tamén sobre a rolda Leste e aí todos os grupos excepto o PP pois votastes en contra desta infraestrutura, a pesar de que si, o Partido Socialista daquela defendía a necesidade da obra, que parece que hoxe xa tamén renuncia a esta necesidade da obra. O BNG e Ciudadanos a verdade que deixaban caer que se debían estudar outras alternativas ao trazado. Pero hoxe o BNG xa trae unha proposta clara para que non se faga, á cal se une o Partido Socialista e que se renuncie, para nós, a unha infraestrutura fundamental para o desenvolvemento desta cidade e é a que defende, tamén vos digo, a maioría dos lucenses.

Porque, senón, a mobilidade desta cidade nunca será completa. E é unha forma de retirar tráfico tamén do centro da cidade, algo que penso que todos compartimos.

Ademais, o señor Arroxo, que eu creo que propón vostede que eses 20 millóns vaian para o barrio da Tinería, pero por que non para outro sitio. Dicíao o portavoz socialista.

Pero direille que para a Tinería a Xunta de Galicia, o goberno do Partido Popular, por moito que se empeñen, se non investiron máis diñeiro foi por culpa, por impedimentos e atrasos que vostedes fixeron por non dar licenzas, por non facer as modificacións puntuais do Pepri, nin tampouco favoreceron a compra de inmobles, nin axudaron tampouco a retirar de alí actividades que estaban a degradar o barrio.

Miren, a Xunta, como dicía o portavoz de Ciudadanos, alí investiu 26 millóns de euros. Recuperáronse 40 edificios, con 100 vivendas e máis de 30 locais comerciais. Señor Vidal, a melloría no barrio si se nota. O que pasa é que non pode ser moito mellor, pero si que se nota a melloría no barrio.

Pero hoxe imos centrar o tema na rolda Leste, porque eu, como dixen antes, eu creo que Lugo non desenvolverá completamente a súa mobilidade sen ese terceiro cinto. E iso debémolo ter claro todos. Polo tanto, agora o proxecto é realidade, hai presuposto anual e plurianual. E é o momento de que todos os grupos, todas as administracións presenten alegacións para melloralo, pero non para bloquealo. Ademais, o proxecto, como se dixo xa en múltiples ocasión cinguese ao traxecto marcado no PXOM.

E ademais, non afecta a ningunha vivenda e respecta o patrimonio natural, por moito que se diga que destróza. Ademais recórdolle ao señor Arroxo que en 2020. Vostede ser maior de idade daquela, porque di que no PXOM non era maior de idade, aí a súa lideresa e vostede, saía dicindo que pelexarían en todos os ámbitos para se fixese a rolda Leste por parte da Xunta. Agora todo o contrario...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben. Moitas grazas. Finalizou o seu tempo, señor Carballo. Iniciamos entón a segunda quenda de intervencións, iniciando polo grupo propoñente, o portavoz do BNG.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Evidentemente, pois os investimentos na Tinería si que tiveron efecto, non? Iso de que non serviu para nada... Lembremos como estaba a Tinería hai vinte anos. Iso era o Stalingrado de 1943. Estaba totalmente arrasado. Iso non se case podía entrar, non? E hoxe en día evidentemente queda moito por mellorar, pero o avance foi moi importante o que houbo.

E ademais, claro, non está completado, e só adoita pasar, que se ti queres rehabilitar un edificio e rehabilitas a metade e a outra a deixas sen rehabilitar o edificio segue estando mal. Ata que non o completas segue estando mal. Iso é o que pasa agora mesmo no barrio da Tinería.

Por certo, señor Carballo, falaba aquí de que non se puido avanzar por atrasos da licenzas. Hai algunha licenza que leve catorce anos paralizada no Concello de Lugo? Hai algunha? Porque o Partido Popular, cando entrou no goberno da Xunta hai catorce anos foi cando decidiu, pois, indemnizar para suspender unha adxudicación, para paralizar o proxecto de rehabilitación e de renovación do Pazo de dona Urraca, e decidiu paralizar todos os proxectos que había pendentes de rehabilitar edificios. Non sei se hai algunha licenza que leve catorce anos neste concello. Se a hai estaría ben sacala, non?

Entón isto é unha retaíla que ademais dise moitas veces. O que pasa é que a Xunta non quixo investir en todo iso. Os fornos romanos? 14 anos cunha chapa a medio caer aí, cando temos unha reliquia para Lugo pegada á muralla. 14 anos!

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois quenda agora para o portavoz do de Ciudadanos.

- **JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA:** Gracias, Stalingrado del 46, lo conoce usted muy bien, ¿no?, como para hablar de él... O del 43. A los 46 estaba mejor, en tres años se rehabilitó.

No, porque lo digo que parece que es usted experto en unas fechas tan lejanas de una ciudad tan lejana. Yo no dije que no valiera eso. Yo lo que dije es que si uno hace la comparación de invertir 26 millones y el rédito que le tiene que dar no se ve. Claro que hay cosas que han mejorado. Hasta hay locales de ocio, hai algún negocio, hai alguna empresa que se dedica a hacer cerveza. Por supuesto que ha habido mejorías, pero no parece que se hayan metido 26 millones millones de euros.

Eso sí, compartimos absolutamente la prisa que habría que tener con esas infraestructuras y esas reliquias que usted denuncia que no se han hecho. Comparto absolutamente ese punto de vista y creo que sí que es urgente para Lugo y para su futuro patrimonial.

Y desde el punto de vista del Partido Popular no acabo de entender... Volver a traer a cuento otra vez el tema del PXOM, pero si el otro día en el debate que tuvimos ya

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8554978884183442785.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-3-2023

salía ese tema. O sea, ¿estamos de acordo con lo que dice el PXOM en el Carmen? Nadie está de acordo. O la gente, alguien en este pleno es capaz de decir públicamente que quiera hacer edificios de ocho plantas en el Carmen. ¿A que no? Pues viene en el PXOM. Se podrán cambiar las cosas que vienen en el PXOM. ¿Ha habido modificaciones puntuales del PXOM? Una barbaridad. Y las va a haber más. Es decir, que esté en el PXOM no es una justificación. En mi opinión, lo que tiene que pasar es que haya un estudio, que es lo que nosotros proponíamos, alternativas adecuadas al siglo XXI, porque es una vía diseñada para una ciudad que no existe.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois quenda agora para o portavoz Socialista. Non? Quenda agora para o portavoz do Partido Popular.

- **RAMÓN CARBALLO PÁEZ:** Si, miren. Nós imos seguir defendendo esta infraestrutura pola necesidade que é para a mobilidade nesta cidade. E a verdade que esa estrutura se se deseña e se demandaba por todos os colectivos, o proxecto tiña que ir por onde estaba marcado no PXOM.

Se houbese que modificado, que presenten alegacións, fagan as modificacións, pero non renunciemos a un proxecto, que o propio Grupo Socialista e o propio portavoz o dicía o outro día no debate, é fundamental a rolda Lesta para o desenvolvemento.

Agora hai que arrimarse ao non á rolda Leste? Pois non. Nós imos seguir defendendo a rolda Leste, porque consideramos tamén que é necesaria para sacar tráfico rodado do paseo do Rato, que eu que aí todos estamos de acordo. Non sei se son 4.000 ou 8.000 vehículos, porque cada un utiliza os datos en cada momento. Ao principio o BNG hai anos dicían que eran 8.000, agora como xa queren rebaixar poñen 4.000. E miren, eu creo que ao Partido Popular ninguén lle vai dar leccións do que é defender o cinto verde desta cidade. Porque se temos un cinto verde é grazas aos gobernos do Partido Popular, tanto na Deputación coma no Concello, e vostedes os dous grupos, en 24 anos non foron capaces de avanzar nin 150 metros para unir ese cinto verde.

Polo tanto, nese tema de protección do entorno da nosa cidade, lección ningunha. E a Tinería tampouco lección ningunha. Non hai licenzas de catorce anos, pero o Partido Popular investiu na Tinería, axudou a mellorar a Tinería e se hai proxectos atrasados é porque non se tramitaron licenzas e obras no Concello.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois última quenda para o grupo propoñente. 30 segundos.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** É que as últimas frases son unha incoherencia en absoluto. Acaba de recoñecer que non hai licenzas atrasadas de catorce anos, pero di que o problema de que nestes 14 anos nos investiu na Tinería foron as licenzas.

Ou unha cousa ou a outra, pero dúas á vez non pode ser. O problema é que o Partido Popular tomou a decisión política de que non quería investir en Lugo. E

como non quería investir en Lugo, pois non investiu na Tinería, porque a Tinería forma parte de Lugo polo de agora. E, polo tanto, esa é a conclusión que estamos a vivir.

Isto é moi sinxelo. É evidente que a Xunta non vai poder investir esta partida na rolda Leste neste ano. Pois se temos agora a opción de cambialas pois sería polo menos beneficioso para a nosa cidade.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Independentemente do que se fale no transcurso do debate, porque xa o vimos incluso no principio desta sesión plenaria que estabamos debatendo os do REC, falouse de todo menos da temática en si, salvo a portavoz do goberno, eu quero recordar que o punto que solicita o BNG de acordo, porque, xa digo, pódese motivar no que se queira, pero o punto da acordo é instar á Xunta de Galicia, facer ese investimento de 19 millóns de euros na Tinería, a zona máis antiga da nosa cidade, que está abandonada dende o ano 2009.

Como había un proxecto de recuperación da Tinería, dos fornos romanos que alí se ubican, do Pazo de dona Urraca, etcétera, para completar a recuperación deste barrio e da riqueza patrimonial que o conforma e trasladar o presente acordo á Xunta de Galicia.

No punto de acordo non se fala de renunciar a ningunha actuación nin de que... (voces de fondo) ... Señor Carballo! ...

No punto de acordo, que é o que se aproba realmente, independentemente de como se motivan eses puntos de acordo nunha exposición, independente, o que se aproba é o punto de acordo.

Polo tanto, non se fala de renunciar a ningunha obra nin de quitar, porque non só pedimos para a Tinería, como neste caso que se vai pedir investimento na Tinería e máis o compromiso do Concello está posto xa de manifesto con ese convenio que temos con o IGUS para desenvolver ese Pazo de dona Urraca, abandonado dende fai moitísimos anos. Hai que recordar tamén quen ten a competencia en Patrimonio, que é a Xunta de Galicia.

Temos unha riqueza patrimonial en torno o entorno da Tinería abandonada por parte de quen ten as competencias dunha maneira brutal.

É certo que neses 14 anos que leva o Partido Popular gobernando a Xunta de Galicia non se investiu na Tinería, pero tampouco se investiu na rolda Leste, máis aló de que agora, nestas datas, curioso, volva estar en debate, pero tampouco se investiu no Museo da Romanización e tampouco queren investir nin 450.000 euros, que reiteran ao ano tras ano no orzamento para o Plan Paradai, para a súa consecución como acabamos de ver novamente nesta sesión plenaria.

Polo tanto, os compromisos demóstranse con feitos e con estes feitos imos proceder a votar esa proposta do BNG. Si? ...

... (Voces de fondo, inintelixibles) ...

Non. Eu lin a proposta. Non, non... Por favor, por favor. Por favor! O debate finalizou. Por favor, o debate finalizou.

O punto de acordo é o que está transcrito. Ese investimento de 19,6, primeiramente, nos orzamentos da Xunta de Galicia xa non van 19,6, que van 12 millóns para este primeiro ano.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8554978884183442785.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-3-2023

... (Voces de fondo) ...

Non. Estou dicindo... Señor Carballo, pode pensar que estou mentindo, pero non está na quenda de palabra. Vale? E, polo tanto, estou intervindo eu.

Estoulle dicindo que o que vai neste orzamento ano 23 da Xunta de Galicia para esta infraestrutura son 6 millóns de euros. Aquí pídense 19,6 como se podían pedir 20, como se podían pedir 15... Cada un que faga as súas... Señor Carballo, por favor! ... Sei que se sinte moi doído cando exerce de portavoz, pero, por favor, non está na quenda de palabra. Teña educación por quen está facendo uso da mesma, a quen lle corresponde en cada momento. O seu tempo finalizou.

Hai un texto de acordo que di o que di e cada un votará en consecuencia do mesmo.

E iso non implica, porque no punto de acordo non se fala de renunciar a ningunha infraestrutura. De renunciar a ningunha infraestrutura. Estase falando de investir cartos, pero neste caso estamos da Tinería, pero hai moitas máis actuacións pendentes de financiamento da Xunta de Galicia que deberían ter prioridade para o Goberno de Galicia.

Imos votar entón a proposta.

11/140 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 81/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA APROBAR DE XEITO URXENTE A TRAMITACIÓN DO PXOM QUE XA CONTA CON INFORME FAVORABLE DA XUNTA DE GALICIA (Exp. 2023/G004/000225).

Vista a referida proposición expresiva do seguinte:

“O Grupo Municipal do Partido Popular trae novamente a pleno a aprobación definitiva do PXOM para lembrar que ‘é preciso que o Concello de Lugo incorpore documentación que xa existe, como planos de cursos fluviais ou algúns axustes ffacilmente subsanables’.

Como mostra de garantía dunha maior autonomía local, a Lei 2/2016 do Solo de Galicia recoñece aos concellos de máis de 50.000 habitantes a competencia para aprobar definitivamente o seu planeamento xeral, e a intervención autonómica redúcese a un informe previo para pronunciarse sobre a integridade documental, a conformidade coa legalidade urbanística vixente, a coherencia coas Directrices de Ordenación do Territorio e a defensa dos intereses supramunicipais afectados.

Dende o ano 1998 que se deron os primeiros pasos na elaboración do PXOM, segue a ser, tras 25 anos, unha materia pendente para o goberno local da cidade de Lugo.

Foi na década do 2000 cando o Partido Popular fixo unha importante labor de divulgación deste documento chegando a numerosos veciños dos diferentes barrios da nosa cidade. Dende as primeiras votacións, aló polo ano 2011, o GMPP votou a favor dun plan que non era o idóneo para Lugo pero sempre ca premisa de

que era mellor ter un mal plan que non telo.

Transcorreran 11 anos máis para que o Concello de Lugo se tomase en serio este documento e retomase a súa tramitación. Por fin, en xuño de 2022, levouse a pleno a aprobación do 5% pendente para o cal o PP votou a favor e dentro do prazo correspondente, en setembro de 2022, a Xunta daba o visto bo e facía que o PXOM estea só pendente de que o goberno municipal teña a intención de aprobalo de xeito definitivo, culminando a tramitación e levando a pleno a súa tramitación definitiva para que estea completo e sexa unha realidade para os veciños.

Lugo leva moitos anos cun PXOM parcial, cun 5% pendente, o que obriga a remitirse ao plan xeral antigo e a normas subsidiarias deixando aos propietarios de 1.100 hectáreas distribuídas por todo o municipio nun limbo de incertezas administrativas e sen capacidade para o desenvolvemento económico. Teñen transcorridos catro meses desde que se recibise ese informe favorable da Xunta de Galicia, tempo suficiente para que o goberno dea por rematada a tramitación deste documento e Lugo poida contar un PXOM que afecte á totalidade da superficie do municipio.

A día de hoxe a aprobación do documento sobre o último 5% do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Lugo depende unicamente do Concello de Lugo posto que xa conta con preceptivo informe favorable da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e poderá ser aprobado de xeito definitivo tan pronto este corrixa os erros técnicos detectados, que son facilmente subsanables.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular, que subscribe esta proposición, considera de interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal acorde:

1. Que o Goberno municipal acometa de xeito urxente os trámites precisos para a aprobación definitiva do PXOM de Lugo que xa conta co informe favorable da Xunta de Galicia.”

Visto, así mesmo, que a Comisión Permanente Ordinaria de Sostibilidade Urbana e Cohesión Territorial, celebrada o día 24 de marzo de 2023, ditaminou favorablemente a súa elevación á vindeira sesión plenaria.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Popular e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8554978884183442785.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-3-2023

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois iniciamos a quenda de debate polo grupo propoñente, polo Partido Popular. Tres minutos

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Señor Santos, sinto ser pesado... Sinto ser pesado pero non nos queda outro remedio, xa lles advirto que seguiremos traendo a pleno esta petición ata que acabe o mandato, ou ben ata que decidan traer a pleno a aprobación definitiva do 5% do Plan Xeral.

En xuño deste ano, do ano pasado, perdón, xa demostramos a nosa altura de miras, votando a favor de novo dese Plan Xeral que, efectivamente, non é un bo Plan Xeral que, falabámolo o outro día no debate de ADEGA, que incluso é necesario xa plantexar unha nova modificación ou unha modificación integral do mesmo.

Pero hai que rematar o que temos agora mesmo en vigor e hai que dar certeza legal aos veciños que están afectados por el e, sobre todo, hai que desbloquear esta situación.

Desde xuño está aprobado inicialmente no Concello, dende setembro conta cun informe favorable da Consellería de Medio Ambiente. A propia conselleira dixo que non tiña que volver pasar pola Xunta de Galicia, que non tiñan que volver a informar de absolutamente nada. Polo tanto, a competencia plena e absoluta deste pleno á aprobación definitiva do equipo de goberno é levalo de novo a esta aprobación definitiva.

Seguramente non queren traelo pois porque ao mellor é unha maneira de escenificar de novo esa división que existe dentro do bigoberno, entre PSOE e BNG. Non queren escenificar de novo que o Plan Xeral téñeno que sacar cos votos favorables do Partido Popular, porque o seu socio de goberno só é socio cando se trata de repartir cartos, sillóns, moqueta e dedicacións exclusivas. Cando se trata de asuntos serios para a cidade, pois parece que non son membros desde mesmo goberno.

De feito xa onte dixéronllo ben claro ao señor Arroxo, que parecía que quería estar só nos gobernos para a foto e para cobrar, pero que realmente cando chega a hora da verdade, onte dicían que se poñía de perfil. Eu vou usar a frase de que ás veces se pon como unha avestruz, que mete a cabeza e se esconde.

Simplemente lles digo que, por favor, que o traian o antes posible, que se poñan as pilas e que traballen. E agora eu sei que o concelleiro me vai dicir practicamente xa está, que nos corredores do Concello xa había o rumor de que ía vir a este pleno. Finalmente parece que non veu, pero a realidade é que hai unhas cantas parroquias, moitas, unha boa parte, que están bloqueadas, unha parte tamén doutras zonas que non son rurais. E eu creo que os lucenses merecemos dalgunha

maneira solucionar esta situación dunha vez por todas, porque está xerando prexuízo importante á cidade.

Creo que o ton non pode ser máis conciliador. Creo que o que pedimos é absolutamente xusto e non imos polemizar nin un só minuto nisto. Por favor, acábeno o antes posible, traíano a pleno e esquezámonos dunha vez por todas dos atrasos durante anos da tramitación por culpa da desidia que se tivo dende estes bigobernos.

Moitas grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois quenda agora para a portavoz de Ciudadanos.

- **MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Pois como toda boa historia, que xa non sabemos se acabará tendo un final feliz, pois hoxe toca escribir un capítulo máis nesta historia xa historia interminable que está sendo a aprobación definitiva deste Plan Xeral.

E, como toda boa historia, pois está chea de suspense, de misterios, para alonga aínda máis, se cabe, o remate final.

Case todos esperamos que coa aproboación inicial do pleno do 5% pendente, pois isto xa ía encamiñado, pero a historia, nun xiro inesperado de guiión, aínda deu unha voltiña máis, cando no pleno de xaneiro o concelleiro Álvaro Santos sentenciou que coa tardanza da Xunta ao despistarse da súa entrada en rexistro e cos pazos moi axustados cos seus informes o plan podería chegar a ser anulado.

E aí estamos, logo de nove meses da aprobación inicial deste pleno, á espera de que finalice o estudo do expediente. Mentres tanto, coas consecuencias e inseguridade xurídica que segue a provocar non contar cun plan urbanístico aprobado na súa totalidade.

E, como en tantos asuntos que afectan á nosa cidade, en lugar de colaborar para axilizalos e sacalos adiante entre as dúas administracións, pois parece que se boicotean mutuamente, xerando obstáculos, impedimentos, que o único que están a causar son prexuízos á cidadanía que vostedes representan.

Que hoxe se traia a debate esta proposta insistente amosa que son incapaces desa máis que necesaria colaboración, tratando de poñer cada un do seu lado para desatascalo, apostando máis por un espectáculo que nos abochorna a moitos e do que, por suposto, non imos formar parte, porque nin nos vai aportar nada non nin vai permitir que saíamos de aquí con algo en positivo, urbanisticamente falando.

Nós esperamos que resolvan as súas diferencias canto antes para rematar cunha aprobación definitiva, e como nós queremos poder pechar definitivamente este capítulo do PXOM e poder comezar a traballar nun plan urbanístico que sexa acorde á cidade que temos e coa que queremos no futuro, que parece que nisto xa empeza a haber tamén consenso, señor Ameijide, do que nos alegramos profundamente, porque ata o momento vostedes nin tiñan falado nin unha soa palabra acerca da necesaria elaboración nun novo PXOM.

Polo tanto, esperemos que esta sexa unha tarefa na que no 2023, co novo mandato, podamos comezar a traballar.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8554978884183442785.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-3-2023

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben. Moitas grazas. Pois por parte do goberno, o concelleiro de Sostibilidade Urbana.

- **ÁLVARO SANTOS RAMOS:** Moitas gracias, señora alcaldesa. O 5% do PXOM de Lugo será aprobado definitivamente no mes de abril.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois iniciamos a segunda quenda de intervención para o grupo propoñente. Minuto e medio.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** A verdade é que a contundencia e rotundidade das súas intervencións de hoxe son dignas de mención, especialmente a primeira. Esta tamén é especialmente rechamante.

Oxalá sea verdade. Eu vou manter o ton conciliador e de ganas de traballar e de sacala adiante.

Xa lles digo que dende o Partido Popular estaremos apoiando ese 5%, porque eu creo que é necesario. Pero é unha pena que tivesen perdido todos estes meses de traballo, enredando, mentindo, dicindo que non tiñan competencia, que non se podía, cando, ao final, o tempo deu de novo a razón ao Partido Popular, cando dicíamos que era competencia municipal, cando dicíamos que si o podían facer, e cando dicíamos que o estaban dilatando.

Probablemente por estratexia electoral para aspirar ao último mes. Pero paréceme, a verdade, unha estratexia equivocada pola súa parte, ou, polo menos, cando menos, egoísta.

E, reitero, terán o noso apoio. Oxalá sexa verdade, pero permítanme que garde unha pequena porcentaxe de desconfianza, porque a verdade, tendo en conta que estamos falando con persoas que ás veces menten máis que falan, e que..., dicía un ex compañeiro noso, por desgraza xa non está entre nós, dicía que a primeira verdade que contou caelle un ollo e aínda ten os dous.

Pois usando este dito tan galego, oxalá sexa verdade e oxalá no próximo pleno pois poidamos aprobar definitivamente este 5% do Plan Xeral. Pero aquí estamos nun momento en que a credibilidade súa é baixa. Oxalá, dígollo de verdade, oxalá no mes de abril se poida terminar dunha vez por todas este ciclo. Moitas grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Quenda agora para o portavoz de Ciudadanos. Non? O portavoz do goberno?

- **ÁLVARO SANTOS RAMOS:** Mire, para seguir dicindo verdades, señor Ameijide, voulle dicir tres verdades contundentes. Ou tres vaticinios, pero que van amosar que anticipo a verdade.

Un: o Plan Xeral vaise aprobar definitivamente no mes de abril.

Dous: vostede vai votar a favor da aprobación definitiva do Plan Xeral.

Tres: vostede vai poder votar a favor da aprobación do Plan Xeral de Lugo definitiva, sendo eu concelleiro, non o meu antecesor, que con el non votou nada do

Plan xeral do 5%. Así que, déame esa dúbida, como di a alcaldesa, pero non me dea o 95, o 5% de dúbida sobre min, nada máis.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Última quenda para o grupo propoñente.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Recoilo ese aguante e unha desas premisas xa lle digo que vou responder ou a corresponder con ela.

Se é certo que en abril, votaremos a favor e, obviamente, se todo vén como ten que vir. Moitas grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois eu quedome tamén con esa vontade e esa palabra e espero tamén, porque dúbidas tamén existen, de que non queiran escenificar unha tardanza dunha semana máis, como pasou, a pesar de estar concertado e falado coa Xunta de Galicia, como é o que estamos a facer agora neste momento para poder levalo a término.

Espero que esa premisa que di o concelleiro sexa certa e aproben no mes de abril. Procedemos entón a votar esta proposta..

12/41 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 82/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA SOLICITAR A DESCULPA, RECTIFICACIÓN E CESAMENTO INMEDIATO DA MINISTRA E DA SECRETARIA DE ESTADO DE IGUALDADE (Exp. 2023/G004/000226).

Vista a citada proposición cuxo teor é o seguinte:

“A Lei orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual, coñecida como a Lei do ‘sólo sí es sí’, modificou o Título VIII do Código penal no relativo aos delitos denominados actualmente de liberdade sexual. Agora todos estes delitos son considerados agresión sexual, cando con anterioridade dividíanse en abusos ou agresións sexuais, segundo a súa gravidade. Aínda máis grave, as penas destes feitos delituosos especialmente lesivos para as mulleres e menores víronse reducidas para dar cabida a delitos de menor envergadura. Esta circunstancia implica que moitos dos condenados por estes feitos poderán acollerse a unha redución das súas penas, pola aplicación obrigatoria do principio de norma máis favorable para o reo, en base ao artigo 2 do Código penal. Unha circunstancia da que o Grupo Parlamentario Popular avisou durante a tramitación da Lei, sendo entón acusados os seus deputados de difundir bulos, por parte da colación de Goberno.

O pasado 7 de outubro esta Lei entraba en vigor e o que dicían eran bulos resultaron ser verdades, de feito, a día de hoxe, 14 de febreiro, os medios de comunicación anuncian a posta en liberdade do ‘violador del portal’ que cumpría condena por ter cometido varias agresións sexuais na cidade de Lugo no ano 2016. Gracias a esta lei beneficiase dunha rebaixa na súa condena e queda en liberdade

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8554978884183442785.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-3-2023

antes do previsto. Nesta data máis que nunca, o equipo de goberno de Lugo debe manifestar a súa repulsa ás consecuencias desta Lei.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular, que subscribe esta proposición, considera de interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal acorde:

1.- Instar ao Goberno de España á inmediata revisión, pola vía de urxencia, da Lei orgánica 10/2022, de 6 de setembro, e para quen cometa delitos sexuais podan ter, canto antes, as mesmas penas que estaban en vigor ata setembro de 2022, e que se viron rebaixasadas coa actual regulación

2.- Instar ao Goberno Central a destituír á Ministra de Igualdade, Irene Montero, e á Secretaria de Estado do ramo, Ángela Rodríguez, polas irresponsables e indignas declaracións efectuadas e pola inacción lexislativa para protexer ás mulleres.

3.- Que o Concello de Lugo non participe en ningún acto institucional ou protocolario con presenza de altos cargos do Ministerio de Igualdade, en sinal de solidariedade con todas as vítimas, ata que non se cumpran as esixencias de rectificación e cesamento aquí expostas. O Partido Popular non participará en ningún acto deste tipo no que o Ministerio tome parte.

4.- Dar traslado deste acordo á Presidencia do Goberno, aos Ministerios de Justicia e Igualdad e á Mesa do Congreso e do Senado."

Visto, así mesmo, que a Comisión Especial de Contas e Ordinaria de Alcaldía e Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, celebrada o 24 de marzo de 2023, ditaminou favorablemente a súa elevación á vindeira sesión plenaria.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Popular e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Si, ... Un segundoño... Para cumprir o cumprimento do ROMP, pois e iniciamos o debate co grupo propoñente: tres minutos.

- **MARÍA CARMEN LÓPEZ SILVA:** Gracias alcaldesa. Voy a leer lo publicado en prensa.

"Cristina volvía a su piso entre las cuatro y media y las cinco de la mañana cuando al abrir la puerta, al entrar al portal, alguien la abordó por detrás, la introdujo en el ascensor, la bajó al garaje, la metió en el cuarto de contadores al grito de «Cállate o te mato».. Mientras la bajaba en el ascensor, le quitó las llaves de su piso y le apretó tan fuerte el cuello que la joven casi pierde el conocimiento. «Si me la chupas, te dejo que te vayas», le dijo. Al terminar, le lanzó las llaves y se marchó".

El individuo que hizo esto es el violador del portal, que el 14 de febrero de este año salió de la cárcel por haber sido reducido su condena por la ley del "solo sí es sí". Ese día, una vez más, ha sido un día triste para Lugo, para Galicia. Cuando las rebajas ya se convierten en ex carcelaciones, el dolor y la rabia de las víctimas de todas las mulleres es insoportable.

Más de 800 agresores sexuales se han beneficiado ya de la ley del "solo sí es sí". Esta situación es especialmente grave si tenemos en cuenta que el Consejo general del Poder Judicial, en su forma de anteproyecto, avisó al Ministerio de lo que ocurriría. Textualmente: "la reducción de los límites máximos de las penas comportará la revisión de aquellas condenas en las que se hayan impuesto penas máximas conforme a la regulación vigente". A pesar de que en este informe, preceptivo, que advirtió al gobierno, de que se rebajaba la pena del delito de violación, el gobierno ignoró la advertencia.

Desde otros organismos también alertaron de las consecuencias de la entrada en vigor de esta ley. El primero fue el Consejo fiscal. "Va a resultar extremadamente difícil la imposición de penas tan elevadas en su grado máximo". El segundo, el Consejo de Estado, "la redacción es susceptible de mejoras que hagan el proyecto más riguroso". El tercero, el Consejo económico y social, que afirmó: "se observa la incongruencia entre los objetivos declarados de la ley y el contenido de algunos artículos". La cuarta advertencia llegó desde la Agencia de Protección de Datos: "No existen las garantías específicas que requiere el reglamento general".

Sin embargo, todas ellas no fueron tenidas en cuenta por el gobierno, pero sí desde el grupo parlamentario del Partido Popular se avisó durante la tramitación de la ley, siendo entonces sus diputados acusados de difundir bulos.

A día de hoy comprobamos cómo las revisiones de sentencias de condenados por delitos sexuales, la rebaja de las penas de prisión y de las órdenes de excarcelación, están provocando una importante alarma social.

El pasado siete de octubre esta ley entraba en vigor, y lo que decían que eran bulos, resultaron ser grandes verdades.

Por si no fuera lo suficientemente grave la situación ante las críticas de la adjudicatura y de la opinión pública del Ministerio de Igualdad, primero la ministra Irene Montero acusó a los jueces de machistas, que aplican defectuosamente la ley, con alguno de sus diputados considerándolos "fachas con toga". Recientemente la secretaria de Estado de Igualdad, Ángela Rodríguez restó relevancia a la excarcelación de agresores sexuales, bromeando con este asunto, confiando en que la revisión de condenas concluye a más pronto que tarde, y, por

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8554978884183442785.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-3-2023

tanto, deje de ser noticia, argumentando que las críticas a la ley eran bulos, noticias falsas y manipulación. Y no contenta con todo esto llegó a referirse a las excarcelaciones y rebajas de penas a agresores sexuales como uno de los temitas que van a salir en la cena de Navidad.

Ya está bien. Gracias.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Grazas, quenda agora para o grupo de Ciudadanos. Tres minutos.

- **MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ:** A principios deste mes de marzo, como todos sabemos, aprobouse o inicio do trámite da reforma da Lei do 'sí es sí', a toma en consideración que foi votada en contra por Unidas Podemos. E estes seis meses despois da entrada en vigor dunha das normas estrela do goberno de coalición.

A reforma do Código Penal que conlevou esta lei creaba un novo marco legal cun único tipo básico delituoso, a agresión sexual, desaparecendo a figura do abuso sexual. E tamén establecíanse novos tramos penais, o que provocou que se revisasen as penas de agresores condenados, ao supoñer nalgúns casos que a nova lei era máis favorable.

E a nova reforma que se acaba de iniciar non servirá para evitar as rebaixas de penas nas revisións da condena, xa que esta modificación se aplicará aos delitos cometidos unha vez entre en vigor.

Segundo datos do Consello Xeral do Poder Xudicial, con datos do 2 de marzo, rebaixáronse as penas de 721 condenados por ataques á liberdade sexual, e producíronse 74 excarcelacións. Isto, como consecuencia da lei orgullo do Ministerio de Igualdade.

Son motivos máis que suficientes para ter dimitido ou cesada no seu cargo, logo de nin tan sequera ter recoñecido o erro e seguir defendendo unha norma con consecuencias tan negativas para a protección das mulleres.

En lugar diso, paséase dando leccións xudiciais, atacando aos xuíces de machistas, prevaricadores e, como non, por suposto, fascistas.

Aínda non ten claro que o executivo e o xudicial son dous poderes independentes, tal e como defende o noso sistema democrático, a pesar das múltiples inxerencias ás que levamos asistido por parte deste goberno de coalición.

Estamos ante un Ministerio de Igualdade que é un mero instrumento propagandístico e de emprego para Podemos, que non está a centrarse nos verdadeiros problemas que impiden acadar unha igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, e despilfárranse millóns de euros en campañas, nas que supoño que moitas mulleres, entre as que me atopo, non se ve minimamente representadas porque, en lugar diso, tratan de enfrontarnos.

A igualdade non se acada dicíndonos ás mulleres como debemos ser, como debemos comportarnos, como debemos vivir, nin con soflamas nin con pancartas, senón con medidas que si nos permitan poder conciliar a nosa vida familiar e persoal coa nosa vida profesional.

Non ter recoñecido o erro que supuxo estalei, non ten traballado para darlle unha solución legal e o máis axiña posible e seguir o lugar diso arremetendo contra todos

os que cuestionan esta lei desacredita á señora Montero e deixa claro que o cargo que ocupa lle queda demasiado grande.

Supoño que Pedro Sánchez non quere cesala para evitar unha ruptura do goberno, porque pensará que canto peor o fagan os de Podemos pois máis beneficiado sairá el.

Pero o que queda claro é que este goberno en materia de Igualdade pasará á historia pola incapacidade e incompetencia dunha ministra e das súas acólitas, se antes non se fai nada para remedialo.

Hoxe xa non tería que ser necesario pedir a dimisión, senón que a señora Montero, por un mínimo de decencia xa tiña que ter deixado o seu posto por propia iniciativa. Xeralmente quere ser unha verdadeira representante pública ao servizo da cidadanía.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Grazas, quenda agora para o grupo do BNG. Tres minutos.

- **TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN:** Moi bo día. A Lei de Liberdade Sexual é un enorme avance en materia de dereitos, apoio e protección integral das mulleres vítimas da violencia sexual e recoñece por primeira vez a violencia sexual como forma de violencia machista e axusta á lexislación española as recomendacións internacionais, especialmente ao convenio de Istambul do 2011, suscrito polo Estado español en 2014.

Ademais, sitúa no centro o consentimento e non como acontecía antes no grao de resistencia ofrecido polas vítimas para determinar a existencia ou non dun delito de violación.

Lembremos que dous tribunais absolveron deste delito de agresión sexual á Manada por considerar que non existira violencia e intimidación ao non ofrecer resistencia á muller.

O Tribunal Supremo emendou estas sentenzas e condenounos finalmente por un delito de agresión sexual.

O movemento feminista pelexou, pelexamos moito, por conseguir estes avances e non imos permitir que ninguén cuestione os nosos dereitos e moito menos cuestionar unha lei que recoñece máis dereitos e garantías ás vítimas de violencia sexual.

A revisións de condenas que se producen en aplicación do Código Penal non está só a ser favorables aos agresores condenados. Tamén hai, aínda que o Partido Popular e a dereita o oculte intencionadamente, sentenzas que manteñen penas e advirten que a lexislación actual condenaría a penas máis duras se puidese aplicarse con carácter retroactivo, que non se pode.

En todo caso, se existe algún erro que poida ser corrixido agora, debe ser analizado e corrixido, mais non invalida o conxunto da lei, que é necesaria e, en todo caso, chega tarde para moitas mulleres vítimas de agresións sexuais.

Hai que lembrar tamén que o Partido Popular nas súas emendas non emendou a lei para corrixir nada diso que agora denuncia, e mesmo di que advertiu, máis, ao contrario, emendou para manter o Código Penal como estaba antes. Un Código

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8554978884183442785.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-3-2023

Penal que obrigaba ás mulleres a demostrar resistencia suficiente contra os seus violadores para que fosen condenados por violación. Volvemos ao caso da Manada.

E aínda máis, cando o Partido Popular gobernaba, momento no que se coñeceu a sentenza da Manada, e comezaron as masivas manifestacións feministas, esixindo mudanzas legais, o único que fixo foi crear un estudo no que non había nin unha soa muller xurista.

Non sei se lembran daquela foto famosa. As mulleres si.

O Partido Popular só pretende con isto buscar ruído, facer ruído, utilizar a violencia sexual e, sobre todo, ás vítimas de violencias sexuais como arma electoralista e partidista. Do contrario...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para a portavoz do Partido Socialista.

- **SILVIA ALONSO PÉREZ:** Bos días a todos e todas. Vou directamente ao escrito da proposta.

No que se refire ao parágrafo inicial, no que se basea esta proposición do Partido Popular e co que intentan xustificala, apreciamos nós, ante todo, que o procedemento non é operativo como instrumento construtivo de cambio.

O Partido Popular presenta sistematicamente mocións e propostas en parlamentos autonómicos e en Concellos que, como sabemos, non posúen competencias en asuntos penais.

Entendemos que este foro non é a canle axeitada para a discusión sobre a lexislación e lamentaríamos moito que a súa intención fose utilizar o espazo que é o pleno municipal para crear crispación e buscar antagonismos encarnizados nun asunto que require de todo o contrario: consenso e boa fe por riba de diferenzas ideolóxicas para atallar da forma máis eficaz posible o drama que está a supoñer a violencia de xénero neste país.

No relativo ao punto primeiro da súa proposición, refírense á necesidade de revisión urxente da Lei orgánica de outubro de 2022.

No momento en que presentaron a este pleno a súa consideración por vía de urxencia, no pleno anterior, a lei xa estaba en proceso de revisión. E, de feito, o 8 de marzo do 2023 o PSOE, o Partido Socialista, saca adiante a reforma da lei do 'solo sí es sí', co apoio do seu partido, do Partido Popular, do que eu persoalmente me alegrei e me alegro moito.

É unha verdade que nós non negaremos a insatisfacción que produciron as consecuencias da aplicación da lei na súa formulación orixinaria no relativo ás rebaixas das condenas.

Era de xustiza coas vítimas intentar reparar o antes posible, pero tamén dentro do que o noso sistema penal permite, este efecto paragóxico e non desexado, que causou dor e indignación entre as vítimas e solidariamente en toda a sociedade.

A reforma da lei, por outra parte, fíxose sen tocar o que consideramos o seu cerne, o consentimento como base para garantir a liberdade sexual das mulleres, desde un punto de vista integral.

Non concordamos coas protestas no seu momento da secretaria de Estado de Igualdad y Contra la Violencia de Género, porque non nos preocupa, e cito literalmente o que ela dixo, a foto dos nosos socios, referíndose ao PSOE, votando "con la derecha en una ley feminista". Oxalá ocorra máis veces.

Que o feminismo fose sempre entendido como debe ser, como unha loita pola liberdade e a igualdade de homes e mulleres. Cuestión humanística e xeral, ao fin ao cabo, e non de reivindicación de colectivos específicos.

Porén, queremos que a nosa discrepancia coa posición da Secretaria de Estado e coseu grupo político non debe ser resolta con destitucións, nin moito menos cun boicot institucional como que propoñen no seu grupo.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois iniciamos entón a segunda quenda de intervencións, coa quenda do Partido Popular.

- **MARÍA CARMEN LÓPEZ SILVA:** Señora Ferreiro, "bukakke para todas esas piradas que nos pintan a todos los hombres como maltratadores en potencia". El tratamos a todas las mujeres de zorras: eso lo ha dicho Pablo Jasel, que ustedes se han manifestado a favor de ellos, y que usted ha contratado para las fiestas de San Froilán.

No nos venga dando lecciones a este grupo municipal del Partido Popular sobre feminismo, igualdad, cuando ustedes hay apoyado este tipo de conductas.

...Es así. Y también les digo que por la dignidad y por los derechos de las víctimas, este grupo municipal del Partido Popular considera que la gravedad de los hechos y la alarma social generada por la irresponsabilidad de luchas internas partidistas, como las que estamos presenciando en este puzzle que tenemos como Gobierno de España, la inacción del Ministerio de Igualdad, más preocupado en su guerrilla con el Ministerio de Justicia que en las víctimas y en las mujeres, es necesario una respuesta clara y urgente.

Y no nos olvidemos tampoco del gran número de pederastas que se incluyen en los más de 800 agresores sexuales que se han beneficiado de esa ley.

Y ahora toman a consideración una rectificación a regañadientes y con las madres de la iniciativa, Irene Montero y su equipo, enseñando músculo a Pedro Sánchez, advirtiéndole "no te atrevas", mientras la población atónita y preguntándose cómo es posible que el gobierno tenga que negociar consigo mismo la corrección de un proyecto de ley y se muestre incapaz de poner de acuerdo a sus propios ministros. Esta situación es gravísima e inaceptable. La ley del 'solo sí es sí' se ha demostrado ineficaz en lograr sus objetivos de protección a las mujeres. Gracias.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois quenda agora para a portavoz de Ciudadanos.

- **MARÍA OLGA LOUZADO ALDARIZ:** Nós compartimos que o espírito desta norma era bo, era necesario, pero tiña erros. E tiña esa disposición transitoria que é necesario corrixir. E nós así o recoñecemos, porque as consecuencias foron nefastas.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8554978884183442785.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-3-2023

E iso creo que ninguén de nós pode obvialo, e por iso é necesario cambiar ese punto.

Nós non pedimos aquí a dimisión da señora Montero por esta lei. Este é un dos motivos, moi importante, pero é que nós non podemos compartir, eu tampouco como muller, a política do Ministerio de Igualdade: unha política que se está a basear no puro e duro enfrontamento e sobre todo, entre as mulleres.

E, señora Ferreiro, vostede que coma min temos moi claro que ao cambio do feminismo non se chega enfrontándonos senón seguindo o camiño xuntos, homes e mulleres, porque somos necesarios e imprescindibles, non me poderá dicir que comparte as políticas da señora Montero, que nos di como temos que vestir, como temos que vivir, como temos que relacionarnos sexualmente cos homes ou coas mulleres.

Eu son unha persoa totalmente libre para poder decidir como, cando e con quen quero vivir e non necesito que unha ministra me veña a dicir como o teño que facer. Se esa é a Igualdade que algúns defenden, pois que lle quere que diga, síntome moi lonxe dese feminismo e dese papel como muller.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois quenda agora para a portavoz do BNG.

- **TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN:** Señora Louzao, iso tenllo que dicir á ministra, non a min. Eu dende logo que..., eu non estou apoiando nada. Estou dicindo como ocorreron as cousas e como está esa lexislación. Nada máis. Estou dicindo e desmontando o circo que monta o Partido Popular con estas cousas cando xa están fóra de lugar, porque esa lei xa se está reformando e xa se está a punto de reformar, e non ten ningún sentido.

Eu digo que o cinismo e a hipocrísia do Partido Popular, empezando cando o señor delegado do Goberno, aquí agora concelleiro me dixo a min á cara que os violadores, un acusado de violación, había que chamar á familia para que viñesen á comisaría. Non podían ir a buscalo á Garda Civil, porque podía influír no rendemento do negocio que tiña a familia.

Si, señor Carballo, iso díxome vostede a min. Pero é igual... É igual. Normal que esquecera, porque semellante parvada. Non. Está recollido na prensa, cando tivemos aquela reunión.

Ben, sigo co que eu quero trasladar aquí. O movemento feminista galego, tamén o BNG, levamos moitos anos reclamando melloras legais para garantir o dereito das mulleres a vivir libres de violencia, de toda forma de violencia, tamén da sexual.

E imos seguir defendendo avances e, sobre todo, pedindo recursos públicos para garantir eses dereito, como así levamos pedindo que se destine un 1% do orzamento na Xunta de Galicia, que o PP votou en contra, como...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Finalizou o seu tempo. E quenda agora para a portavoz do Partido Socialista.

- **SILVIA ALONSO PÉREZ:** Grazas, alcaldesa. Retomo onde o deixei, dicindo que a petición de dimisións non é o noso xeito de facer, non o entendemos así, política útil.

E nós non debemos permitir estes mecanismos de confrontación e desgaste das institucións, cando tratamos cun problema tan grave e dolorosamente persistente como é o ataque á liberdade das mulleres.

Nin sequera cando a Xunta de Galicia lanza, polo día da eliminación da Violencia de Xénero, unha desafortunadísima campaña, que desvía o foco, diluíndo a reprobación da actuación do agresor e desprazando patentemente a responsabilidade ás vítimas, e isto si que é gravísimo, nin sequera entón pedimos aquí a dimisión da conselleira e da Secretaría Xeral de Igualdade.

Tampouco o fixemos cando a Xunta financiou unha campaña comercial de xoiaría, que caía nos estereotipos machistas, polo San Valentín foi, máis burdos.

Dende o Foro de Igualdade do Concello de Lugo, si pedimos a rectificación dos erros e a atención para que non se desvirtuasen as mensaxes nas accións de sensibilización.

E aquí si que tanto os gobernos municipais como a administración autonómica teñen competencias e obrigas.

Nada máis que engadir.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Última quenda para o grupo proponente. Trinta segundos.

- **MARÍA CARMEN LÓPEZ SILVA:** Señoras Ferreiro y Alonso, aquel que necesita atacar al otro para poder ser visto es que ni merece ser visto ni tiene nada que ofrecer para que le vean, porque lo suyo es atacar a la Xunta pase lo que pase.

Pero, mire, una vez más, por lo que veo, pasan el rodillo y pueden más sus intereses partidistas que las mujeres de Lugo, la igualdad y la lucha contra la violencia de género.

Es una pena que no aprovechen y tengan un poco de empatía con estas estas mujeres que ven que sus agresores sexuales están hoy en las calles, y esos niños cuyos pederastas tenemos también hoy en la calle. Gracias.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** É unha realidade que esta norma tiña lagoas e, precisamente por ese motivo é polo que se está a modificar e se está a traballar nos órganos competentes e por iso lle dicíamos xa no pasado mes que non cumpría agora este debate, porque se está a elaborar ese proceso, onde lle compete.

O que é unha pena que en temas tan delicados, como é a violencia de xénero, e tan importantes como é a igualdade para conseguir unha sociedade xusta e equitativa, se siga facendo tanta demagogia por parte do Partido Popular.

Imos proceder a votar esta proposta do Partido Popular.

13/42 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR,
NÚMERO 83/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTALARLE AO

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8554978884183442785.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-3-2023

GOBERNO DE ESPAÑA O CORREDOR ATLÁNTICO DE MERCADORÍAS COMO INFRAESTRUTURA PRIORITARIA (Exp. 2023/G004/000227).

Vista a devandita proposición que é do seguinte teor:

“As Comunidades do noroeste peninsular -Galicia, Asturias, Castela e León, Cantabria e Euskadi- unen forzas para reivindicar conxuntamente como infraestrutura prioritaria o corredor atlántico noroeste de mercadorías. Trátase de impulsar o conxunto de liñas ferroviarias chamadas a conectar os principais portos atlánticos e outros nodos estratégicos desta área coas rexións do interior de España, Portugal e, sobre todo, co resto de Europa.

A día de hoxe o transporte de mercadorías por ferrocarril non chega ao 4%, a cuarta parte da media europea, que move case o 17% do total das súas mercadorías por este medio. A execución dos investimentos necesarios no noroeste peninsular permitiría triplicar o transporte de mercadorías por ferrocarril a partir do ano 2040, pasando deste xeito a mover mais de vinte millóns de toneladas, unha cifra estimada moi superior a dos 7 millóns actuais.

A alianza das comunidades do noroeste xa acadou o primeiro resultado práctico coa constitución o pasado 27 de xaneiro, por parte do Goberno de España, do Comisionado para o Corredor Atlántico coincidindo coa celebración en Santiago de Compostela do Encontro do Corredor Noroeste, no que participaron os presidentes de Galicia, Asturias e Castela e León. Con todo, este comisionado non se activou ata mes e medio despois, e con cinco anos de retraso con respecto ao Comisionado do Corredor Mediterráneo, que acada un nivel de desenvolvemento moi superior.

Cómpre agora traballar no deseño e impulso definitivo do Plan Director para o desenvolvemento desta infraestrutura chamada a transformar a nosa rede ferroviaria de mercadorías e que, de cumprirse os prazos, debера presentarse o vindeiro mes de outubro. Con todo, as primeiras informacións que se coñecen sobre os plans que manexa o Goberno de España son decepcionantes, tanto pola pouca ambición que contén, como polas ausencias flagrantes e polo insuficiente investimento que se baralla. Unha proba desto é que a cidade de Lugo queda excluída, novamente, deste corredor ferroviario, se ben o convenio firmado nos pasados días para a estación intermodal deberían supoñer un revulsivo para que a nosa cidade entre a formar parte da rede de comunicacións estatais e, especialmente, da ferroviaria. O Goberno de España non pode seguir a castigar a nosa cidade deixándoa ao marxe das comunicacións terrestres.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular, que subscribe esta proposición, considera de interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal acorde instar ao Goberno de España para que:

1. Convoque de xeito urgente unha xuntanza co Comisario do Corredor Atlántico e as comunidades de Galicia, Asturias e Castela e León, para tratar as necesidades específicas do corredor atlántico noroeste.

2. Incorpore no Plan Director o investimento de 8.000 millóns de euros adicionais co obxecto de financiar as actuacións que Galicia, Asturias e Castela e León teñen identificadas como prioritarias.
3. Solicite a inclusión na rede transeuropea ferroviaria de mercadorías (TEN-T) o denominado trazado norte: liña Ferrol-A Coruña-Betanzos-Lugo-Monforte-León, coa correspondente dotación orzamentaria que permita a súa completa electrificación.
4. Garanta condicións de igualdade -de oportunidades, investimentos e de avances- entre o corredor atlántico de mercadorías e o corredor mediterráneo.”

Visto, así mesmo, que a Comisión Especial de Contas e Ordinaria de Alcaldía e Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, celebrada o día 24 de marzo de 2023, ditaminou favorablemente a súa elevación á vindeira sesión plenaria.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 17 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Bloque Nacionalista Galego e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 8 do Grupo Municipal do Partido Socialista de Galicia-PSOE.
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta,
ACORDA:

INSTAR ao Goberno de España para que:

1. Convoque de xeito urxente unha xuntanza co Comisario do Corredor Atlántico e as comunidades de Galicia, Asturias e Castela e León, para tratar as necesidades específicas do corredor atlántico noroeste.
2. Incorpore no Plan Director o investimento de 8.000 millóns de euros adicionais co obxecto de financiar as actuacións que Galicia, Asturias e Castela e León teñen identificadas como prioritarias.
3. Solicite a inclusión na rede transeuropea ferroviaria de mercadorías (TEN-T) o denominado trazado norte: liña Ferrol-A Coruña-Betanzos-Lugo-Monforte-León, coa correspondente dotación orzamentaria que permita a súa completa electrificación.
4. Garanta condicións de igualdade -de oportunidades, investimentos e de

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8554978884183442785.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-3-2023

avances- entre o corredor atlántico de mercadorías e o corredor mediterráneo.

DELIBERACIÓN

Asunto debatido conxuntamente cos puntos 9/98 e 14/43. As intervencións producidas figuran ao pé do acordo 9/98.

14/43 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 84/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INCLUÍR A LUGO NO CORREDOR FERROVIARIO ATLÁNTICO (Exp. 2023/G004/000228).

Vista a antedita proposición cuxo teor é o seguinte:

“Exposición de motivos:

O Corredor Atlántico é unha infraestrutura multimodal para dar servizo a pasaxeiros e a mercadorías que conecta os portos do atlántico do interior de España e o resto de Europa. É un dos nove corredores que compoñen a rede transeuropea de Transportes, incluído parte do mesmo nesta rede no ano 2003, e ten como función prioritaria conectar os 27 países da Unión Europea, a partir dos principais nodos urbanos, portos, aeroportos e nodos intermodais. Está composto polos diferentes modos de transporte: estrada, ferrocarril, portuario, aéreo fluvial e multimodal; en concreto, conta con 1.533 quilómetros de alta velocidade ferroviaria, que se une aos 3.880 quilómetros de rede convencional e a 2.644 quilómetros de estradas. Ao seu paso por España, o Corredor Atlántico comprende 11 Comunidades Autónomas, incluíndo Canarias. O tramo principal que percorre é Madrid-Irún a través das liñas de alta velocidade Madrid-Valladolid, Valladolid-León, Venta de Baños-Burgos-Miranda de Ebro e a coñecida como Y vasca. De aí, saen os ramais para pasaxeiros e mercadorías que conectan con outros puntos do norte de España e Portugal, incluíndo tamén a Francia, Alemania e Irlanda.

Este corredor inclúe un eixe en Galicia: para pasaxeiros e mercadorías entre A Coruña e Santiago de Compostela, e de mercancías ata Vigo. A conexión entre este eixe e o principal realízase a través da liña de alta velocidade Olmedo-Zamora-Galicia para viaxeros e desde León para mercancías. Entra na comunidade desde León e Ponferrada por Monforte de Lemos. Desde aquí, vai a Ourense e Santiago de Compostela e enlaza desde A Coruña a Vigo. Así, os principais portos e aeroportos galegos quedan conectados.

Neste ano 2023, Europa apertura un período para que os países membros soliciten a inclusión nos corredores de novos trazados, sexan novos ou existentes, que consideren prioritarios para o desenvolvemento dos seus territorios. Se a

Comisión considera que eses trazados poden ser estratéxicos para a rede transeuropea de transportes incluíraos, o que implica tamén ter prioridade á hora de asignar partidas económicas para a mellora das súas infraestruturas. Para esta inclusión hai que cumprir unha serie de requisitos técnicos, como que as vías ferroviarias permitan a circulación de trens de 750 metros de lonxitude e tamén uns promedios de velocidade. Así, a Unión Europea pode cofinanciar ata o 50% das actuacións, para o cal os países teñen que presentar os proxectos para poder optar a esas axudas.

En setembro de 2022, o goberno central comprometeuse coa alcaldesa Lara Méndez a que a cidade de Lugo estaría incluída no corredor de mercancías Ferrol-A Coruña-Betanzos-Lugo-Monforte de Lemos, para que a nosa cidade non quede de novo illada ante futuros proxectos estratéxicos. Así, confirmou que estaban a traballar para que Lugo fora unha das liñas que se incluíse nos corredores ferroviarios europeos, sendo Europa a que ten que decidir se se inclúe esa proposta ou non.

Sen embargo, a principios deste mes de marzo, o Goberno central presentou os seus plan para impulsar o corredor ferroviario atlántico de mercadorías e todo parece indicar que Lugo pode quedar fóra do mesmo, o que se debe a que cando se aprobou ese trazado fai anos, xa non se contemplaba. Pero, o goberno pode solicitar aínda durante este ano a inclusión no chamado trazado norte. No documento presentado en marzo polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana explícase que se investirán 16.000 millóns de euros nesta infraestructura nos vindeiros anos, integrando ás Comunidades de Cantabria e La Rioja. A primeira estaría conectada directamente con Galicia e así se completaría o trazado que une todo o norte de España. Polo momento, os compromisos adquiridos polo goberno con Lugo non se concretaron, salvo, segundo confirmou o secretario de Estado de Transportes na súa última visita a Lugo, que se traballará para que Lugo estea no corredor atlántico. Por parte do Ministerio tamén se indicou que en outubro de 2023 se contará co necesario plan director para ampliar a rede e melloras dos servizos ferroviario, impulsando as mercadorías como un eixe fundamental.

É un agravio comparativo que, ano tras ano, os distintos gobernos centrais destinasen partidas de miles de millóns de euros ao corredor mediterráneo e, sen embargo, se siga pospoñendo o inicio dunha verdadeira vertebración do Noroeste peninsular, para non perder competitividade. Desde 2018, o Corredor Mediterráneo dispón dun Comisionado, que ten como misión o seu desenvolvemento, mentres que para o Atlántico nomeouse o 27 de xaneiro de 2023, que ten como misión o seguimento e actualización do plan director do Corredor Atlántico, coa finalidade de axilizar o despregue da infraestructura e os seus servizos para potenciar o transporte de mercadorías por tren en España e as conexións con Europa. Non existe razón obxectiva que explique esta priorización dun sobre outro, polo que o Corredor Atlántico ferroviario debe dotarse, como mínimo, dos mesmos recursos financeiros.

Esta posibilidade é unha oportunidade importantísima para Lugo, e tamén para Galicia, non só pola incorporación da rede ferroviaria galega no trazado dos corredores europeos, senón para poder contar con financiamento comunitaria

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8554978884183442785.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-3-2023

imprescindible para melloras as liñas e garantir a súa competitividade. E Lugo precisa mellores conexións coas cidades galegas e tamén co resto de España, para os viaxeiros, pero tamén para as mercadorías, para incentivar novas opcións de desenvolvemento económico e favorecer a cohesión territorial e social e non quedarse, unha vez máis, ao marxe destas iniciativas en transporte ferroviario. Hai motivos máis que suficientes e perfectamente defendibles para esixir que Lugo entre a formar parte do proxecto final que presente o Goberno Central.

Ademais, existe un amplo consenso por parte dos sectores económicos da importancia da inclusión de Lugo dentro deste corredor. De aí, que ante a incerteza que xeran os plans do goberno, faise imprescindible amosar de xeito unido e unánime a necesidade de vertebrar e impulsar Lugo como parte do mesmo, para que se poida dotar dunhas infraestruturas e vías de comunicación que, sen dúbida, contribuirán ao seu desenvolvemento socio-económico de cara ao futuro, dado que o noso tecido empresarial merece poder competir en igualdade de condicións e merece que desde esta administración local se esixa as administracións competentes que Lugo conte no proxecto do corredor atlántico ferroviario.

Tralo exposto anteriormente, o grupo municipal de Ciudadanos Lugo considera de interese municipal que o pleno da corporación acorde:

1. Instar ao Goberno de España e, en especial, o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana que inclúa a Lugo no proxecto de novos trazados do corredor Atlántico, para evitar o seu illamento na zona noroeste e poida competir en igualdade de condicións para acadar mellores infraestruturas ferroviarias que contribuirán, sen dúbida, a maiores oportunidades de desenvolvemento económico tan necesarias para Lugo e a súa provincia.”

Visto, así mesmo, que a Comisión Especial de Contas e Ordinaria de Alcaldía e Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, celebrada o 24 de marzo de 2023, ditaminou favorablemente a súa elevación á vindeira sesión plenaria.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- | | | |
|---------------------------|----|--|
| - Votos a favor: | 25 | dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE, do Bloque Nacionalista Galego e de Ciudadanos Lugo. |
| - Votos en contra: | 0 | |
| - Abstencións: | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,
ACORDA:

Instar ao Goberno de España e, en especial, ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana que inclúa a Lugo no proxecto de novos trazados do

corredor Atlántico, para evitar o seu illamento na zona noroeste e poida competir en igualdade de condicións para acadar mellores infraestruturas ferroviarias que contribuirán, sen dúbida, a maiores oportunidades de desenvolvemento económico tan necesarias para Lugo e a súa provincia.

DELIBERACIÓN

Asunto debatido conxuntamente cos puntos 9/98 e 13/42. As intervencións producidas figuran ao pé do acordo 9/98.

15/44 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 85/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA IMPULSAR UN PLAN DE ACTUACIÓN ESPECÍFICO PARA O BARRIO DA MILAGROSA (Exp. 2023/G004/000229).

Vista a citada proposición cuxo teor é o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En setembro de 2020, y febreiro de 2022 el pleno del Concello de Lugo rechazó aprobar sendas proposiciones de este grupo para tratar de luchar contra los problemas de convivencia que causan en Lugo la ocupación ilegal de viviendas y otros comportamientos que podemos calificar, como poco, de incívicos. En debate de aquellas proposiciones, algunos miembros del Gobierno Municipal, calificaron a este grupo de alarmistas, sin embargo, pasado el tiempo no solo se constatado aquello que denunciábamos, sino que la situación ha ido a peor, lo que ha obligado a decenas de vecinos a organizarse socialmente para exigir la implicación de las instituciones, por todas el Ayuntamiento de Lugo, que durante mucho tiempo han dejado que este barrio emblemático se haya ido degradando.

